

MEMORIA

de actividades

2025



agaca

MEMORIA

de actividades

2025

O Consello Reitor da Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias, AGACA, agradece ao persoal de AGACA, ás cooperativas e entidades socias da Unión, a Cooperativas Agro-alimentarias de España, á Consellería de Emprego, Comercio e Emigración, á Consellería do Medio Rural, ao Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, ao Consello Galego de Cooperativas, ao Fondo Social Europeo (FSE), ao Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader), ao FEDER-Interreg Pochep, a Erasmus+, a EFESO/CEPES, ao Instituto das Mulleres IMIO, e á Caixa Rural Galega a colaboración recibida, sen a cal sería imposible desenvolver as actividades que se mencionan nesta Memoria 2025.

The logo for AGACA, featuring the letters 'agaca' in a lowercase, rounded, sans-serif font. The 'a' at the end is stylized with a small loop.

Índice

SAÚDA DA PRESIDENTA

5

SAÚDA DO DIRECTOR XERENTE

6

SAÚDA DO ADXUNTO Á PRESIDENCIA E AO CONSELLO REITOR

7

01

AGACA, ENTIDADE REPRESENTATIVA

8

REPRESENTACIÓN PROFESIONAL 10

COMUNICACIÓN ESPECIALIZADA 10

CONSULTORÍA 11

CALIDADE 11

FORMACIÓN 11

ESTUDOS SOCIOECONÓMICOS E
PROXECTOS COMUNITARIOS 11

INNOVACIÓN,
COMERCIALIZACIÓN E
INTERNACIONALIZACIÓN 11

SEGUROS 11

02

ESTRUTURA ORGANIZATIVA

12

ASEMBLEA XERAL 14

CONSELLO REITOR 14

EQUIPO TÉCNICO 15

LOCAIS E MEDIOS 17

03

EXERCICIO DE REPRESENTACIÓN **18**

EN ORGANISMOS	21
CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS (COGACO)	22
PROPOSTAS A UNHA NOVA LEI DE COOPERATIVAS DE GALICIA	23
CONSELLO DA ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA	24
FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA (FOROESGAL)	24
REUNIÓNS DOS ÓRGANOS SOCIAIS DE AGACA	25
COOPERATIVAS AGRO-ALIMENTARIAS DE ESPAÑA	26
ASOCIACIÓN GALEGA DE MULLERES DE COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS, NÓS, AS MULLERES	27

04

REPRESENTACIÓN E ACTIVIDADES SECTORIAIS **28**

SECTOR DE LEITE - DERIVADOS LÁCTEOS	34
GANDERÍA INTENSIVA: AVES, OVOS, PORCINO E COELLOS	43
SECTOR DE VIÑO-INTERIOR E VIÑO-COSTA	50
SECTOR DE VACÚN DE CARNE, OVINO E CAPRINO	57
SECTOR DE HORTALIZAS, FLORES, APICULTURA E OUTROS	64
SECTOR DE ABASTECIMENTOS E SERVIZOS	72

05

SERVIZOS E ACTIVIDADES TRANSVERSAIS **86**

PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL	88
ASESORÍA XERAL	89
CALIDADE E SEGURIDADE ALIMENTARIA	93
COMUNICACIÓN E DIVULGACIÓN COOPERATIVA	96
CORRETORÍA DE SEGUROS	99

06

PROXECTOS E PROGRAMAS **100**

FORMATIVOS	102
AUTONÓMICOS	105
ESTATAIS	113
INTERNACIONAIS	121

SAÚDAS



SAÚDA DA PRESIDENTA

CARMEN
RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ



Un ano máis, esta Memoria dános a oportunidade de facer balance, pero tamén de tomar conciencia do camiño compartido. Porque detrás de cada dato, de cada actividade e de cada proxecto que aquí se recolle, están as persoas: as que traballan nas explotacións, nas cooperativas e no territorio, sostendo con esforzo e compromiso un modelo que forma parte da nosa identidade.

AGACA chega a 2025 consolidada como a voz do cooperativismo agroalimentario galego, representando a 97 cooperativas que agrupan máis de 38 000 persoas socias e xeran preto de 6000 empregos directos. Son cifras importantes, pero o máis relevante é o que representan: arraigo, actividade económica e vida no medio rural.

O ano non foi doado. A revisión da PAC, a presión normativa, a incerteza dos mercados, as enfermidades animais ou os incendios do verán puxeron a proba, unha vez máis, a capacidade de resistencia do sector. E, unha vez máis tamén, as cooperativas responderon con responsabilidade, adaptación e compromiso. Esa é, ao meu ver, unha das grandes fortalezas do noso modelo.

Desde AGACA tratamos de estar á altura desa realidade. Mantivemos unha intensa actividade de representación, participando nos principais espazos de interlocución e trasladando ás administracións as necesidades reais das cooperativas. O traballo arredor da futura Lei de Cooperativas de Galicia é un bo exemplo dese compromiso: escoitar, analizar e propoñer para construír unha norma útil, que sirva de verdade ás nosas entidades.

A Memoria reflicte tamén un sector que avanza, pero que afronta retos importantes. A mellora dos prezos en producións clave convive coa preocupación pola perda de explotacións, especialmente no sector lácteo. Galicia segue a ser un referente, pero precisamos cooperativas cada vez máis fortes, con capacidade para valorizar mellor o que producimos e garantir un futuro viable para as próximas xeracións.

➤ Detrás de cada cifra desta Memoria hai **esforzo, compromiso e persoas** que sosteñen, día a día, a vida no noso medio rural.

Hai outro aspecto que me gustaría destacar: o acompañamento directo ás cooperativas. Máis alá das cifras —consultas atendidas, impostos tramitados, explotacións asesoradas— está a confianza. A confianza das entidades que acoden a AGACA buscando apoio, solucións e seguridade nun contexto cada vez máis complexo.

Tamén avanzamos en ámbitos que son clave para o futuro: a formación, a innovación, a calidade ou a sustentabilidade. As máis de 2200 horas formativas, o traballo con explotacións en benestar animal ou pegada de carbono, ou o desenvolvemento de proxectos como BLOOD4GOODS, CLIMALACT, OLIGALICIA, SECUESVAC, LAKTIS, ES-FACTORY ou BRIDGE4FUTURE amosan que o cooperativismo non só resiste, senón que se prepara para o que vén.

Persoalmente, síntome orgullosa de formar parte deste proxecto colectivo. Orgullosa das persoas que integran as cooperativas, dos equipos profesionais, do Consello Reitor e do equipo técnico de AGACA. Porque son elas quen fan posible que todo isto avance, día a día, moitas veces con esforzo silencioso.

Vivimos tempos de cambio, pero tamén de oportunidade. O cooperativismo ten moito que dicir e moito que achegar. Desde AGACA seguiremos traballando con responsabilidade e compromiso, pero tamén coa ilusión de quen cre no que fai.

GRAZAS A TODAS E A TODOS POR FORMAR PARTE DESTE CAMIÑO.

SEGUIMOS AVANZANDO XUNTAS E XUNTOS.

SAÚDA DO DIRECTOR XERENTE

CARLOS ARES FERNÁNDEZ



A finais deste ano 2025 asumín a xerencia de AGACA cunha mestura de responsabilidade, respecto e tamén emoción. Despois de case trinta anos formando parte desta entidade, este paso supón para min algo máis que un cambio profesional: é a continuidade dun compromiso persoal coas cooperativas, co equipo e co propio sector.

Ao longo destes anos tiven a oportunidade de coñecer de preto a realidade das cooperativas agroalimentarias galegas. Sei ben do esforzo que hai detrás de cada explotación, de cada decisión e de cada proxecto. Por iso, cando un le esta Memoria de 2025, non ve só cifras ou actividades: ve persoas, historias e un traballo constante que sostén o noso medio rural.

O ano que deixamos atrás volveu ser esixente. Houbo avances e tamén dificultades, como vén sendo habitual nun sector tan condicionado polos mercados, pola normativa ou polas circunstancias externas. Pero se algo caracteriza ao cooperativismo é a súa capacidade de adaptarse, de resistir e de seguir adiante, sempre cunha visión colectiva.

➤ Desde AGACA tratamos de estar á altura desa realidade, **acompañando ás cooperativas no seu día a día, escoitando as súas necesidades e intentando dar respostas útiles** nun contexto cada vez máis complexo. Ese seguirá sendo, sen dúbida, o noso camiño.

Nesta nova etapa, gustaríame reforzar esa proximidade. Creo nunha AGACA cercana, que coñeza aínda mellor ás súas cooperativas e que sexa capaz de anticiparse aos retos que veñen: o relevo xeracional, a necesidade de gañar dimensión, a adaptación aos cambios tecnolóxicos e ambientais, ou a posta en valor do modelo cooperativo.

Teño claro que nada disto se pode facer en solitario. Contamos cun Consello Reitor implicado, un equipo técnico comprometido e, sobre todo, cunhas cooperativas que son o verdadeiro motor desta organización. A miña forma de traballar baséase na escoita, no diálogo e na colaboración, porque estou convencido de que os mellores resultados constrúense sempre en común.

Comezamos unha nova etapa marcada pola continuidade, pero tamén pola oportunidade de seguir avanzando. O cooperativismo ten un papel clave no desenvolvemento do rural galego, e desde AGACA traballaremos para reforzalo, adaptalo aos novos tempos e garantir a súa viabilidade a longo prazo.

GRAZAS POLA CONFIANZA E POR SEGUIR FORMANDO PARTE DESTE PROXECTO COMPARTIDO.

SAÚDA DO ADXUNTO Á PRESIDENCIA E AO CONSELLO REITOR

HIGINIO MOUGÁN BOUZÓN



2025, UN BO ANO AGROALIMENTARIO

No ámbito agrario temos por hábito queixarnos moito para que nos escoiten algo: para que a sociedade, as administracións e a gran distribución tomen conciencia da fragilidade económica e social do sector produtivo agrario en Galicia. Por iso, cando se obteñen resultados económicos razoablemente positivos na maioría dos sectores causa pudor admitilo a pesar de que a realidade pronto nos achega a contraanálise dura, para non esquecer dos enormes retos do sector agrario e cooperativo na nosa comunidade.

Si, os bos prezos na comercialización do leite e os custos con crecementos moderados posibilitaron un resultado económico positivo. Pero, pese aos resultados económicos, 300 explotacións lácteas pecharon en Galicia en 2025. Nunca, na nosa historia, tivemos uns prezos tan elevados para a carne de vacún como as logradas ao longo do ano.

As expectativas que deixamos ao pechar o exercicio non son as mellores: conflitos, acordos comerciais, escaseza de materias primas, aranceis, enfermidades, pragas, a Peste Porcina Africana, a Dermatose Nodular Contaxiosa, o acordo Mercosur, as consecuencia económicas derivadas, a falta de materias activas fitosanitarias etc. O 2025 tamén foi o ano do relevo en AGACA. Cara finais de ano, eu pechaba un etapa de 37 anos como coordinador do equipo técnico e executor das ordes do Consello Reitor ao servizo das cooperativas socias da entidade. Carlos Ares, que coñece moi ben as claves da organización e acompañado polo liderado da Presidenta e Consello Reitor, achegará diplomacia, man esquerda e empatía, sempre prestando máxima atención á eficiencia dos esforzos a realizar en beneficio de todas as entidades

➤ Afirmo e aseguro con rotundidade que **o futuro agrario e gandeiro galego estará sempre condicionado a cooperativas empresarialmente fortes no económico, capacitadas organizativamente e moi unidas socialmente.**

socias e dos agricultores e gandeiros que as conforman. Confío que o sentido común que sempre se manexa no cooperativismo axude a mellorar resultados e o impacto positivo da organización en todos e cada un dos sectores de AGACA. Dun xeito ou doutro, todos colaboraremos e estamos interesados en que así sexa.

Remato. Teño o corazón cheo de gratitude pola gran cantidade de experiencias, vivencias e aprendizaxes que recibín das cooperativas ao longo destes anos. Por iso, afirmo e aseguro con rotundidade que o futuro agrario e gandeiro galego estará sempre condicionado a cooperativas empresarialmente fortes no económico, capacitadas organizativamente e moi unidas socialmente.

Só as cooperativas poderán asegurar estabilidade para os seus socios e incluso actuarán como estabilizadoras dos mercados. No sector primario, se non hai estabilidade a medio e longo prazo, non hai alternativa, nin viabilidade, nin xeración de valor. Por iso son tan importantes as cooperativas agroalimentarias para Galicia. "O futuro agrario e gandeiro galego estará sempre condicionado a cooperativas empresarialmente fortes no económico, capacitadas organizativamente e moi unidas socialmente.

AGACA,

ENTIDADE

REPRESENTATIVA



01 ↙



AGACA, ENTIDADE REPRESENTATIVA

01 ↙



A Unión de Cooperativas Asociación Galega de Cooperativas Agrarias, AGACA, é a organización que representa o cooperativismo agroalimentario da Comunidade Autónoma de Galicia, tanto no ámbito económico, empresarial e social, como na súa dimensión humana e profesional integrando e defendendo os intereses das persoas socias.

Na faceta **institucional** destaca a súa presenza nos principais foros de representación do cooperativismo tanto no ámbito estatal como no internacional, ben de forma directa, ou a través da súa participación en organizacións como **Cooperativas Agro-alimentarias de España** e o **Comité Xeral Europeo de Cooperación Agraria – COGECA**. Esta participación permite fomentar o diálogo, a coordinación e a intercooperación entre sectores reforzando a posición do cooperativismo galego.

Entre as principais vantaxes de formar parte de AGACA atópase o apoio e **acompañamento continuo ás cooperativas ao longo da súa actividade empresarial**. Para iso, a Asociación está en continuo proceso de actualización, ofrecendo **servizos especializados orientados ás necesidades do cooperativismo agroalimentario galego**.



REPRESENTACIÓN PROFESIONAL

AGACA actúa como canle de transmisión das propostas das cooperativas socias, garantindo a súa presenza e defensa nos distintos espazos de decisión. Este labor susténtase en **37 anos de experiencia** así como nunha posición consolidada de recoñecemento institucional e prestixio social, que reforza a súa capacidade de representación.



COMUNICACIÓN ESPECIALIZADA

- **Informes** Sectoriais
- **Seguimento de novidades** legislativas e técnicas
- Organización de **Xornadas formativas**
- Edición de publicacións propias como a **revista Cooperación Galega**
- **Edición e difusión de notas de prensa** e **convocatorias informativas**
- Difusión de contidos a través da **revista, páxina web e redes sociais**
- Elaboración de **publicacións externas**
- **Coordinación, execución e seguimento** das accións de comunicación **dos proxectos**
- Servizo de **clipping** de medios



CALIDADE

- Guía de **Prácticas Correctas de Hixiene**
- Referencial de **Leite de Vaca Certificado de Cooperativa (RLVCC)**
- Certificación **Leite de pastoreo**
- Certificación **Benestar Animal**
- Análise de **Perigos e Puntos de Control Críticos (APPCC)**
- Rexistro Sanitario
- Diagnóstico e **control de calidade**
- Asesoramento para implantación de normas **GLOBALG.A.P. e BRC** (British Retail Consortium) e **IFS**



CONSULTORÍA

- Elaboración de **estudios de viabilidade económico-financeira**
- **Acompañamento integral** a iniciativas de emprendemento
- **Asesoramento contable, fiscal, laboral e xurídico** para cooperativas, explotacións agrarias, persoas autónomas e outras empresas
- Especialización na **constitución de cooperativas e SAT**
- Xestión e seguimento de **Ordes de axudas**



FORMACIÓN

- Oferta **formativa especializada**
- **Flexibilidade** horaria
- Programas para **todos os niveis formativos**
- **Aplicación inmediata** ao posto de traballo
- Formación **presencial, a distancia e en teleformación**



SEGUROS

- **Asesoramento personalizado**
- **Agroseguros**
- Seguros **profesionais e domésticos**
- **Responsabilidade Civil de directivos e Consellos Reitores**



ESTUDOS SOCIOECONÓMICOS E PROXECTOS COMUNITARIOS

- Informes **socioeconómicos**
- Análise da **realidade social**: muller, xuventude, terceira idade, emprego etc.
- **Análises e estatísticas**
- **Enquisas**
- **Investigacións de mercado**
- Participación en **proxectos de desenvolvemento europeos e comunitarios**



INNOVACIÓN, COMERCIALIZACIÓN E INTERNACIONALIZACIÓN

- **Acompañamento** a cooperativas en **proxectos de I+D+i**
- Participación en **proxectos de innovación**
- Asesoramento na **identificación e xestión de iniciativas empresariais**
- Desenvolvemento de **redes de colaboración**
- **Intercooperación e Internacionalización**: redes de contactos, misións inversas etc.
- Planificación estratéxica

ESTRUTURA

ORGANIZATIVA



02 ↙



ESTRUTURA ORGANIZATIVA



ASEMBLEA XERAL

A **Asemblea Xeral de AGACA**, integrada por unha persoa representante de cada cooperativa socia, constitúe o **órgano supremo de expresión da vontade social**.

O exercicio do voto é ponderado (de 1 a 5 votos por entidade) en función da súa relevancia socioeconómica.

Reúnese, como mínimo, unha vez ao ano para:

- Aprobar a xestión do exercicio anterior
- Definir e validar os plans de traballo do seguinte período



Na actualidade, **está composta por**

97 ENTIDADES SOCIAS

que teñen a obriga estatutaria de asistir ás Asembleas Xerais a través das súas representacións legais.

CONSELLO REITOR

O Consello Reitor da Unión, nomeado en 2025 pola **XXXVII Asemblea Xeral Ordinaria** por un período de catro anos, está constituído por sete **cooperativistas representantes dos principais sectores agrarios**.

Este órgano encárgase da dirección da Unión entre asembleas, garantindo a execución das liñas estratéxicas e o seguimento da actividade da entidade.



Os representantes das **Xuntas Sectoriais** determinadas nos Estatutos Sociais da Unión, elixidos na **XXXVII Asemblea Xeral Ordinaria de AGACA (xullo de 2025)**, son:

1. Xunta sectorial de **Abastecementos e Servizos**

- Ana María Freire Fernández
- Rafael Moure González (suplente)

2. Xunta sectorial de **Gandería Intensiva** (avicultura, porcino e coellos)

- José Luis Rey Rodríguez
- Natalio García Corral (suplente)

3. Xunta sectorial de **Vacún de Carne, Ovino, Caprino e outras carnes**

- Rafael Tejeda Vázquez
- David Buján Arias (suplente)

4. Xunta sectorial de **Froitas e Hortalizas**

- Alberto Amil Chaves
- María José Manivesa Picado (suplente)

5. Xunta sectorial de **Leite - Derivados Lácteos**

- Carmen Rodríguez Rodríguez
- Daniel Vázquez López (suplente)

6. Xunta sectorial de **Viño - Interior**

- Javier Iglesias Sendín
- Manuel Fernández Pérez (suplente)

7. Xunta sectorial de **Viño - Costa**

- Carlos Carrión Álvarez
- Dolores Calvo Méndez (suplente)

EQUIPO TÉCNICO

Dirección

Higinio Mougán Bouzón
(ata decembro de 2025)

Carlos Ares Fernández
(desde decembro de 2025)

Responsables da Dirección e da Xestión Económica
Executores das ordes do Consello Reitor

Formación

Loli Couso Costa

Responsable de Formación e dos subsectores de Horta, Flor e Viño

Coordinación de oficina (Santiago) e da Calidade Interna

Berta Pérez Santiago

Control e seguimento da actividade formativa

Asesoramiento

Eva Barreiro Pernas

Responsable do Asesoramento contable, laboral e fiscal a cooperativas en Lugo
Coordinación das oficinas de Lugo e Ourense

María Rodríguez Seijas

Diana Espiño Lamas

Cristina Fernández González

Asesoría laboral, fiscal e contabilidade a entidades en Lugo e Pontevedra


Maite Porto Rey

Asesoría laboral e contabilidade a entidades en Ourense e Pontevedra

Promoción cooperativa

Eva Beatriz Santos Fraga
(desde maio)

Responsable de Información Sectorial, Axudas e Asistencia Técnica



Estrutura temporal

A estrutura do persoal técnico, así como de bolseiros e bolseiras, está vinculada aos **proxectos, programas, servizos e actividades formativas de carácter temporal** desenvolvidas por AGACA.

Na categoría de conferenciantes en cursos, seminarios e xornadas **superáronse as 20 persoas expertas e colaboradoras**, que complementaron a estrutura técnica no desenvolvemento de **programas innovadores no ámbito do cooperativismo rural galego**.

LOCAIS E MEDIOS

AGACA dispón de infraestruturas propias e en réxime de aluguer que permiten o desenvolvemento da súa actividade:



➤ Oficina en Santiago (1992)

Situada na Rúa Tomiño nº 22-Soto

Superficie 350 m² en dúas plantas

Dotada de:

- Salas de reunións
- Postos de traballo
- Biblioteca
- Rede informática
- Medios audiovisuais
- Equipos de impresión e comunicación




➤ Oficina en Lugo (1993)

Situada na Rúa Poeta Noriega Varela,
30-entresollado

Superficie 120 m² ampliada en 2006 con
outro local de igual tamaño destinado a aula
de formación e apoio ao persoal de campo

Dotada de:

- Sala de reunións
- Postos de traballo
- Rede informática
- Equipos de impresión e comunicación



➤ Oficina en Ourense

Situada na Rúa Bedoia, 7-2º local 1

Superficie 60 m², en réxime de aluguer

Dotada de:

- Sala de reunións
- Postos de traballo
- Rede informática
- Equipos de impresión e comunicación

EXERCICIO

DE REPRESENTACIÓN



03 ↙



EXERCICIO DE REPRESENTACIÓN

03 ↙



O ano 2025 caracterizouse por unha intensa actividade de representación institucional, condicionada por diversos acontecementos e situacións que afectaron ao sector primario, como o **IX Congreso de Cooperativas Agro-alimentarias de España, o Ano Internacional das Cooperativas 2025**, a vaga de lumes do mes de agosto, a aparición de enfermidades animais (dermatose nodular contaxiosa, peste porcina africana) ou a implantación de aranceis por parte dos Estados Unidos.

Neste contexto, AGACA desenvolveu unha **ampla actividade de interlocución coas administracións e organismos competentes**, co obxectivo de trasladar as dificultades do sector e propoñer alternativas que contribúan a mitigar o seu impacto.

Ao longo do exercicio mantivéronse numerosos contactos institucionais, entre os que destacan:

- Reunións e entrevistas da presidencia de AGACA con membros do Goberno galego
- Xestións vinculadas á elaboración da nova Lei de Cooperativas de Galicia
- Seguimento e apoio ás cooperativas ante crises sanitarias e fitosanitarias
- Elaboración de informes e xestión de solicitudes de axuda en relación coa vaga de lumes de agosto de 2025
- Organización de xornadas en colaboración coa Rede Eusumo sobre oportunidades de negocio e estratexia sectorial
- Participación no proxecto Interreg POCTEP ES-Factory, orientado á creación de empresas de economía social
- Organización e participación no IX Congreso de Cooperativas Agro-alimentarias de España, incluíndo reunións con responsables ministeriais
- Participación da mocidade cooperativa en encontros institucionais
- Apoio á participación de Dolores Calvo en iniciativas vinculadas á igualdade (AMCAE, Grupo de Traballo de Igualdade e NAM)

- Reunións co Ministerio e coa Xunta no marco da negociación da PAC 2028–2032
- Impulso de proxectos Next Generation no sector lácteo
- Contactos con representantes agrarios do Parlamento de Galicia
- Seguimento da normativa vinculada ao Pacto Verde Europeo e proposta de modificacións
- Desenvolvemento de proxectos de ámbito europeo
- Impulso ao asesoramento ás explotacións gandeiras en colaboración coa Consellería do Medio Rural
- Organización de xornadas en colaboración coa asociación Nós, As Mulleres
- Seguimento da Lei de Calidade de Galicia

- Participación no Observatorio Lácteo
- Traslado da posición de AGACA sobre o PEPAC
- Renovación do equipo técnico, destacando a substitución na dirección e reforzo da oficina de Lugo

De maneira específica, coa **Consellería de Emprego, Comercio e Emigración** mantívose unha relación continuada centrada en:

- Propostas para a nova Lei de Cooperativas de Galicia
- Organización do Día do Cooperativismo Galego 2025 (Rábade)
- Celebración do Día da Economía Social de Galicia
- Desenvolvemento dos Premios ao Cooperativismo 2025

EN ORGANISMOS

O exercicio de **representación, difusión e defensa dos intereses do cooperativismo agroalimentario galego** constitúe a principal misión de AGACA.

Un dos seus piares é a participación en **Cooperativas Agro-alimentarias de España**, entidade representativa do conxunto do cooperativismo agroalimentario estatal, da que AGACA é membro constituínte. O vogal de AGACA Alberto Amil Chaves forma parte do seu Consello Reitor en representación das cooperativas galegas.

A representación sectorial en Cooperativas Agro-alimentarias de España artículase a través dos **Consellos Sectoriais**, nos que participan membros de cooperativas galegas integradas en AGACA:

Daniel Ferreiro Otero (Aira)

Presidente do Consello Sectorial de Leite e Produtos Lácteos

Natalio García Carral (Cogal)

Presidente do Consello Sectorial de Cunicultura

AGACA tamén está presente en diversos órganos e mesas de traballo, entre os que destaca o **LIGAL (Laboratorio Interprofesional Galego para a Análise do Leite)**, responsable da análise e con-

trol do leite das ganderías galegas. Neste organismo, AGACA está representada por José Ramón Ratón Varela (presidente de Aira), co apoio técnico de Víctor Coira (AGACA), quen participou nas reunións convocadas. Ratón exerce a presidencia do LIGAL desde 2024 ata 2026.

Así mesmo:

Víctor Coira

representa a AGACA no Comité de Certificación da IXP Ternera Gallega e Vaca Galega e Boi Galego

Carlos Ares

director-xerente, exerce como secretario da Interprofesional Láctea InLac

A presenza institucional complétase con participación nos seguintes foros:

- **Observatorio do Sector Lácteo** (Carlos Ares e Carmen Rodríguez)
- **Comisión Territorial de Galicia dos Seguros Agrarios** (Montserrat Ventura)
- **Mesas electorais das denominacións de calidade** de Galicia
- **Mesas de producións sectoriais**
- **Clúster Alimentario de Galicia**, do que AGACA forma parte desde a súa creación

CONSELLO GALEGO DE COOPERATIVAS (COGACO)

AGACA conta con **tres representantes titulares e tres suplentes** no Consello Galego de Cooperativas, órgano de promoción do cooperativismo creado ao abeiro da Lei 5/1998, con sede na Dirección Xeral de Emprego e presidido pola persoa titular da Consellería de Emprego, Comercio e Emigración.

Trátase dun órgano **paritario entre cooperativas e administración pública**. A renovación de cargos produciuse en 2021, sendo os representantes de AGACA:

Carmen Rodríguez Rodríguez	titular primeira
José Manuel López Tellado	titular primeiro
Higinio Mougán Bouzón	titular primeiro
José Luis Rey Rodríguez	suplente primeiro
Javier Iglesias Sendín	suplente segundo
Alberto Amil Chaves	suplente terceiro

ANO INTERNACIONAL DAS COOPERATIVAS 2025

O ano 2025 foi declarado pola ONU como Ano Internacional das Cooperativas, baixo o lema “As cooperativas constrúen un mundo mellor”. Neste marco, desenvóléronse diversas actuacións por parte do COGACO e de AGACA:

- **Aprobación dun manifesto**, referendado polo CES e aprobado por unanimidade no Parlamento de Galicia
- **Publicación dun vídeo promocional** do cooperativismo, difundido a través de redes sociais e entidades socias
- **Campaña na TVG** en outubro de 2025 para promover o consumo de produtos cooperativos galegos
- **Celebración dos Outonos Cooperativos** nas cooperativas Bidafarma e CLUN (explotación Casal Vilar)
- **Acto de peche do Ano Internacional** mediante un evento extraordinario



TRABALLOS DESENVOLVIDOS POLO COGACO

Nas reunións celebradas ao longo do ano abordáronse, entre outras, as seguintes cuestións:

- **Permanente (28 de febreiro):** planificación da axenda 2025 do Ano Internacional das Cooperativas e informe sobre o programa ES-Transforma (en cooperativas ou sociedades laborais). Convocatoria para esta anualidade
- **Permanente (18 de marzo):** avance da programación do Ano Internacional das Cooperativas “As cooperativas constrúen un mundo mellor”
- **Pleno (3 de abril):** aprobación da declaración institucional e das accións conmemorativas
- **Permanente (26 de maio):** aprobación dos Premios á Cooperación
- **Pleno (28 de maio):** presentación do merchandising e do vídeo institucional
- **Permanente (26 de novembro):** informes sobre distintas ordes de axudas para 2026 (entidades asociativas de cooperativas, sociedades laborais, centros especiais de emprego e empresas de inserción; Rede Eusumo, Bono consolida economía social, programa APROL e premios ao cooperativismo no ensino)

Entre as prioridades destacadas, a consolidación do “Bono consolida economía social”, xunto co impulso das axudas da Rede Eusumo e das accións de visibilización do cooperativismo.

DÍA DO COOPERATIVISMO GALEGO

O Día do Cooperativismo Galego celebrouse o 5 de xullo de 2025 na cooperativa Rabadense de Transporte, S. Coop. Galega.

Durante o acto fixéronse entrega dos seguintes recoñecementos:

- **Premio á traxectoria cooperativa:**
Lemos, S. Coop. Galega
- **Cooperativas premiadas:**
Rexenerando, S. Coop. Galega
e Illa Bufarda, S. Coop. Galega
- **Recoñecementos especiais:**
Higinio Mougán Bouzón e
Mar Pernas Márquez, pola
súa traxectoria no cooperativismo.



PROPOSTAS A UNHA NOVA LEI DE COOPERATIVAS DE GALICIA

Por iniciativa de AGACA, no marco do **Día da Economía Social de Galicia (16 de xuño)** mantívose un primeiro contacto coas persoas encargadas do relatorio da futura Lei de Cooperativas de Galicia —a directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social e a subdirectora xeral de Economía Social— nunha reunión breve, de carácter inicial, na que participaron numerosas cooperativas agrarias.

O **Consello da Xunta de Galicia (22 de setembro)** deu o visto e praxe para avanzar no anteproxecto da nova lei, que foi sometido a consulta pública durante un mes a comezos de outubro. Desde AGACA solicitouse un **procedemento máis participativo na elaboración do texto**, sen que esta petición fose atendida.

O **20 de outubro** convocouse ás cooperativas socias para analizar o anteproxecto e elaborar propostas de mellora. Desta reunión derivou un primeiro documento de alegacións, presentado en prazo, aínda que persistían dúbidas interpretativas sobre determinados aspectos do texto. Posteriormente, e xa fóra de prazo, AGACA foi convidada a completar as súas achegas mediante dous documentos adicionais.

Prevese que ao longo de 2026 quede definido o contido definitivo da norma. Desde AGACA reafirmase o compromiso cunha **modificación útil e eficaz da Lei 5/1998**, orientada a reforzar as capacidades das cooperativas, mellorar os seus instrumentos de xestión e adaptalas aos novos escenarios tecnolóxicos e organizativos, sempre baixo criterios estritamente profesionais e ao servizo do sector, atendendo ás demandas das cooperativas, completamente alleos, como sempre fomos, a calquera outra consideración, valoración ou interese sobre este asunto.



CONSELLO DA ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA

AGACA conta con **dous representantes titulares e dous suplentes** neste órgano de promoción da economía social, creado ao abeiro da Lei 6/2016 e adscrito á Secretaría Xeral de Emprego (onde está a sede), correspondendo a súa presidencia á persoa titular da Consellería competente.

Os representantes de AGACA, renovados en 2021, son:

Carmen Rodríguez Rodríguez	titular primeira
Higinio Mougán Bouzón	titular segundo
Xoán Antonio Allegue López	suplente primeiro
Rafael Tejeda Vázquez	suplente segundo

No ano 2025 non se **celebrou ningunha reunión** do Consello.

No marco da **Estratexia Galega de Economía Social 2023–2026**, aprobada en 2023, AGACA trasladou as seguintes consideracións:

- Inclusión, no posible, das empresas de capital participadas ao 100 % por cooperativas
- Reforzo do papel das persoas: retención de talento, remuda xeracional e atracción de profesionais ao sector agroalimentario
- Apoio aos procesos de integración e fusión para incrementar o tamaño medio das cooperativas
- Necesidade urxente de aprobar unha nova Lei de Cooperativas de Galicia

FORO POLA ECONOMÍA SOCIAL GALEGA (FOROESGAL)



O **Foro pola Economía Social Galega** xorde a finais de 2017 por iniciativa de cinco entidades representativas do sector, como espazo de encontro para impulsar o cooperativismo e a economía social en Galicia. A súa posta en marcha materializouse nun acto celebrado o **13 de marzo de 2018**, no que se presentou a *Declaración en favor da Economía Social Galega* ante representantes institucionais, sociais e parlamentarios.

O Foro está integrado polas seguintes entidades:

- **Unión de Cooperativas AGACA**
- **EspazoCoop**
agrupa ás cooperativas de traballo asociado
- **Aesgal**
agrupa ás sociedades laborais de Galicia
- **Cegasal**
agrupa aos centros especiais de emprego sen ánimo de lucro de Galicia
- **Aeiga**
agrupa ás empresas de inserción social de Galicia

En xuño de 2020 rexistráronse os estatutos da asociación, que orienta a súa actividade conforme ao seu Plan Estratéxico, no que se recollen as principais liñas de actuación conxunta.

Durante 2025 desenvóléronse as seguintes accións:

- Asemblea do Foro (23 de abril)
- Participación na Asemblea Xeral de CEPES (28 de abril)
- Participación no Congreso Internacional de Economía Social (xuño, Illa de San Simón), cunha intervención da presidenta de AGACA
- Celebración do Día da Economía Social de Galicia (16 de xuño)
- Reunións coa ministra de Traballo e Economía Social con motivo dos lumes do verán, incluíndo visitas a cooperativas
- Organización do evento Cafés con Aroma a Economía Social (20 de novembro)
- Seguimento da Lei Integral de Economía Social en fase de debate
- Seguimento do PERTE de Economía Social e dos proxectos asociados

REUNIÓN DOS ÓRGANOS SOCIAIS DE AGACA

O **11 de xullo de 2025** celebrouse a **XXXVII Asemblea Xeral Ordinaria**, coa participación presencial e telemática de representantes de 29 entidades socias. Nela aprobáronse os informes anuais e o plan de traballo, así como a renovación do Consello Reitor.

No acto de clausura participaron:

Carmen Rodríguez, presidenta de AGACA

Manuel Varela, presidente de Caixa Rural Galega

Herminio Martínez, presidente de ForoESGal

Ángel Villafranca, presidente de Cooperativas Agro-alimentarias de España

José González, conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración

Tamén asistiron a directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, e o director xeral de UCOGA, Iván Novo.



XXXVII Asemblea Xeral de AGACA. 11 de xullo 2025.

ACTIVIDADE DO CONSELLO REITOR

Ao longo de 2025, o Consello Reitor celebrou seis reunións ordinarias presenciais, nas que se abordaron cuestións de carácter económico, organizativo, representativo e sectorial.

Co apoio do equipo técnico, o Consello Reitor asumiu a planificación, seguimento e avaliación das actividades recollidas nesta memoria.

Entre os principais asuntos tratados destacan:

- Análise económico-financeira, aprobación de contas e orzamentos, e seguimento das sociedades participadas
- Aprobación da documentación da Asemblea Xeral (contas anuais, memoria e convocatoria)
- Nomeamento de representantes en organismos
- Seguimento da actividade institucional e das relacións coas administracións públicas (reunións coa conselleira do Medio Rural e co conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración)
- Supervisión da participación en organismos sectoriais e espazos de representación
- Aprobación e seguimento dos convenios e acordos de colaboración (Vegalsa, Caixa Rural Galega e outras entidades)
- Seguimento da evolución do sector e das principais campañas agrarias e gandeiras
- Impulso e supervisión das accións de promoción do cooperativismo
- Altas e baixas de entidades socias
- Seguimento dos proxectos en execución (autonómicos, estatais e europeos)
- Supervisión das actividades formativas e de asistencia técnica
- Seguimento das liñas estratéxicas vinculadas á innovación, igualdade e desenvolvemento rural
- Avaliación do impacto das medidas normativas (modificacións arancelarias aplicadas por Estados Unidos, Lei 1/2025 de Desperdicio Alimentario etc.) e das políticas públicas no sector
- Seguimento das actuacións desenvolvidas no marco do PEPAC
- Supervisión da organización interna e reforzo do equipo técnico

COOPERATIVAS AGRO-ALIMENTARIAS DE ESPAÑA

AGACA participa activamente nos órganos de representación desta entidade estatal, desenvolvendo durante 2025 as seguintes liñas de traballo:

- Seguimento da reforma da PAC e da normativa de ordenación de explotacións e nutrición de solos
- Seguimento da aplicación da Lei da Cadea Alimentaria
- Información ás cooperativas sobre o Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia
- Participación nos Premios Cooperativas Agro-alimentarias de España 2025, nos que foron galardoadas dúas cooperativas galegas:
 - Adegas Condes de Albarei, Premio en Igualdade
 - Cooperativa Agraria Provincial da Coruña (Bico de Xeado), Premio á Innovación
- Impulso da Marca Cooperativa
- Seguimento da modificación da Lei estatal de cooperativas
- Apoio á presidencia de Daniel Ferreiro no Consello Sectorial Lácteo
- Participación na Interprofesional Láctea InLac, coa secretaría exercida por Carlos Ares

ASOCIACIÓN GALEGA DE MULLERES DE COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS, NÓS, AS MULLERES

NÓS, AS MULLERES Asociación Galega de Mulleres de Cooperativas Agroalimentarias

Desde a súa constitución en 2020, a **Asociación Galega de Mulleres de Cooperativas Agroalimentarias, Nós, As Mulleres**, promovida por AGACA, participa activamente nas accións dirixidas ás mulleres das cooperativas galegas.

A súa finalidade principal é o **desenvolvemento integral das mulleres e a promoción da súa participación no cooperativismo agroalimentario**, impulsando a igualdade no seo das cooperativas socias. Entre os seus obxectivos destacan:

- Representación e promoción das mulleres cooperativistas
- Fomento do cooperativismo e da economía social
- Formación
- Profesionalización e mellora da competitividade
- Promoción da igualdade e sensibilización contra a violencia de xénero

➤ Ao peche do exercicio 2025, a asociación contaba con **53 mulleres socias** procedentes de 22 cooperativas.



V Asemblea Xeral de Nós, As Mulleres.
9 maio 2025.



Reunión entre Nós, As Mulleres e a Dirección Xeral de Promoción da Igualdade da Xunta de Galicia.
30 xaneiro 2025.

ACTIVIDADE DESENVOLVIDA

O **30 de xaneiro de 2025**, a Xunta Directiva mantivo unha reunión coa directora xeral e a subdirectora xeral de Promoción da Igualdade da Xunta de Galicia, establecendo un **primeiro marco de relación institucional e colaboración**.

O **9 de maio** celebrouse en Santiago de Compostela a **V Asemblea Xeral**, na que se aprobaron as contas anuais de 2024, o informe do estado social, o balance de actividades e a planificación de accións.

En colaboración con AGACA, desenvóléronse as seguintes actuacións:

- Participación na xornada nacional de mulleres cooperativistas (abril, Socuéllamos), organizada por Cooperativas Agroalimentarias de España e AMCAE
- Organización de encontros de mulleres cooperativistas en CLUN (maio) e Condes de Albarei (xuño), co apoio do Ministerio de Agricultura
- Desenvolvemento de encontros a través da Rede Eusumo: AIRA (12 de febreiro) e Santiago de Compostela (2 de xuño)
- Viaxe de intercambio de coñecementos con cooperativas de Estremadura e Castela e León (marzo), financiada polo Instituto das Mulleres e Caixa Rural Galega
- Reunións cos consellos reitores de cinco cooperativas para presentar a asociación e as súas actividades
- Celebración de seis reunións da Xunta Directiva

Ademais, no marco do programa de asistencia técnica, elaboráronse e publicáronse **catro entrevistas a mulleres cooperativistas na revista de AGACA, Cooperación Galega**, co obxectivo de dar visibilidade ao seu papel no sector.

REPRESENTACIÓN

E ACTIVIDADES

SECTORIAIS




04 ↙



REPRESENTACIÓN E ACTIVIDADES SECTORIAIS

04



O Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación estimou en decembro un crecemento da **renda agraria española do 12,9 % respecto do ano anterior.**

Consideramos que, no seu conxunto, o impacto positivo dos prezos nas producións gandeiras e o incremento das cantidades producidas contribuíron a estes resultados. Con todo, enfermidades como a **lingua azul**, a **dermatose nodular contagiosa**, a **influenza aviar** ou, xa a finais de ano, a **peste porcina africana (PPA)**, prexudicaron de forma relevante á gandería.

Neste sentido, no **sector porcino** a PPA provocou unha **caída moi forte dos prezos da carne en España nos dous últimos meses de 2025** e unha baixada da facturación do **17 % ao peche do ano**, como consecuencia da caída dos prezos en Mercolleida, que pasaron de **1,815 €/kg en xullo** a só **1 €/kg ao finalizar o exercicio.**

No caso da principal produción galega, o **vacún de leite**, os prezos medraron un **6,39 %** e as producións mantivéronse con **leves subas**, mentres que os custos apenas se incrementaron de forma moderada.

En agricultura, **agás na pataca e na castaña**, o ano foi positivo en rendementos en termos xerais.

CONTEXTO EUROPEO E PAC

No mes de xullo, a Comisión presentou o **Marco Financeiro Plurianual** para o seguinte período da Política Agraria Común, xerando unha fonda preocupación no sector agrario. Desde AGACA rexeitamos a **redución de case o 23 % do orzamento global** e advertimos de que un maior peso do **cofinanciamento nacional** abre a porta a diferenzas crecentes entre países e sectores, debilitando o mercado único e a cohesión interna. Outro punto clave é a **desaparición das comunidades autónomas na xestión do segundo pilar da PAC**, así como o chamado **“fondo único país”**, que agruparía todos os fondos europeos nun único plan nacional por Estado membro, con desembolsos condicionados ao cumprimento de reformas pactadas. Isto suporía un cambio de modelo que podería xerar novos conflitos administrativos e facer máis complexo o acceso ás axudas para persoas produtoras e cooperativas, poñendo en cuestión o carácter común da PAC e complicando a aplicación homoxénea das regras.



CONDICIÓN CLIMÁTICAS E PRODUCCIÓN VEXETAL

O **inverno e a primavera húmida** retrasaron a sementeira do millo e de moitas producións agrícolas, como o **millo forraxeiro, as fabas ou as patacas**, aínda que ao mesmo tempo posibilitaron unha campaña forraxeira de herba de inverno bastante normal. Con todo, **máis de dous meses de altas temperaturas** —a finais de xuño, xullo e agosto— provocaron serios problemas na produción de millo forraxeiro. Estimamos que a produción de **silo de millo** se reduciu entre un **15 % e un 25 %**, segundo comarcas, en comparación cun ano normal, incidindo ademais no déficit produtivo xa rexistrado en 2024, cando a menor produción estivo acompañada polos efectos do temporal **Kirk**, que derrubou miles de hectáreas de millo e anegou fincas nas que non se puído entrar coa maquinaria de ensilado. Ademais, as **calidades das forraxes foron malas**, ao haber moitas hectáreas onde non se logrou formar a espiga por mor da seca.

O impacto climático na **pataca** foi escaso e acadouse unha produción aceptable e de excelente calidade, pero cunhas **caídas de prezo moi fortes**, ata situarse en **0,18 €/kg**.

Do mesmo xeito, os danos climáticos na produción de **fabas** tamén afectaron aos niveis produtivos, estimándose unha perda considerable.

Finalmente, os **lumes de agosto** castigaron de maneira moi severa a produción de **castaña**, con descensos moi importantes no volume recollido.

Con todo, a **suba de prezos dos produtos vexetais** compensou parcialmente estas baixadas de volume, salvo no caso das produtoras de **fabas, patacas e forraxes**.

Pola contra, as producións de **viño, horta e mazá de sidra** acadaron resultados aceptables, cunha lixeira mellora das rendas. Galicia non acadou a produción máxima pola forte calor do mes de agosto.

SECTOR VITIVINÍCOLA

O sector do viño afrontou un contexto de **mercados estabilizados ou en lixeiro retroceso**, especialmente tras anos de forte demanda. O crecemento dos viños brancos freouse, obrigando a intensificar os esforzos comerciais, afectando aos prezos da uva percibidos por viticultores e viticultoras non socios, o que se converteu nunha dura competencia para as cooperativas, que procuraron manter prezos.

A **crise comercial dos viños tintos**, mal xestionada na D.O. **Ribeira Sacra**, fixo que se publicase unha axuda de **destilación**, medida que danou a imaxe e os prezos dos viños galegos. Neste sentido, o esforzo de reestruturación produtiva, empresarial e comercial das adegas cooperativas en torno aos viños tintos constitúe un claro exemplo da importancia das cooperativas como **elemento regulador dentro dunha denominación de orixe**.

➤ En termos de facturación, as cooperativas mantiveron niveis estables salvo nas adegas con importante peso de uva tinta e, **por primeira vez, unha cooperativa liderou a facturación do viño galego**.

Estabilizáronse os valores dos viños brancos, aínda que apareceron **promocións preocupantes de pequenas adegas**, especialmente en **Rías Baixas**.

A **flavescencia dourada** continúa a avanzar desde Portugal. Esta enfermidade anticipa **graves danos nun futuro próximo**. A seca afectou especialmente a Ribeiro e Valdeorras mentres que as producións se incrementaron fortemente en **Rías Baixas e Monterrei**. Outros retos do sector foron a **idade elevada das persoas socias**, a **escaseza de man de obra para afrontar as vendimas**, a

necesidade de talento nos equipos técnicos e a imprescindible **remuda xeracional** en toda a cadea. Pese a todo, o viño segue a ser o **valor máis importante das producións vexetais de Galicia**, e as adegas cooperativas xa comezan a traballar en aspectos clave de **sostibilidade ambiental**.

SECTOR HORTÍCOLA

O sector da horta experimentou un **balance global positivo**, con incremento da facturación apoiado en maiores producións e prezos.

Destacan:

- Estabilización da demanda do pemento de Padrón
- Bo posicionamento do feixón galego
- Comportamento variable do tomate. Boa produción. Mantéñense os prezos
- Recuperación parcial da leituga. Segue a utilizarse como produto reclamo
- Descenso da produción de cebola, por problemas agronómicos no cultivo e incremento de porro, cabaza, repolo e pemento branco
- Nabizas e verzas non acadan aínda peso comercial nas cooperativas
- Os produtos ecolóxicos seguen cunha demanda limitada



PRODUCCIÓN ANIMAL

O **vacún de carne** gozou de **prezos históricos**, especialmente no caso de **Ternera Gallega Suprema**. Entendemos que o incremento dos ingresos das ganderías de vacún de carne, motivado pola subida do **15,2 % nos prezos da carne**, produción historicamente castigada, serviu para compensar parcialmente moitos anos de perdas e retrocesos de renda. Aínda que as cooperativas de vacún incrementaron a facturación, preocupa a **escasa fidelidade de gandeiros e gandeiras** nun contexto de eventual bonanza de prezos.

Ademais, a gandería de vacún de carne **estabilizouse na produción e na comercialización mediante a IXP Ternera Gallega**. Con todo, Galicia segue a ser a **terceira comunidade produtora de vacún de carne de España**. A **lingua azul** e a **dermatose nodular contaxiosa** convertéronse nas grandes preocupacións das explotacións, xunto coa **tuberculose bovina**, que aparece puntualmente e castiga moi duramente as granxas directamente afectadas. Urxe, por tanto, artellar melloras e investigación para loitar contra estas enfermidades e establecer apoios ás explotacións afectadas, pois no bovino —e tamén no porcino e nas aves— o foco principal das preocupacións está no ámbito da **sanidade animal**.

➤ **En 2025 tamén se estabilizou o volume de produción de carne de ovino en Galicia.**

Durante 2025, o comportamento dos prezos do **porcino** en España estivo marcado por unha **baixada significativa tras o verán**, deixando atrás os elevados niveis dos tres anos precedentes. Coa aparición dun brote de **PPA en xabaril a finais de novembro de 2025**, España perdeu o status de país libre desta enfermidade, coas correspondentes repercusións sobre a exportación extracomunitaria. Isto xerou unha distorsión do mercado que provocou unha **forte caída dos prezos a nivel nacional**. No mes de decembro, o prezo reduciuse un **33,2 %**, situándose por debaixo da media dos últimos cinco anos (**-25 %**). Así, o porcino comezou o ano con retrocesos continuados e a aparición da PPA en xabaril en Cataluña afectou moi duramente aos mercados e aos prezos. Máis concretamente, as exportacións viñan manténdose pese ao retroceso en valor respecto do ano anterior: diminuíron as vendas a **China, Francia, Italia, Xapón, Filipinas e Portugal**, mentres que medraron as exportacións de **xamón e paleta curados**, así como doutros embutidos curados e cocidos.



En España, o porcino consolidouse como un **sector resiliente, competitivo e líder mundial**, cun valor exportado próximo aos **9 000 millóns de euros**, unha balanza comercial positiva de máis de **7 000 millóns** e un censo superior aos **30 millóns de animais**, dos cales máis dun millón son galegos. Isto supón a estabilización do sector arredor de **4,88 millóns de toneladas de carne**. Trátase dun sector moi eficiente malia a ameaza constante da PPA e doutras enfermidades.

Na produción de **carne de aves**, o ano comezou con prezos elevados e tendencia descendente, pero na primavera mudou cara a unha **tendencia ascendente ao longo de todo o exercicio**. O prezo acadado a finais de ano supuxo unha suba superior ao **13,8 %** respecto do prezo medio dos últimos cinco anos. No contorno europeo, o prezo situouse en **2,89 €/kg**. Estes prezos provocaron unha mellora nas rendas do sector avícola, especialmente sensible ás oscilacións do mercado. A carne de aves está sometida a continua variación de prezos, aínda que no conxunto do ano se aprecia certa estabilidade.

➤ En consecuencia, **2025 foi un exercicio de resultados aceptables a moi bos** no sector de carne de aves, cuestión especialmente relevante para a principal cooperativa agroalimentaria galega e unha das máis importantes de España.

INDUSTRIA AGROALIMENTARIA

En relación coa **transformación agroindustrial das cooperativas galegas, mantívose estable o valor dos produtos transformados**, sen cambios relevantes na man de obra ocupada. Este aspecto resulta especialmente importante no medio rural, onde moitas destas industrias constitúen a única actividade industrial do concello.

Desde o punto de vista industrial, o ano estivo marcado por un **contexto deflacionista** e polo **incremento dos custos laborais**, que en boa medida tiveron que ser trasladados á clientela. A isto engadíronse outros retos, como a implantación do imposto ao plástico, as novas esixencias en materia de envases e embalaxes e os cambios na etiquetaxe do viño.

No ámbito comercial, a peor noticia foi o **avance da Marca de Distribución (MDD)**, que xa supera o 50 %, en detrimento da Marca de Fabricante (MDF). Ademais, desde comezos de 2024 intensificouse a presión da distribución sobre a agroindustria, coa finalidade de aumentar as súas marxes. Neste contexto, impúlsase un modelo baseado en produtos máis baratos e estandarizados, en detrimento daqueles de maior calidade e valor engadido.

SOSTIBILIDADE E REGULACIÓN

A transición cara á **neutralidade carbónica**, impulsada pola Unión Europea, continúa xerando preocupación tanto no sector produtor como no transformador. O cumprimento dos obxectivos do **Pacto Verde Europeo**, xunto coas políticas de benestar animal, suscita dúbidas entre os profesionais da agricultura e da gandería en Galicia. Ademais, moitas das medidas deseñadas desde outras realidades agrarias, como as do centro e sur peninsular, non se adaptan adecuadamente ás condicións galegas.

Neste sentido, Galicia sitúase, xunto con Madrid e Illas Baleares, entre as comunidades con **menor aplicación dos ecorréximes**, o que evidencia a necesidade de adaptar estas políticas ao territorio.

En resumo, 2025 foi un ano no que **aumentaron as producións vexetais e animais en Galicia e melloraron, en termos xerais, os prezos**. Ao mesmo tempo, as producións gandeiras incrementaron lixeiramente os volumes, aínda que tamén tiveron que afrontar unha subida dos custos. Neste contexto, as cooperativas mantiveron **niveis estables de facturación, emprego e resultados**, con balances lixeiramente superiores aos do ano anterior.



SECTOR DE LEITE DERIVADOS LÁCTEOS



Carmen Rodríguez

*Representante da
Xunta Sectorial de
Leite- Derivados
Lácteos*

O **sector lácteo galego mellorou a súa rendibilidade** en 2025 grazas ao **incremento do prezo medio do leite**, que subiu un 6,39 % respecto de 2024, nun contexto de aumento moderado dos principais custos dos insumos, especialmente os pensos.

A **producción en Galicia medrou lixeiramente** (+0,53 %), sumando 16 407 toneladas máis e acadando 3088 millóns de toneladas, a cifra máis alta da súa historia. Este incremento convive cunha **forte redución do número de explotacións** (-5,4 %), o que mantén un **ritmo moi elevado de desaparición de granxas**: 279 peches no ano, case unha explotación menos cada día.

A pesar deste comportamento positivo en Galicia, a produción total en España descendeu en **36 005 toneladas** ao longo do ano.

Os pensos —principal custo de produción— **incrementáronse de media un 4,8 %** respecto de 2024, mentres que a enerxía e os combustibles

se mantiveron estables. Outros custos (sementes, servizos gandeiros, fitosanitarios etc.) continúan en niveis elevados, con lixeiros incrementos.

O prezo medio ponderado do leite situouse en Galicia en 49,76 céntimos/litro, 2,99 céntimos máis ca en 2024. **Os ingresos brutos do sector estímase arredor de 1500 millóns de euros. Galicia concentra o 56,4 % das granxas leiteiras do Estado e o 42 % da produción total.**

➤ **A pesar diso, o prezo do leite galego continúa varios céntimos por debaixo do rexistrado en Asturias, Andalucía ou Euskadi, o que evidencia a importancia de cooperativas lácteas máis fortes e dimensionadas, asociadas a prezos medios superiores á media estatal.**

Durante 2025, os prezos percibidos en Galicia foron semellantes aos da UE, especialmente no segundo semestre, pechando incluso por riba dos doutros países produtores, o que apunta a un posible axuste no primeiro semestre de 2026.

A mellora xenética dos rabaños sitúase ao nivel dos países máis avanzados, e a produción media por vaca e ano continúa aumentando, impulsada pola eficiencia produtiva e pola profesionalización das explotacións.

En 2025 reducíronse as exportacións de leite e derivados, o que evidencia o potencial dos mercados internacionais e a necesidade de reforzar a presenza galega na comercialización e valorización do leite. Neste contexto, o **balance comercial de leite en equivalentes mantívose negativo e aumentou un 16 %, debido ao incremento das importacións e á caída das exportacións.**

Destaca especialmente a contracción do mercado chinés, que chegou a representar máis do 40 % do volume exportado. Ao longo do ano, **China iniciou unha investigación comercial** sobre produtos lácteos europeos, incluíndo os españois, alegando subvencións e “dano substancial” á súa industria. Desde decembro, aplicáronse aranceis provisionais sobre leite, queixo, nata e outros derivados, introducindo incerteza sobre a evolución futura das exportacións.

O sector reivindica tamén o seu papel como xector do territorio e conservador do medio. A transición cara á neutralidade de carbono promovida pola UE está a incrementar a demanda de asesoramento técnico.

O **cambio climático** condiciona cada vez máis a produción: borrascas encadeadas en outono, inverno e primavera e vagas de calor no verán afectaron á cantidade e calidade das forraxes e á colleita de millo forraxeiro.

A isto súmase a aparición de novas **enfermidades gandeiras** (lingua azul, enfermidade hemorráxica epizootica —EHE—, dermatose nodular contagiosa —DNC— etc.), que xeran preocupación no sector e reforzan a demanda de vacinas para protexer as explotacións non afectadas.



Daniel Ferreiro

Presidente do Consello Sectorial de Leite e Produtos Lácteos de Cooperativas Agro-alimentarias de España

REPRESENTACIÓN INSTITUCIONAL DE AGACA

Desde 2022, a representación AGACA no **Consello Sectorial de Leite e Produtos Lácteos** de Cooperativas Agro-alimentarias de España estivo a cargo de **Daniel Ferreiro Otero**, quen foi director xeral de AIRA ata 2024. Ao longo de 2025 abordáronse asuntos clave para as cooperativas galegas:

- Debate sobre a **pegada de carbono** no sector lácteo
- **Etiquetado de orixe**, que permitirá aos consumidores valorar produtos locais e apoiar a continuidade do tecido rural
- Estratexias de **promoción e comercialización** do leite e derivados, especialmente do queixo



REFORMA DA PAC, NORMATIVA COMUNITARIA E SECTOR LÁCTEO GALEGO

Desde AGACA realizouse un seguimento continuo da aplicación da nova normativa comunitaria e dos seus efectos no sector. A entidade sumouse ás mobilizacións agrarias e expresou a súa preocupación polos acordos comerciais internacionais, especialmente o acordo con **MERCOSUR aprobado en 2025**, polos seus posibles efectos no sector cárnico. Criticouse a incoherencia de abrir o mercado da UE a produtos elaborados con estándares sociais e produtivos inferiores aos esixidos aos produtores europeos.

➤ AGACA reclamou **maior diálogo e coherencia das institucións comunitarias co sector**, advertindo de que sen actividade agrícola e gandeira non é posible garantir a sustentabilidade económica, social e ambiental do territorio.

As protestas tamén puxeron o foco no **Marco Financeiro Plurianual presentado en xullo de 2025**, que contempla a integración da PAC nun fondo común e unha **redución superior ao 22 % do seu orzamento para o período 2028-2032**.

A nova PAC entrou en vigor o **1 de xaneiro de 2023**, tras a publicación no BOE (29 de decembro de 2022) de **oito reais decretos** que regulan o seu desenvolvemento en España. Seis deles abordan a **xestión das axudas** (gobernanza, intervencións do plan estratéxico, solicitude única, axuda básica á renda para a sostibilidade, condicionalidade reforzada e social, control das intervencións e Sistema de Información das Explotacións –SIEX–). Outros dous regulan aspectos vinculados aos **obxectivos ambientais**: nutrición sostible dos solos e uso sostible de produtos fitosanitarios.

Tras as protestas do sector na primavera de 2025, varios decretos vinculados ao **Pacto Verde Europeo** e á PAC foron revisados e flexibilizados, aprazando a entrada en vigor dalgunhas medidas, entre elas o **Caderno Dixital de Explotación** ou o **Regulamento de Deforestación**, para adaptalas mellor á realidade produtiva.



Tras tres anos de aplicación da nova PAC, AGACA identifica diversas **eivas que requiren corrección**, entre elas:

- Mellorar o acceso á reserva de dereitos en Galicia, garantindo dotación suficiente para as novas incorporacións ao sector
- Non considerar ríos os pequenos cursos de auga de menos de cinco metros de ancho, moi frecuentes no territorio galego
- Adaptar ao minifundismo galego a esixencia do 4 % de superficies non produtivas, computando lindes, sebes, balados, franxas ou árbores
- Revisar o ecorrécime en terras de cultivo, evitando a obrigatoriedade de incluír leguminosas no 10 % de especies mellorantes; no seu caso, deberían supoñer un complemento adicional ao pagamento principal
- No ecorrécime de espazos de biodiversidade, permitir que o 7 % de elementos non produtivos se compute considerando lindes, sebes ou árbores a nivel do conxunto da comunidade autónoma
- No sector vitivinícola, reorientar fondos da Intervención Sectorial do Viño —de escaso uso en Galicia para colleita en verde ou destilación de crise— cara á reestruturación de viñedos e investimentos en adegas, evitando que proxectos viables queden sen financiamento

PROPOSTAS DE ADAPTACIÓN NORMATIVA

No marco da aplicación da **Condiciónabilidade Reforzada** e do **Pacto Verde Europeo** no sector agrario e gandeiro, AGACA formulou diversas propostas de modificación dos reais decretos publicados, co obxectivo de adaptalos mellor á realidade produtiva.



RD DE NUTRICIÓN DE SOLOS

- Escaseza de aplicadores no mercado a prezos asumibles.
- Necesidade de excluír determinadas parcelas polo seu pequeno tamaño ou pola falta de acceso viario para nova maquinaria.
- Non obrigar a realizar investimentos en aplicadores a explotacións sen remuda xeracional nin prazo suficiente para amortizalos.
- Considerar sistemas alternativos (prato invertido, acidificantes etc.) que reducen o impacto ambiental con menor custo e maior operatividade.



RD DO CADERNO DIXITAL DE EXPLOTACIÓN

- Evitar que a fenda dixital, especialmente entre profesionais de maior idade, supoña a súa saída do sector.
- Revisión do sistema de control, considerado excesivamente gravoso para o sector primario.



RD DE ORDENACIÓN DAS EXPLOTACIÓNS DE BOVINO

- Eliminar a prohibición dos solos grella ou enreixados, pouco axeitada para zonas de elevada humidade.
- Permitir as cortes trabadas ou canadenses, amplamente implantadas, sobre todo nas pequenas explotacións de pastoreo.



RD DO VETERINARIO DE EXPLOTACIÓN

- Simplificar e facer máis operativa a norma, implicando estruturas xa existentes como Agrupacións de Defensa Sanitaria (ADS) e cooperativas.
- A finais de 2024 a súa aplicación pasou a ser voluntaria.



REGULAMENTO DE DEFORESTACIÓN

- Simplificar os procedementos administrativos vinculados á Dilixencia Debida.
- Facilitar a súa entrada en vigor e implementación práctica para as explotacións.

En **decembro de 2024** publicouse o **RD 1307/2024**, que incorporou varias das propostas trasladadas por AGACA: **voluntariedade do plan sanitario integral**, **eliminación do patio exterior obrigatorio** se se garante o confort térmico, **igual número de cubículos que de animais e de prazas de alimentación** (salvo alimentación a libre disposición), autorización de cercas eléctricas e **cercados virtuais**, **identificación electrónica dos animais e supresión da obrigatoriedade do veterinario de explotación**.

CÁRTEL LÁCTEO

AGACA realizou un seguimento continuado do proceso xurídico contra o chamado **Cártel Lácteo**, mantendo informadas ás cooperativas dos principais avances e debates xudiciais. A partir de 2024 comezaron a publicarse resolucións deste contencioso, con posibles **sancións e efectos no mercado de compra de leite en Galicia**.

➤ **Unha resolución do Tribunal de Xustiza da Unión Europea abriu a **posibilidade de que máis gandeiros e gandeiras afectados se sumen ás reclamacións contra a industria láctea en caso de sanción.****

Neste contexto, fíxose público que Pascual, Danone, Lactalis e Ebro reservaron 60 millóns de euros para afrontar posibles responsabilidades.

En febreiro, a **Audiencia Nacional ratificou a existencia do cártel**, tal e como determinara a Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia (CNMC), que impuxera multas por **80,6 millóns de euros** por manipulación do mercado entre 2000 e 2013. A resolución foi recorrida ante o Tribunal Supremo. Ao longo do proceso tamén se ditaron sentenzas parciais favorables a compañías como Nestlé, Puleva ou Danone.

InLac

A finais de 2024 renovouse a Xunta Directiva da Interprofesional InLac e **Carlos Ares**, director xerente de AGACA, foi elixido **Secretario de InLac para 2025 e 2026**, exercendo a secretaría en todas as reunións institucionais e orgánicas ao longo do ano.

Carlos Ares, con ampla experiencia no cooperativismo e fillo de gandeiros, participou en decisións clave: presentación da **Folla de Ruta de Sostibilidade**, promocións nos mercados, **WELFAIR-Vacas trabadas**, Extensión de Norma e o **Plan Estratégico do Sector Lácteo Español**.

Tras solicitude das cooperativas socias de AGACA, promovéronse medidas de interese para o sector:

- **Defensa das cortes trabadas** dentro do protocolo WELFAIR de benestar animal
- Incrementar a puntuación destas cortes no protocolo
- Conceder **períodos de excepción de penalización de cinco ou máis anos** para granxas que non poidan dispoñer de patio ou espazo exterior por limitacións urbanísticas ou estruturais

Moitas destas granxas asociáronse ás cooperativas como **refuxio seguro**, garantindo así a continuidade da súa actividade profesional no sector.

OBSERVATORIO LÁCTEO DE GALICIA

A presidenta e o director xerente de AGACA forman parte do Observatorio do Sector Lácteo de Galicia, órgano colexiado de asesoramento e consulta creado pola Consellería do Medio Rural mediante o Decreto 61/2007, do 22 de marzo.



Os cambios experimentados nos últimos anos na produción, na industria e nos mercados do leite e dos produtos lácteos —tanto no ámbito estatal como no internacional— fan **necesario impulsar reunións periódicas** deste órgano para acompañar e analizar a evolución do sector lácteo galego.



LIGAL



José Ramón Ratón

Representante de AGACA no LIGAL. Ocupa o cargo de Presidente.

En 2025 abordáronse diversos asuntos relacionados coa **calidade do leite de vaca en Galicia**, destacando especialmente a implementación do **novo bote para mostras instrumentais**. Estes recipientes deben:

- Ser de **peche hermético**
- Ser de **uso único ou reutilizables** tras limpeza e desinfección correctas
- Garantir que **non se abriden desde a toma da mostra ata a chegada ao laboratorio**

Durante o verán de 2025 xurdiron problemas relacionados coa **crioscopia do leite** e as penali-

zacións aplicadas por certas industrias. AGACA destacou que as analíticas do **LIGAL son fiables** e que as penalizacións proceden exclusivamente dos contratos industriais.

En **xuño de 2024** renovouse a **Xunta Directiva para 2024-2026** por quenda rotatoria:

Presidente	José Ramón Ratón Varela (AGACA)
Vicepresidente	FeNIL
Secretario	FeNIL
Tesoureiro	SLG – Comisións Labregas
Vogais	FeNIL, Unións Agrarias de Galicia

A maioría das industrias establecen o punto de penalización entre **517-520**, penalizando as granxas que non o cumpren. Desde 2012, cada empresa define parámetros distintos, incluíndo o **punto crioscópico** como criterio de calidade. Este valor varía por xenética, alimentación e temperatura, polo que **non debería empregarse para o pago por calidade**, e a redución dos niveis de 512-519 contravén evidencia científica e prácticas internacionais (506-510). AGACA recomenda **non asinar contratos baseados neste parámetro**.

AS COOPERATIVAS

Achegamos datos clave dalgunhas **COOPERATIVAS LÁCTEAS** representativas de Galicia e de acontecementos de relevancia no eido cooperativo en 2025



FACTURACIÓN 249,4 MILLÓNS DE EUROS



EBITDA 8,48 MILLÓNS

o mellor resultado desde a súa constitución



EXPORTACIÓN 66 PAISES



INVESTIMENTO 22 MILLÓNS DE EUROS

nos últimos catro anos



A asemblea reelixiu aos mesmos cargos no Consello Reitor



Toda a produción de Clun realízase en Galicia, desde a granxa ata o punto de venda



Mantén actividade en **máis de 80 concellos**, con recollida en 54, e toda a produción realízase en Galicia



Tres dos seus leites foron recoñecidas pola Organización de Consumidores e Usuarios (**OCU**) **entre os seis mellores de España**



INGRESOS 205,5 MILLÓNS DE EUROS



EBITDA 8,5 MILLÓNS



BENEFICIO NETO 5,1 MILLÓNS



Renovou o seu Consello Reitor, **augmentando a presenza de mulleres (5)** e de mocidade (media 44 anos)



O novo presidente, **José Ramón Ratón Varela**, liderou a única candidatura presentada



FACTURACIÓN 140 MILLÓNS DE EUROS

(100 Celega, 40 Lemos)



PROCESANDO 500 000 LITROS/DÍA

na planta de O Saviñao, situándose como a segunda industria galega por volume



COMERCIALIZOU 2559 ANIMAI



SOCIOS 795 PERSOAS

tras a fusión coa cooperativa de Sarria (COGAPEN)



LEMOS cambiou radicalmente o destino do río Pesqueiras, acadando en 2024 certificados medioambientais e a reutilización do **90 % dos seus residuos da fábrica**



Celega (oitava empresa da provincia de Lugo), fábrica de queixos e centro loxístico de O Saviñao, foi adquirida en 2017, xunto con COREBER, para mellorar a xestión ambiental



Lemos recibiu o **Premio á Traxectoria Cooperativa** do Consello Galego de Cooperativas (COGACO)



FACTURACIÓN

superior a
400 MILLÓNS DE EUROS

facturación conxunta



Naceu da unión de

Clun e **Leite Celta**

(fabrican para as marcas
brancas de Carrefour,
El Corte Inglés ou Lidl)



Mantendo a identidade xurídica
dos dous grupos de empresas



FACTURACIÓN

20 MILLÓNS DE EUROS

dos que oito
corresponden a
Bico de Xeado



EMPREGADOS

240 PERSOAS



Recibiu o **Premio á Innovación**

de Cooperativas Agro-alimentarias
de España. A entrega oficial do
premio foi o 21 de maio en Madrid,
durante o acto de clausura da
Asemblea de Cooperativas
Agro-alimentarias de España

Clun, que elabora sobre todo iogures e leite, con sede en Ames (A Coruña), explica que esta fusión busca «dotar de **dimensión, estabilidade e futuro** á primeira potencia produtora de leite de España (Galicia)», dadas as constantes flutuacións do mercado e as ameazas a que se enfrenta o sector, entre as que se destaca o peche de granxas, a concentración empresarial e a crise de prezos.

Esta integración anticipa un cambio de ciclo nunha actividade primaria marcada pola caída progresiva do número de explotacións e a presión crecente da distribución. Ambas as compañías, de base cooperativa, buscan un paraugas corporativo de suficiente peso para asegurar estabilidade no aprovisionamento e mellorar a súa capacidade de fixar prezos nun mercado moi volátil. A operación —pendente de autorización de Competencia—, non suporá a desaparición xurídica de ningunha das dúas sociedades.

AGACA apoia a operación como exemplo de **intercooperación e fortalecemento industrial e comercial** do sector lácteo galego, con base cooperativa; unha oportunidade para reforzar estabilidade, eficiencia e competitividade nun mercado cada vez máis dominado por grandes operadores.

ALIANZA 30% NO 2030

No marco do Congreso de Cooperativas Agro-alimentarias de España, as principais cooperativas lácteas de España presentaron o seu firme compromiso coa descarbonización e o seu papel activo na loita contra o cambio climático, unha prioridade urxente para a sociedade española e europea. As cooperativas galegas AIRA e CLUN, xunto con outras seis entidades que representan unha quinta parte da produción e transformación de leite en España, subscribiron un compromiso histórico: reducir nun 30% a Pegada de Carbono do leite que producen ou comercializan para 2030.

No Congreso de Cooperativas Agro-alimentarias de España, as principais cooperativas, incluídas **AIRA e CLUN**, asumiron o compromiso, ante o ministro de Agricultura, Luis Planas, de **reducir un 30 % a pegada de carbono** do leite producido ou comercializado antes de 2030, reforzando o seu papel na loita contra o cambio climático. AIRA e CLUN, xunto coas outras seis entidades asinantes, representan unha quinta parte da produción e transformación de leite en España.

ENFERMIDADES

Tres enfermidades destacaron en Galicia:

- **Lingua azul**, presente desde 2024, con estratexia estatal consolidada.
- **EHE**, de grande impacto en 2024, con afectación nula en 2025. AGACA transmitiu ás autoridades preocupación pola falta de datos claros sobre morbilidade e mortalidade, así como polo mantemento dos mercados.
- **Dermatose nodular contaxiosa**, procedente de Italia e Francia, que entrou en España

por Cataluña. En Galicia os efectos sobre os animais foron nulos. O **23 de outubro de 2025**, a Dirección Xeral de Gandaría, Agricultura e Industrias Agroalimentarias publicou unha **Resolución con medidas cautelares**, ampliadas posteriormente.

AGACA proporcionou ás cooperativas **información completa e actualización sobre medidas de protección** fronte a estas enfermidades, apoiando a seguridade sanitaria e a continuidade produtiva do sector.

VARIOS

Ao longo do ano, AGACA organizou e participou en **xornadas e accións formativas** sobre temas estratéxicos do sector lácteo:

- Medio ambiente e clima, sustentabilidade e dixitalización
- Innovación na nutrición de solos e tratamentos fitosanitarios
- Apoio ao emprendemento e servizos veterinarios nas cooperativas
- Sistema Integral de Xestión (SIGE) e compostaxe de dexestións gandeiras

Grazas ao **programa EFESO/CEPES**, impartíronse cursos de formación nas cooperativas, incluíndo **Carné de Tratamentos Fitosanitarios e Operario de Granxa**, con ampla participación das persoas socias.

Outras actuacións destacadas:

- Asesoramento ás cooperativas para cumprir a **Lei da Cadea e Acordos Cooperativos**
- Seguimento do proceso xurídico do **Cártel Lácteo**
- Revisión das **fichas de ordenación de explotación de bovino** e do **RD de Ordenación do sector Bovino**
- Seguimento da investigación da Comisión Europea sobre axudas á industria láctea tras os aranceis aos coches eléctricos chineses



- Envío mensual de **informes de produción e mercado** en Galicia e España
- Colaboración na **execución do proxecto PERTE Lácteo**
- Seguimento da **reforma da PAC**, incremento de axudas directas en **26 M € (12 M € a Galicia)** e análise dos efectos dos ecorréximes
- Seguimento da **evolución dos custos de produción** e participación en reunións e asembleas de cooperativas
- Implementación do **Referencial de Leite de Vaca Certificado de Cooperativa** como esquema de calidade recoñecido
- Asesoramento técnico en certificación de **Leite de Pastoreo, Benestar Animal**, calidade e transporte de leite
- Provisión de **modelos de escritos** para axudar ás cooperativas a cumprir a normativa sectorial



GANDERÍA INTENSIVA AVES, OVOS, PORCINO E COELLOS



José Luis Rey

*Representante da
Xunta Sectorial de
Gandería Intensiva:
avicultura, porcino e
coellos*

A gandería intensiva engloba animais que non precisan terras adicionais para producir: porcinos, polos, pavos, ovos e coellos. A tendencia actual é garantir **espazos suficientes e benestar animal**, cumprindo normas e altos estándares de calidade. En Galicia, destacan a avicultura de carne e a cunicultura, con cooperativas líderes no ámbito nivel nacional.

Numerosos estudos científicos advirten contra o extremismo na alimentación. Case 1000 académicos de universidades de referencia mundial subscribiron unha iniciativa que defende que a **cría de gando non debe ser penalizada por posicións ideolóxicas extremas**. Subliñan que a carne é un **elemento esencial dunha dieta saudable**, e alertan sobre os riscos de poñer presión á poboación cara dietas exclusivamente vexetarianas.

Na revista académica **Animal Frontiers**, un informe elaborado por sociedades profesionais de ciencias animais avalía criticamente a percepción de que consumir carne aumenta o risco de enfermidades ou prexudica o planeta. Os investigadores conclúen que **a carne non procesada proporciona nutrientes difíciles de substituír**, como vitaminas B12, ácidos graxos Omega-3, ferro, zinc e retinol, e que a carencia destes compoñentes afecta especialmente ás persoas con baixos recursos, provocando anemia ou crecemento atrofiado.

➤ O informe confirma que, cunha dieta equilibrada e variada, **o vínculo entre carne vermella e enfermidades redúcese practicamente a cero**, reforzando a súa relevancia nutricional e social no marco dunha produción responsable e sustentable.

En 2025, os **custos de alimentación do gando** estabilizáronse, reducindo a presión sobre prezos e oferta de carne e ovos. O **porcino** continuou a tendencia á baixa iniciada en 2024, agravada pola **Peste Porcina Africana (PPA)**, cunha caída de prezos superior ao 30 %. A **carne de vacún** alcanzou máximos históricos, e Galicia situouse como

terceira comunidade no sacrificio de vacún, tras Cataluña e Castela e León. A carne de ave mantívose en prezos elevados, beneficiada pola moderación nos custos de alimentación.

O sacrificio en ovino, cabrún e poldro é baixo, pero Galicia mantén **peso relevante na gandería intensiva**, con cooperativas líderes.

Desde un punto de vista internacional, factores como a presión política e social “dos verdes”, os efectos da PPA e a guerra en Ucraína explican o peche de explotacións en Alemaña. O sector cárnico español (2022) contaba con **2800 empresas, 109 330 empregos** (a maioría no rural), **31 000 M€ de facturación** e **9986 M€ de exportacións**, cunha balanza comercial positiva do 606 % (case tres veces máis que o aceite de oliva e case catro máis que o viño).

As previsións para a gandería intensiva a nivel da UE (2013/2023), especialmente no porcino, indicaban que o mercado se sosteña por unha forte demanda mundial, con incremento do consumo e prezos firmes no medio prazo, así como un efecto rebote tras a adaptación á normativa de benestar das porcas. Porén, a realidade reflicte unha lixeira diminución do consumo na UE por razóns relixiosas (maior presenza de musulmáns na UE).

A aprobación do **Regulamento UE de Deforestación** afecta directamente á gandería intensiva, xa que os produtores deberán acreditar a trazabilidade dos pensos con soia ou aceite de palma mediante un **dobre proceso de control**. O sector mostra preocupación pola falta de rexistros e polo risco de que a normativa entre en vigor o **1 de xaneiro de 2027** sen a suficiente preparación. A industria coincide na necesidade de **prever a deforestación de selvas tropicais**, pero alerta sobre a **excesiva burocratización dos controis**, que pode dificultar a produción e incrementar custos.

O SECTOR AVÍCOLA DE CARNE

A produción de carne de aves en España medrou arredor dun 4,8 % a finais de 2025, consolidando ao país como segundo produtor da UE (13 % da produción). Este incremento produciuse nun contexto de estabilización do número de explotacións, cunha subida dos prezos do 3 % e unha redución do custo dos pensos do 5,7 %. Por tanto, segundo os cálculos do Ministerio de Agricultura, as marxes económicas aumentaron un 22 %, impulsadas polo incremento do consumo (+5,6 %), das exportacións (+10 %) e das importacións (+7,9 %).

➤ En Galicia, segundo a Estratexia de Dinamización do Sector Cárnico Galego, contabilízanse **1075 explotacións de aves de curral para carne** (censo 2020), cunha evolución desde **825 granxas** en 2016 ata **912** en 2021.

As explotacións albergan principalmente polos, aínda que tamén pavos e galiñas poñedoras. A produción distribúese territorialmente en 2020 do seguinte xeito: Ourense (134,87 mil toneladas), Lugo (44,66 t), Pontevedra (31,08 t) e A Coruña (12,94 t). Só seis concellos superan as 25 explotacións, destacando Friol, Sarreaus e Xinzo de Limia.

A produción concéntrase nas explotacións con máis de 25 000 exemplares, que representan o 33,48 % do total e xeran o 70 % da carne. Anualmente sacrificanse arredor de 98 millóns de animais, acadándose 223 524 toneladas de produ-



ción, cunha capacidade media de 23 128 prazas por explotación.

No ámbito normativo, a inclusión na Directiva de Emisións Industriais afecta ás explotacións de máis de 280-300 UGM (aprox. 40 000 polos de engorde ou 21 400 galiñas poñedoras), o que abrangue a práctica totalidade do sector (97 % das granxas de posta e 98 % das de carne). Esta situación xera preocupación polo impacto administrativo e operativo, xa que iguala o trato administrativo das granxas co dunha industria altamente contaminante. As organizacións sectoriais pactaron unha extensa carta do sector gandeiro dirixida ao Ministerio de Transición Ecolóxica e ao Ministerio de Agricultura trasladando a preocupación do sector por esta normativa.

En materia de benestar animal, as propostas normativas poderían reducir en máis do 70 % o número de animais por granxa e esixir investimentos elevados: arredor de 40 000 € en explotacións de posta para manter a capacidade produtiva e ata un millón de euros en granxas de polos, onde a capacidade e os ingresos poderían reducirse a un terzo supoñendo un incremento desmesurado do prezo da carne.

Galicia produce arredor do 12 % da carne de aves en España, tras Cataluña, Andalucía e Valencia. Destaca a cooperativa COREN, cunha cota próxima ao 8 % do mercado estatal e máis do 50 % da produción galega. A nivel estatal, Vall Companys lidera o sector cunha cota do 15 %, que podería alcanzar o 26 % tras a adquisición do Grupo Sada.

No ámbito sanitario e regulatorio, en xaneiro de 2025 declarouse risco alto de influenza aviar en España, adoptándose medidas preventivas, entre elas a prohibición da cría de aves ao aire libre nas zonas de especial risco e vixilancia. A finais de ano, a Xunta de Galicia regulou o mercado do ovo co obxectivo de achegar maior seguridade e axilidade ao sector.

A denominada crise do ovo intensificouse a partir do 13 de novembro de 2025, data na que entrou en vigor o confinamento obrigatorio de todas as aves de curral en España como medida de contención fronte ao incremento dos casos de gripe aviar. Esta disposición, recollida na Orde APA/1288/2025, de 11 de novembro, publicada no Boletín Oficial del Estado (BOE), estendeu a todas as explotacións avícolas —incluíndo as ecolóxicas, de autoconsumo e aquelas destinadas á venda directa— a prohibición de manter as aves ao aire libre. Esta restrición xa se aplicaba previamente nos 1201 municipios considerados zonas de especial risco e especial vixilancia.



O SECTOR CUNÍCOLA

Galicia conta con 179 explotacións de coello para carne. A produción concéntrase en concellos como Abegondo, Ponteceso, Boiro, Chantada, Monfero e Guitiriz, superando os 8 millóns de animais e acadando 11 805 toneladas de carne, cun peso medio de 1,5 kg por exemplar. A capacidade media das explotacións sitúase en 3461 prazas.

A produción concéntrase nas explotacións de maior tamaño, que representan o 25 % e agrupan o 62 % dos animais. A nivel estatal sacrificáronse 56 782 toneladas, situándose Galicia como terceira comunidade produtora, en gran medida polo liderado da cooperativa COGAL, un dos maiores grupos de produción de carne de coello da Península Ibérica.

As principais liñas de traballo do sector, orientadas ao Ministerio de Agricultura, inclúen propostas normativas sobre transporte (densidades e traxectos), ordenación de granxas, seguimento da normativa europea de benestar animal e actuacións coordinadas coa **Organización Interprofesional do sector cunícola** INTERCUN: kits de detección da enfermidade vírica hemorráxica (EVH), material promocional, entre outras.

O sector afronta retos estruturais relevantes: descenso do consumo, presión social e cambios nos hábitos alimentarios, adaptación ás novas esixencias de benestar animal, control sanitario (enteropatías, E. coli, mixomatose) e redución do uso de antibióticos mantendo a rendibilidade.

RETOS EN MATERIA DE BENESTAR ANIMAL

As granxas produtoras de coellos atravesaron nos últimos anos unha prolongada crise con efectos preocupantes para a súa viabilidade. Esta situación vese agravada polo descenso do consumo e pola presión exercida por movementos sociais veganos e animalistas que, xunto coa gran distribución, cuestionan seriamente esta produción gandeira. Ademais, o propio modelo produtivo está sometido a crecente crítica, especialmente en países do norte de Europa, onde o coello é considerado un animal de compañía.

A pesar deste contexto, Galicia presenta condicións moi favorables para a produción de carne de coello. Porén, máis do 80 % da produción debe comercializarse fóra da Comunidade Autónoma. As cooperativas Cogal e Coren desempeñan un papel clave, ao concentrar máis do 60 % da transformación e comercialización dos coellos criados e cebados en Galicia.

Co obxectivo de mellorar a organización do sector, o Ministerio de Agricultura promove a creación de Organizacións de Produtores (OP) mediante normativa específica publicada no BOE. Estas entidades teñen como finalidade concentrar a oferta e facilitar a contratación, aínda que a experiencia doutros sectores, como o lácteo, amosa limitacións na súa eficacia para a defensa dos intereses dos gandeiros.

Pola súa banda, a extensión de norma impulsada pola **Intercun**, que establece unha achega económica obrigatoria, ten como finalidade promover o consumo de carne de coello, mellorar a estabilidade sectorial e a transparencia do mercado, reforzar a imaxe da interprofesional e contribuír á mellora global do sector ao longo de varias campañas.

No ámbito normativo europeo, trasladouse ao sector a previsión de catro novos regulamentos en materia de benestar animal: en granxa, transporte, matanza e etiquetado. No relativo ao **benestar en granxa**, propúxose a substitución das gaiolas por currais elevados cun período transitorio de 10 anos, ampliado a 15 no caso das femias reprodutoras, condición considerada non asumible polo sector. Así mesmo, prevese o incremento do espazo dispoñible ata 32 kg/m² nun prazo de 10 anos. Desde o sector solicítase separar os animais dos seus excrementos, incrementar a capacidade de carga e ampliar os períodos transitorios. Finalmente, o regulamento relativo ao benestar en granxa quedou aprazado.

Con relación ao benestar en transporte (segue a súa tramitación), reduce case á metade a posibilidade de carga, o que practicamente duplicará as emisións de CO₂. Respecto do **benestar na matanza**, pretenden regular a prohibición do uso de CO₂ en alta concentración para proceder ao atordamento dos coellos, así como a vídeo vixilancia nos matadoiros.

Cómpre salientar que máis do 95 % da produción de coellos se realiza actualmente en gaiolas, polo que a súa eventual prohibición tería un impacto moi relevante na estrutura produtiva e no equilibrio da cadea alimentaria. Estímase que a produción podería reducirse aproximadamente á metade en cada explotación. Este impacto estenderíase non só ás granxas, senón tamén ao conxunto da cadea (matadoiros, fábricas de penso, servizos veterinarios e empresas auxiliares).

➤ Neste contexto, o sector subliña a **necesidade de considerar os tres piares da sustentabilidade** —económico, ambiental e social— para evitar a deslocalización da produción cara a países con menores esixencias en benestar animal.

De forma xeral, considérase que as propostas normativas terán un impacto moi negativo, comprometendo incluso a posibilidade de realizar baleirados sanitarios. Ademais, a ausencia de axudas económicas para a adaptación agrava a situación. As estimacións do sector apuntan a unha redución da produción entre o 40 % e o 45 % por explotación.





O SECTOR PORCINO

O sector porcino español destacou pola súa capacidade para superar a crise de prezos iniciada en 2014 mediante a orientación cara aos mercados exteriores, asumindo sen apoio directo da PAC os custos derivados das esixencias en benestar animal, transformación e estabilización das materias primas.

➤ Grazas ao **incremento da produción na última década**, á súa eficiencia produtiva e á súa capacidade de adaptación, consolidouse como unha actividade de referencia do sector agrario e líder nas exportacións agroalimentarias.

O modelo produtivo baséase maioritariamente na integración (máis do 63 %), complementado por cooperativas (17 %) e explotacións independentes (20 %). Tras unha situación crítica en 2015, con prezos por debaixo de 1 €/kg, en 2016 acadouse unha recuperación ata 1,13 €/kg. Posteriormente, rexistráronse novas caídas en 2017 e 2018, seguidas dunha forte repunta motivada pola Peste Porcina Africana (PPA) en China, que elevou os prezos na UE un 36 %. En 2020, a COVID-19 e a PPA en Alemaña provocaron unha nova caída. España consolidouse como terceiro proveedor de carne de porcino en China, tras Estados Unidos e Alemaña.

Galicia representa o 4,5 % da produción estatal, cun papel destacado de cooperativas como CO-REN e outras entidades de menor tamaño, evidenciando a eficiencia do sistema produtivo e da cadea agroindustrial. A progresiva diversificación dos mercados, incluíndo países da UE e América, compensou parcialmente a perda de peso de China, permitindo manter prezos elevados ata finais de 2022.

Segundo datos da Consellería do Medio Rural (2020), Galicia conta con 2593 granxas de porcino (458 na Coruña, 1267 en Lugo, 364 en Ourense e 504 en Pontevedra), cunha produción de 91 602 toneladas (4000 toneladas menos que a carne de vacún), un peso medio de 90,6 kg por animal e un 65 % da produción destinada á transformación industrial. A capacidade media sitúase en 592 prazas por explotación. Ademais, o sector ten unha función relevante na fixación de poboación no territorio, especialmente en zonas rurais.

A distribución territorial destaca en concellos como Rodeiro (104 261 porcos) e Silleda (98 776), así como A Limia, Chantada, Sarria, Melide e Abegondo. O número de explotacións medra desde 2016, consolidándose xunto coa avicultura fronte ao descenso do ovino, que se reduciu á metade.

No ámbito regulatorio, en 2023 a UE incluíu o sector na Directiva de Emisións Industriais (a partir de 300 UGM, 1170 prazas en cebadeiros e 700 en



porcas; ata 380 UGM en explotacións mixtas). As novas esixencias de benestar animal, cuxa entrada en vigor se adiou ao 9 de xaneiro de 2026, implicarían unha redución de case 200 000 animais sobre un censo de preto de 1,3 millóns, é dicir, un 15 % menos de capacidade (entre o 8 % e o 12 % das prazas).

A adaptación das explotacións require importantes investimentos —máis de 500 000 € nunha granxa de 1200 porcas, que pasaría de 16 a 12 animais por unidade—, ademais de enfrontarse a cargas administrativas. Neste contexto, o Tribunal Supremo sinalou a insuficiencia do informe de impacto económico da normativa ao non avaliar adecuadamente os efectos do aumento da superficie por animal.

En relación coas propostas de Benestar en Granxa —inicialmente previstas para o 8 de marzo de 2025 e posteriormente adiadas ao 9 de xaneiro de 2026—, estímase que a súa aplicación suporía a redución de case 200 000 porcos nas granxas galegas sobre un censo próximo aos 1,3 millóns de animais, o que implica unha diminución da capacidade do 15 % (entre un 8 % e un 12 % das prazas dispoñibles). O sector manifesta de forma unánime a súa preocupación pola sucesión de cambios normativos en curtos períodos de tempo, que dificultan a amortización dos investimentos e xeran incerteza.

Así mesmo, calcúlase que esta normativa provocaría perdas de entre 2 € e 2,5 € por animal. A adaptación das explotacións, incluída a súa ampliación, implica importantes cargas administrativas, investimento e limitacións burocráticas, polo que o sector demanda un marco normativo estable.

No ámbito da innovación sanitaria, o 29 de abril a FDA (Administración de Alimentos e Medicamentos dos Estados Unidos) aprobou un porco con xenoma editado resistente ao síndrome reproductivo e respiratorio porcino (PRRS), desenvolvido por Genus PLC, a principal empresa de cría de porcino nos Estados Unidos.

➤ O PRRS continúa sendo a enfermidade endémica de maior impacto económico neste país. **A modificación xenética** consiste na eliminación dunha pequena porción dun xene que impide a infección, sen incorporación de ADN alleo.

➤ En relación cos mercados, o ano 2025 iniciouse cunha cotización firme da carne de porcino e cunha **elevada demanda, mantendo unha tendencia alcista ata mediados de ano, asociada á redución estacional da oferta durante o verán.**

Non obstante, a finais de novembro, a aparición da PPA provocou unha caída brusca dos prezos debido ao peche das exportacións cara aos principais mercados compradores.

Durante 2025, as principais preocupacións do sector centráronse nas actividades de INTERPORC e no seguimento da normativa europea, especialmente en materia de benestar animal no transporte e en granxa —en fase de debate—, así como no Regulamento de Deforestación e na Directiva de Emisións, tamén condicionados polas esixencias da distribución.

No ámbito internacional, en 2024 China iniciou medidas *antidumping* contra o porcino europeo, o que implicou a apertura de investigacións ás principais cooperativas exportadoras —debido ás vendas realizadas en 2023— e a posta en marcha de complexos procedementos de achega de información en prazos reducidos. En setembro de 2025, as autoridades chinesas publicaron o resultado preliminar da investigación, establecendo medidas *antidumping* aplicables durante cinco anos ás exportacións comunitarias a partir do 10 de setembro de 2025.

Pola súa banda, Galicia destacou nos premios Porc d'Or ao liderar o palmarés con 16 galardóns dos 43 concedidos (13 en Ourense e 3 na Coruña), maioritariamente en explotacións vinculadas a COREN. Estes recoñecementos coinciden coa demanda do sector de contar cunha estrutura industrial máis sólida, baseada en grandes matadoiros e industrias de transformación.

O 26 de novembro confirmouse a presenza de PPA en Barcelona tras a detección de dous xabarrís mortos. Aínda que non se rexistraron focos en granxas, o impacto sobre o sector foi significativo. Trátase dun problema de sanidade animal —sen risco para a saúde humana—no que España mantén un elevado nivel de vixilancia e control. A prioridade do sector céntrase en garantir a transparencia informativa ante gobernos e mercados internacionais, dado que esta situación ameaza arredor de 5000 empregos en Galicia.

Finalmente, en colaboración coa cooperativa Tres Fuciños, S.Coop. Galega, de porco celta, organizouse unha xornada técnica na que participaron Mercedes Izquierdo (Centro de Investigacións Científicas e Tecnolóxicas de Estremadura, CICYTEX), quen abordou a cría e alimentación do porco ibérico; Roberto Bermúdez (Centro Tecnolóxico da Carne, CETECA), que expuxo as características da carne de porco celta; María Rosa Mosquera (Universidade de Santiago de Compostela, USC), que analizou os efectos da súa crianza sobre o solo e a biodiversidade; Iván Rodríguez (Asoporcel), que presentou as explotacións e proxectos en Galicia; e Isabel Costas (Tres Fuciños), que explicou o modelo cooperativo de produción e comercialización.





SECTOR DE VIÑO-INTERIOR E VIÑO-COSTA



Xoán Allegue López
(ata xullo) e



Carlos Carrión Álvarez
(desde xullo)

*Representantes da
Xunta Sectorial
Vitivinícola Costa*



Javier Iglesias Sendín

*Representante da
Xunta Sectorial
Vitivinícola Interior*

➤ A viticultura galega conta cunha **tradición secular profundamente arraigada** no territorio e na sociedade.

Na actualidade, o modelo produtivo oríentase principalmente cara á **elaboración de viños de calidade vinculados ás Denominacións de Orixe (D.O.)** e, en menor medida, a viños da terra con capacidade de competir nos mercados internacionais. Neste contexto, o viño con D.O. consolidouse como o principal produto do sector agrícola galego.

O sector vitivinícola galego caracterízase, ademais, por unha **elevada atomización empresarial** e por uns **custos de produción elevados**. Aínda así, as **adegas cooperativas** adquiriron un papel relevante, especialmente no ámbito da comercialización, contribuíndo de forma significativa á **proxección** e posicionamento do viño galego nos mercados.

MERCADOS, PREZOS E CONSUMO

As adegas cooperativas afrontan a actual conxuntura económica cunha **actitude resiliente e orientada ao optimismo**, a pesar das dificultades financeiras e das tensións nos mercados. As **apostas estratéxicas** realizadas nos mercados exteriores están a dar **resultados positivos**, reflectidos no incremento das exportacións, consolidándose as cooperativas como a principal ferramenta de internacionalización dos viños galegos.

Neste contexto, as cooperativas vitivinícolas amosan unha **elevada capacidade de adaptación á contorna económica**, desempeñando un papel clave no desenvolvemento económico de Galicia. A súa actividade céntrase en manter unha adecuada relación calidade-prezo, cada vez máis valorada polos consumidores, ao tempo que im-

pulsan iniciativas de investigación orientadas á mellora da calidade dos viños e á optimización dos custos de produción. Porén, o sector enfróntase á **crecente presión competitiva de grandes grupos empresariais vitivinícolas** que se están a posicionar en Galicia atraídos polas variedades con maior demanda nos mercados —albariño, treixadura e godello—. Estes operadores desenvolven estratexias orientadas á captación de mercado, que inclúen **presión á baixa sobre os prezos da uva** e a obtención de amplas marxes económicas en detrimento das persoas produtoras.

As cooperativas vitivinícolas sitúanse nunha **posición de mellora competitiva** ante un novo perfil de consumidor que valora a **proximidade á orixe e a redución de intermediarios**. A súa **estrutura financeira sólida e a orientación a longo prazo** contribúen a unha maior solvencia, permitindo afrontar con maior estabilidade as situacións de crise.

Neste contexto, as adegas cooperativas socias de AGACA consideran prioritario **reforzar a comercialización mediante apoio público**, co obxectivo de **ampliar a presenza en novos mercados, especialmente internacionais**. Así mesmo, propónse o impulso de **misións comerciais directas máis flexibles**, que permitan ás propias empresas xestionar as súas axendas e calendarios.

Por outra banda, deféndese a **desvinculación do viño dos problemas asociados ao alcoholismo**, destacando que o seu **consumo moderado forma parte da alimentación, da cultura e da tradición**. Neste sentido, Galicia debe **reforzar a súa imaxe como territorio produtor de viños de alta**

calidade, especialmente brancos, explorando a posibilidade de articular unha **estratexia conxunta baixo a marca Galicia**, que complementa as Denominacións de Orixe mediante **subzonas ou áreas produtivas**.

AGACA mantense activa na **defensa do sector fronte a propostas normativas restritivas**. O sector vitivinícola constitúe un **piar fundamental da economía galega**, cunha ampla cadea de valor que xera **Valor Engadido Bruto en comarcas clave** como O Ribeiro, Salnés, Valdeorras, Monterrei, O Rosal, Ulla, Ribeira Sacra e O Condado. Ademais, destaca pola súa **contribución á fixación de poboación no medio rural** e pola xeración de **miles de empregos directos e indirectos**.

➤ O viño representa tamén un elemento esencial desde o punto de vista cultural, ambiental e territorial, actuando como **ferramenta de prevención de incendios en terras abandonadas** e exercendo un efecto tractor sobre outros sectores.

Finalmente, cómpre salientar o seu **peso na balanza comercial galega**, ao ser un dos principais produtos de exportación agroalimentaria e contribuír á **proxección da imaxe de Galicia como produtora de alta calidade**.



MARCO NORMATIVO E POLÍTICAS SECTORIAIS

Nun exercicio de responsabilidade, o sector vitivinícola español, a través da **Organización Interprofesional do Viño de España (OIVE)**, reforza desde 2018 o seu compromiso coa sociedade mediante o **Código de Comunicación Comercial do Viño**, que supón un avance na **responsabilidade social do conxunto do sector vitivinícola español e galego**. Este código garante que a comunicación do viño incorpore **mensaxes de moderación**, evitando o fomento do consumo abusivo e prexudicial.

Faise especial fincapé na **protección dos colectivos máis vulnerables** e nas situacións incompatibles co consumo de alcohol, como é o caso de **menores de idade, mulleres embarazadas e conducción**.

Neste marco, establécense criterios específicos para as comunicacións comerciais dirixidas a menores:



As **páxinas web** deben incorporar mecanismos de control de acceso que impidan a entrada de menores.



As comunicacións comerciais **non deben dirixirse a menores nin representalos consumindo ou promovendo o consumo**.



Non deben difundirse en **espazos ou contornos especificamente orientados a público infantil ou xuvenil**.



Non deben asociar a **abstinencia con inmaturidade nin o consumo con crecemento ou madurez**.



Non deben empregar **elementos atractivos para menores** (imaxes, símbolos, música, estilos etc.).



Os produtos **sen alcohol** quedan sometidos ás mesmas restricións publicitarias que os seus equivalentes con alcohol.

O sector aposta por unha cultura do viño sostible, que promova estilos de vida saudables, implicando a todos os axentes da cadea de valor. Neste sentido, asume un compromiso de responsabilidade social, fomentando un consumo responsable e incidindo especialmente en cando non se debe consumir alcohol, co obxectivo de contribuír á redución dos danos asociados ao seu abuso.



➤ Ao mesmo tempo, mantense a defensa do viño como **produto ligado ao gozo, á cultura e á tradición**, promovendo a súa cata e consumo pausado en persoas adultas.

Así como a divulgación das súas características, calidades, variedades e procesos de elaboración, sempre desde unha perspectiva de consumo responsable.

É necesario que as autoridades de saúde pública ponderen adecuadamente os posibles riscos asociados ao consumo co necesario equilibrio do desenvolvemento económico e social, aplicando criterios de proporcionalidade e razoabilidade.

Neste sentido, a **Organización Mundial da Saúde (OMS)** reconece que a exposición ao sol sen protección implica riscos canceríxenos, sen que isto derive en medidas restritivas equivalentes de carácter xeral, o que evidencia a necesidade dun enfoque equilibrado na xestión dos riscos.

Así mesmo, xera preocupación a iniciativa de Irlanda de incluír advertencias sobre o risco de padecer cancro no etiquetado do viño e da cervexa, cuestión que deberá ser **obxecto de seguimento nos vindeiros anos polo seu posible impacto no sector**.

Finalmente, cómpre destacar que as **cooperativas vitivinícolas galegas que comercializan viño con marcas propias** constitúen un **modelo singular no conxunto do Estado**, exercendo un papel **estabilizador e regulador do mercado nas Denominacións de Orixe (DO)**. Estas entidades, impulsoras dos **contratos homologados**, contribúen á estabilidade das comarcas produtoras. Neste sentido, considérase necesario desenvolver un **plan de promoción comercial e competitividade do viño galego**, vinculado a estes contratos, así como combater a **economía somerxida e o viño sen etiquetar**, avaliando a actualización dos **rendementos produtivos por variedade e DO**.

AS ADEGAS COOPERATIVAS

As adegas cooperativas de viño galegas afrontaron un ano 2025 complexo, marcado por un cambio significativo nas estratexias comerciais das grandes adegas, moitas delas procedentes doutras comunidades autónomas. Nos últimos dous ou tres anos, estas empresas centráranse na captación de cota de mercado en variedades como albariño e godello; porén, na actualidade obsérvase unha retirada parcial, especialmente no albariño, que está a provocar importantes distorsións no mercado. Así, produtores que chegaron a percibir prezos de ata 3,5 €/kg pola uva enfróntanse agora a contratos arredor de 1,5 €/kg, xerando incerteza entre os provedores.

Esta situación coincide coa consolidación **dun cambio nos hábitos de consumo**, caracterizado polo **descenso do consumo de viños tintos en favor dos viños brancos**. Os viños brancos galegos experimentan unha **elevada demanda nos mercados**, o que impulsou o seu valor, especialmente nas adegas de menor dimensión que partían de maiores dificultades comerciais. Destaca particularmente a **forte demanda da variedade godello**, fronte a unha maior estabilización no resto dos viños brancos.

En termos xerais, a **suba dos prezos da uva godello** viuse compensada polo **descenso significativo dos viños tintos e da uva mencia**. Esta evolución sitúa aos viños tintos galegos nunha **posición especialmente complexa**, con especial incidencia na **DO Ribeira Sacra**. No ámbito das cooperativas, en 2025 obsérvase un **forte incremento do prezo da uva godello**, mentres que **albariño e treixadura manteñen prezos elevados**, e a **uva mencia experimenta unha lixeira caída**.

A nivel estrutural, o **consumo de viño tinto leva anos en descenso**, cunha redución do **25 % nos últimos 20 anos**. Francia, cun descenso do **50 %**, lidera esta tendencia, parcialmente compensada polo aumento do consumo de viño rosado. De feito, no ano 2013 os **viños brancos superaron por primeira vez aos tintos na produción mundial**, consolidando un cambio de tendencia a nivel global.

Finalmente, o 1 de outubro publicouse no DOG a orde pola que se establecen as **bases reguladoras das subvencións para a destilación voluntaria de crise**, en réxime de concorrencia non competitiva. Trátase dunha ferramenta de apoio ao sector que se agarda non sexa necesaria, confiando en que sexa o **propio mercado quen retribúa axeiadamente ás persoas produtoras das Denominacións de Orixe de Galicia**.

O ano 2025 trouxo unha nova reflexión a nivel da Unión Europea sobre a **Intervención Sectorial Vitivinícola**, coa finalidade de realizar unha **revisión intermedia** e mellorar o seu funcionamento. Esta revisión artículase arredor de **tres grandes obxectivos: a xestión do potencial produtivo**, o reforzo da **resiliencia do sector ante o cambio climático e a volatilidade dos mercados**, e a **adaptación ás tendencias e oportunidades de mercado**. A Comisión Europea aposta por unha **abordaxe flexible**, baseada nunha “caixa de ferramentas” que os Estados membros poidan aplicar segundo as súas necesidades, favorecendo así a adaptación das estratexias nacionais e rexionais.



No ámbito fitosanitario, e impulsado pola adega cooperativa **Viña Costeira**, iniciáronse actuacións ante a **expansión da flavescencia dourada (FD)**, praga corentenaria segundo os Regulamentos (UE) 2019/2072 e 2016/2023. Desde a súa detección na ribeira galega do Miño, obsérvase un **avance acelerado nos viñedos das DO Ribeiro e Rías Baixas**, con consecuencias económicas relevantes derivadas da **perda de rendemento produtivo** e do **incremento dos custos de produción** (fitosanitarios, prospección, arranque e eliminación de cepas afectadas).



A afección mantense, polo momento, na contorna da marxe galega do río Miño (Pontevedra e Ourense), pero existe **preocupación pola súa rápida propagación**, segundo a monitorización do insecto vector —*Scaphoideus titanus*— realizada en 2024 en colaboración coa Consellería do Medio Rural, así como pola detección continua de cepas afectadas en zonas vitícolas estratéxicas.

As medidas de control baséanse en **tratamentos fitosanitarios insecticidas**, complementados coa **identificación e eliminación de plantas infectadas**, sendo especialmente relevante a interven-



ción en **viñedos abandonados**, que actúan como foco de propagación. Neste sentido, considérase prioritario desenvolver unha **rede colaborativa de seguimento**, que integre administracións, persoal técnico e viticultores, incorporando **sistemas de monitorización dixital do vector** e mellorando a detección precoz en campo.



Ante esta situación, solicitouse á Consellería do Medio Rural a posta en marcha urxente dun **plan fitosanitario integral para o control e erradicación da FD**, contando coa participación dos servizos técnicos das adegas cooperativas. A Administración anunciou a **intervención en viñedos que non realicen tratamentos**, en liña coas demandas efectuadas desde AGACA.

No ámbito de xestión de mercado, o 21 de febreiro de 2025 publicouse no BOE a resolución que fixa en **19 171 834 €** o orzamento para a **colleita en verde** dentro da Intervención Sectorial Vitivinícola. Esta medida, financiada con fondos detraídos doutras intervencións, aplicarase en varias comunidades autónomas, incluída Galicia, onde se destinaron recursos para a **colleita prematura de máis de 16 hectáreas de viñedo tinto**, a petición das DO Ribeira Sacra e Ribeiro.

No ámbito institucional, produciuse a **alternancia na representación das cooperativas no Consello Regulador da DO Rías Baixas**, coa substitución do representante de Adegas Eidosela, tras dimitir, pola adega **Viña Almirante**.

No eido internacional, unha das principais preocupacións de 2025 foi a política de **aranceis dos Estados Unidos**, caracterizada por ameazas e cambios sucesivos. Finalmente, os aranceis establecidos tiveron un **impacto limitado nos viños galegos**, grazas ao seu **prestixio e boa percepción no mercado estadounidense**, especialmente no caso dos viños brancos, o que permitiu manter a competitividade fronte a viños franceses e italianos e absorber parte do custo sen grandes efectos nos volumes.

En España, o consumo de viño consolidou a súa **tendencia á estabilidade**, alcanzando un consumo aparente de **9,73 millóns de hectolitros** no período marzo 2024 - febreiro 2025, cunha variación do **-0,2 %**, segundo datos do INFOVI (Información de Mercados del Sector Vitivinícola). Esta evolución confirma a estabilización tras a volatilidade derivada da pandemia e da inflación.

A nivel europeo, a produción estimada para 2025 sitúase en **145,5 millóns de hectolitros**, un **1 % superior ao ano anterior**, aínda que un **7,5 % por debaixo da media dos últimos cinco anos**. A pesar da recuperación puntual, persiste unha **tendencia descendente a longo prazo**, cunha diferenza superior a **40 millóns de hectolitros respecto a 2018**, o que evidencia os desafíos estruturais do sector.



No plano empresarial, as adegas cooperativas galegas amosan unha **evolución xeral positiva en 2025**. En Valdeorras, a adega **Vinos Barco** impulsou a reconversión de mencia a godello, consolidándose como referencia nesta variedade.



➤ Na DO Rías Baixas, destacan múltiples fitos: a **Adega Condes de Albarei** recibiu o Premio de Igualdade de Oportunidades; **Paco&Lola** acadou o recoñecemento ao mellor viño branco de España (Prime 2021) e foi distinguida como mellor adega produtora de viño branco do mundo pola International Wine and Spirit Competition, en Londres.

Pola súa banda, **Eidosela** iniciou a súa primeira plantación propia de viñedo, mentres que **Martín Códax** lanzou o “Martín Códax 85” (brut nature con 85 meses de crianza) e anunciou a posta en marcha dunha **planta de compostaxe pioneira no ámbito cooperativo galego**.

Finalmente, diversas cooperativas impulsaron **novidades de produto**, como a mellora do espumoso de Eidosela —un dos primeiros da súa DO— e a introdución de **viños sen alcohol por parte de Viña Costeira e Paco&Lola**, evidenciando a capacidade de innovación do sector.

Galicia está a asumir parte do viñedo que se está arrincando noutras zonas de España, evidenciando unha dinámica diferencial respecto doutras comunidades autónomas.

Así, en 2022 incorporáronse **250 hectáreas de viñedo procedentes doutras rexións**. En 2023, autorizáronse **22 hectáreas de novas plantacións** e replantáronse **344 hectáreas**, maioritariamente procedentes de comunidades como **Castela-A Mancha, Murcia e Navarra**.

A 31 de xullo de 2022, Galicia contaba con **33 524 hectáreas de viñedo plantadas**, cun potencial de

34 163 hectáreas ao incluír as autorizacións aínda non executadas. Estas cifras amosan unha **tendencia de crecemento continuado**, en contraste coa evolución doutras comunidades, absorbendo Galicia **máis do 25 % do viñedo arrincado no resto do Estado**.

Esta situación evidencia unha **clara demanda de dereitos de plantación en Galicia**, unha das poucas comunidades onde o viñedo segue en expansión, o que pon de manifesto as **limitacións do actual sistema de autorizacións**, considerado insuficiente para responder ás necesidades reais do territorio.

Neste sentido, temos manifestado o noso **desacordo co sistema de asignación de autorizacións**, ao consideralo **discriminatorio**, xa que permite acceder a dereitos de plantación a zonas con excedentes produtivos. Pola contra, Galicia recibe un volume reducido de autorizacións en relación coa súa demanda, o que provoca unha **falta de confianza no sistema** e leva a reclamar unha **reforma que vincule a concesión de dereitos á demanda real do mercado**.

Por outra banda, desde AGACA trasladouse á Consellería do Medio Rural a **importancia estratéxica da medida de promoción en terceiros países** no marco da Intervención Sectorial Vitivinícola, ao constituír unha **ferramenta clave para a internacionalización e competitividade das adegas cooperativas galegas**. Neste ámbito, solicítase a **simplificación do sistema de acceso e xustificación das axudas**, avanzando cara a un modelo máis **uniforme, eficaz e con menor carga administrativa**.

Entre outros asuntos abordados nas reunións dos dirixentes das adegas cooperativas galegas destacan:

- **A presión crecente de movementos sociais** contrarios aos tratamentos fitosanitarios e ás novas plantacións
- **A implantación dos novos ecorréximes** (cubertas vexetais inertes e espazos de biodiversidade)
- **O novo etiquetado**
- O sistema de **autorizacións de plantación**
- A **extensión de norma da Interprofesional do Viño**
- A **análise de datos de produción e comercialización**
- As **actuacións da Interprofesional dos Viños de España**

- As **particularidades da Intervención Sectorial Vitivinícola 2023-2027**
- O desenvolvemento de clons resistentes de variedades galegas fronte a enfermidades como o mildio e o oídio, así como o seu rexistro e legalización

Coa nova PAC, aprobada en 2022, o sector vitivinícola contará con **202,1 millóns de euros anuais no período 2023-2027**, priorizando medidas ambientais e de loita contra o cambio climático. As principais liñas de apoio inclúen: **promoción en terceiros países (48 millóns de €)**, **reestruturación e reconversión de viñedos (69,7 millóns de €)**, **investimentos en adegas (53,8 millóns de €)**, **destilación de subprodutos (30,5 millóns de €)** e **colleita en verde**.

Responsables das adegas cooperativas subliñan a necesidade de **defender o modelo produtivo galego baseado no minifundio**, poñendo en valor a **diversidade de parcelas, propiedades e orixe das uvas** como elemento diferenciador de calidade.

Desde o punto de vista produtivo, 2025 foi un **ano complexo marcado por fortes ataques de mildio e oídio**, que afectaron aos viñedos. Engádese a **preocupación pola expansión da flavescencia dourada**, favorecida polo abandono de viñas, especialmente nas DO Rías Baixas e Ribeiro, tras a súa entrada desde Portugal e expansión desde zonas como O Condado e O Rosal.

Neste contexto, as adegas cooperativas reclaman **medidas para o control das plantacións abandonadas**. A vendima desenvólvese con normalidade, priorizando o cumprimento dos contratos de compra de uva, con producións variables e **prezos xeralmente elevados**, agás no caso das uvas tintas, o que permitiu un **balance global positivo da colleita**.

ESTRATEGIA, INNOVACIÓN E ACCIÓN SECTORIAL

Na **xornada estratéxica do viño celebrada en 2025 en Ourense**, organizada por **Cooperativas Agro-alimentarias de España**, abordáronse cuestións de especial relevancia para o sector, entre as que destacan as **consideracións do MAPA sobre o paquete de apoio sectorial vitivinícola**, as **achegas de Cooperativas Agro-alimentarias de España a estas medidas**, as **actuacións desenvolvidas pola Interprofesional do Viño de España (OIVE)**, así como a **situación actual e perspectivas da xestión integrada de pragas no viñado en España**.

Cara a 2026, identifícanse como liñas prioritarias o **seguimento da Lei de Calidade Alimentaria de Galicia (aprobada en 2023)** e a apertura dun **diálogo construtivo coa Xunta de Galicia e cos Consellos Reguladores** para abordar a **renovación dos seus regulamentos**. Neste proceso, considérase fundamental garantir o **axeitado encaixe das adegas cooperativas**, evitando **intervencións administrativas innecesarias**, especialmente no ámbito da promoción.

Por outra banda, desde AGACA mantívose un labor continuado **de información e apoio ás adegas cooperativas**, facilitando contidos sobre a **evolución dos mercados, seguros agrarios, lexislación sectorial, subvencións oficiais, accións formativas e publicacións de interese**.

Así mesmo, trasladouse información relativa ás **reunións dos principais órganos de representación do sector**, como a **Interprofesional do Viño (OIVE)** e o **Observatorio**, entre outros.



Xornada estratéxica do viño. 25 e 26 de xuño 2025.



SECTOR DE VACÚN DE CARNE, OVINO E CAPRINO



**Rafael
Tejada Vázquez**

*Representante da
Xunta Sectorial de
Vacún de Carne,
Ovino, Caprino e
outras carnes*

O sector cárnico presenta unha **elevada relevancia en Galicia**, sustentado nun importante tecido de **vacún de carne** e nunha destacada presenza da **gandería intensiva**. No caso do vacún de carne, sobresa a **IXP Ternera Gallega**, principal indicación de calidade en España e Europa, á que se suma desde 2017 a **IXP Vaca e Boi de Galicia**, orientada a valorizar o vacún maior e captar maior valor engadido no mercado.

A comezos de 2025, o sector enfróntase a unha **diminución do consumo de carne de vacún** (de 5,3 kg per cápita en 2017 a 4 kg en 2023), así como a unha **redución do censo gandeiro** (-3,9 % na UE entre 2020 e 2023 e -2,4 % en España). A isto súmanse o impacto de **novas enfermidades** (EHE, dermatose nodular contagiosa, lingua azul, entre outras), as restricións de movementos e a **hiperegulación normativa**, especialmente no ámbito ambiental e de ordenación de explotacións, que dificultan a continuidade da actividade. Ademais, a **exclusión de determinados produtores das axudas da PAC** agrava a situación. Por tanto,

as previsións sectoriais son dunha forte redución bruta da produción na UE acompañada dunha forte redución do consumo.

Os **retos principais** inclúen a normativa de **Beneitar Animal no Transporte**, a normativa ultra burocrática relacionada co uso de alimentos procedentes de terras deforestadas ligado á aplicación do **Regulamento de Deforestación (EUDUR)**, a inseguridade e incertezas asociadas aos acordos de **MERCOSUR**, con graves consecuencias para o sector de vacún de carne, e todos os aspectos relacionados co impacto das **enfermidades animais** como a lingua azul, tuberculose, EHE e DNC. A isto súmanse as dificultades de **valorización de subprodutos** (coiros, sangue e xestión de SANDACH), os ataques de **animalistas e veganos** relacionados coa saúde, a imaxe do produto, o impulso de produtos “substitutivos” de ultra procesados vexetais, a sostibilidade e novas normativas.

No contexto europeo, cómpre salientar que a **UE mantén historicamente os prezos da carne máis elevados**, situándose España tamén entre os máis altos, só superada por **Suecia**. Segundo datos comunitarios, en 2025 as producións de **carne de bovino e de cordeiro consolidaron a súa tendencia descendente**, cunha caída media do **-5,3 %**, resistíndose unicamente lixeiros incrementos en **Bélxica, Grecia, Luxemburgo, Hungría e Romanía**.

Paralelamente, **o rabaño europeo continúa reducindo o seu tamaño de forma sostida nos últimos anos**, unha dinámica que tamén se observa en **Estados Unidos**, o que evidencia unha **tendencia estrutural de contracción da produción no eido internacional**.

VACÚN DE CARNE



➤ En Galicia, falar de vacún de carne é referirse, case en exclusiva, á IXP Ternera Gallega, pola súa **ampla implantación e relevancia no desenvolvemento do sector.**

Os criterios de diferenciación por calidade establecéronse xa en 1989, froito do traballo conxunto de diversos axentes —entre eles, AGACA— e do apoio da Administración autonómica, dando lugar ao recoñecemento de “Produto Galego de Calidade Ternera Gallega” para as carnes producidas, transformadas e comercializadas en Galicia.

Desde 1990, a IXP desenvolveu un intenso labor de información e vertebración sectorial, integrando produtores, cebadeiros, industrias cárnicas e matoiros. Na actualidade, constitúe o principal eixe organizativo do vacún de carne en Galicia.

O sector debe seguir con atención as dinámicas internacionais, especialmente as derivadas das políticas comerciais dos Estados Unidos e dos acordos como UE-MERCOSUR ou o posible acordo UE-Australia. Existe unha percepción xeneralizada na cadea de valor de que as garantías ofrecidas polas institucións europeas serán insuficientes para protexer o sector. En particular, o **acordo UE-MERCOSUR permitiría a entrada de 99 000 toneladas de carne de vacún a custos entre un 18 % e un 32 % inferiores**, o que supón unha competencia en condicións desiguais. O sector considera contraditorio que, mentres se lideran políticas de loita contra o cambio climático, se permita a entrada de produtos que non cumpren os mesmos estándares produtivos.

DEBATES NO SECTOR

A comezos de 2022 iniciáronse os traballos da Estratexia de Dinamización do Sector Cárnico Galego, con participación activa das cooperativas, sendo finalizada ese mesmo ano e publicada en 2023.


Segundo esta Estratexia:

- O sector cárnico galego está conformado por 43 000 explotacións, 192 industrias e 4601 empregos directos
- Inclúe 19 500 ganderías de vacún, 15 000 de ovino e cabrún, 4000 de cabalos, 2500 de porcino, 1000 de aves e 179 de coellos
- Ocupa 307 000 hectáreas, principalmente en zonas desfavorecidas
- Obsérvase un incremento das producións porcina e avícola e unha redución do ovino e cabrún
- Coexisten numerosas pequenas explotacións con outras de maior dimensión e profesionalización
- A folla de ruta orientase cara á profesionalización, a sostibilidade, a competitividade e a internacionalización

No caso específico do vacún de carne:

- **Lugo concentra máis do 43 %** das explotacións
- **A explotación media** conta con 22,1 animais, xestiona 11 hectáreas en 32 parcelas, emprega 0,37 UTA e presenta unha idade media de 57 anos
- Só existen **73 cebadeiros** con máis de **250 animais**
- Preto do 50 % das explotacións teñen **menos de 10 animais**
- **En novembro de 2021 había 7397 explotacións inscritas na IXP** (6993 de Ternera Gallega Suprema e 404 cebadeiros), distribuídas maioritariamente en Lugo (74 %)
- **En 2021 rexistráronse 135 606 xatos** e certificáronse 95 279 canais, acadando unha produción de 22 000 toneladas de carne

Un dos principais debates no seo da IXP céntrase na **posibilidade de diferenciar unha nova categoría de xatos pasteiros fronte aos de acabado estabulado.**



EVOLUCIÓN DO MERCADO E PREZOS

A comezos de 2025, os volumes de produción de carne de bovino mantivéronse **relativamente estables con lixeiras reducións**, mentres os prezos experimentaron un **incremento significativo (+15 %)**. O censo continuou á baixa, con **120 000 animais menos en España e arredor dun millón menos na UE** respecto ao ano anterior.

O mercado pechou 2025 nun contexto de **oferta axustada e demanda débil**, con **prezos elevados e un equilibrio fráxil**, fortemente condicionado pola situación sanitaria, especialmente pola aparición da **DNC** en outubro en Cataluña. A ausencia de novos focos e o avance da vacinación permitiron certa normalización progresiva.

No ámbito normativo, en 2025 producíronse **modificacións relevantes nun sector altamente regulamentado**, algunhas delas correspondentes a **demandas históricas das cooperativas asociadas a AGACA**, especialmente no relativo ao **Real Decreto de Ordenación de Bovino**. Destaca a **non obrigatoriedade do veterinario de explotación e a eliminación da obriga de dispoñer de patios**. Porén, desde AGACA insístese na necesidade de avanzar noutras modificacións pendentes, como as relativas ao **emparrillado (limitando a súa aplicación ás novas construcións)**, ao **número de cubículos e prazas de alimentación**, así como ás condicións de **carga e descarga de animais**.

O **23 de abril de 2025** publicouse no BOE o **RD 344/2025**, que introduce cambios de relevancia para varios sectores gandeiros. A partir da súa entrada en vigor, a disposición dun **veterinario de explotación**, así como a dun **plan sanitario integral e a dun plan de benestar animal**, pasa a ser **voluntaria**. Con todo, mantéñense as res-

ponsabilidades dos titulares das explotacións en materia de **bioseguridade, uso responsable de medicamentos e control de enfermidades**. Os controis zoosanitarios por parte de veterinarios continúan sendo obrigatorios, aínda que a súa frecuencia pasa a depender do **nivel de risco de cada explotación**, considerándose aquelas que dispoñen voluntariamente de veterinario como de **menor risco sanitario**. Ademais, inclúense modificacións vinculadas ao **RD 992/2022 de uso sostible de antibióticos**.

En paralelo, realizouse un seguimento do **Regulamento de Deforestación (EUDR)**, especialmente relevante para o vacún por tratarse dun **produto sensible**. Os traballos centráronse en **clarificar os mecanismos de xustificación do cumprimento normativo**, así como en **retrasar e simplificar a súa aplicación**, acadándose unha modificación que reduce a carga administrativa para **pequenos produtores e operadores intermedios**, xunto cun **atraso dun ano na súa entrada en vigor**, período no que se continuará revisando e propondo novas melloras.

Por outra banda, desde AGACA propúxose a **exclusión do sector bovino do RD 988/2022**, relativo ás mellores técnicas dispoñibles e ao sistema de cálculo e seguimento das emisións en gandería (**ECOGAN**). A aplicación desta normativa implicaría que as explotacións de bovino (grupos III e IV) teñan que **achegar unha elevada cantidade de información**, incluíndo datos sobre a **estrutura da granxa, produción, alimentación, aloxamento dos animais, sistemas de almacenamento e tratamento de xurros e estercos, aplicación ao campo, consumo de enerxía e auga e xestión de augas residuais**, entre outros. Desde AGACA maniféstase a oposición a esta obriga, ao considerar que **non existe xustificación nin amparo normativo suficiente** para a súa aplicación ao sector.

AS ENFERMIDADES DA DNC, EHE, FEBRE AFTOSA E LINGUA AZUL

O ano 2025 estivo marcado por unha **elevada preocupación sanitaria no sector do vacún**, iniciándose co seguimento da evolución da **enfermidade hemorráxica epizoótica (EHE)** —que tivera un forte impacto no vacún de carne en extensivo en

2024— e finalizando cunha **grande inquietude pola expansión da dermatose nodular contagiosa (DNC)**. Destacou tamén a incidencia do **serotipo 3 da lingua azul**, que afectou de maneira relevante ao mercado de carne de vacún.

EHE

No caso da **EHE**, durante o exercicio 2025 **non se detectaron casos en Galicia nin se rexistraron mortes de animais**, ao contrario do acontecido no ano anterior.

Queda por determinar se esta enfermidade poderá ter impacto futuro ou se existe xa unha certa **inmidade de rabaño**.

Ademais, desde o **8 de abril de 2025** finalizou o período estacional de restricións asociado aos vectores, recuperándose as condicións normais de **movemento de bovinos, ovinos e cabrúns** en relación coa EHE e a lingua azul.

FEBRE AFTOSA (FA)

En relación coa **febre aftosa (FA)**, o **10 de xaneiro de 2025** Alemaña notificou un foco nunha explotación extensiva de búfalos de auga, aplicando de inmediato medidas de **inmovilización, sacrificio e destrución de animais**, así como o establecemento de zonas de **protección (3 km)** e **vixilancia (10 km)** e restricións de movemento.

Posteriormente, detectáronse focos en **Austria, Hungría e Eslovaquia**, que implantaron medidas similares.

A enfermidade foi controlada en abril de 2025 e **non tivo impacto na cabana galega**.

LINGUA AZUL

No caso da **lingua azul**, en 2025 produciuse un **cambio de estratexia**, pasando dun modelo de erradicación a un **modelo de control**, o que implica unha maior circulación do virus.

Permítese o movemento de animais sempre que **non presenten signos clínicos**, establecéndose ademais a **vacinación voluntaria** fronte aos serotipos presentes.

O Ministerio activou tamén un novo **protocolo de importación de animais vivos desde zonas restrinxidas**.

A finais de xullo, confirmouse a presenza da enfermidade en Galicia:



- Aínda sendo voluntaria, a Consellería do Medio Rural recomendou firmemente a **vacinación fronte aos serotipos 3 e 8**, ao considerarse a medida máis eficaz de prevención. **As vacinas poden adquirirse a través das canles habituais, con prescrición veterinaria, e deben aplicarse en animais sans**, xa que a **vacinación en animais enfermos** pode agravar o seu estado.



A INDUSTRIA CÁRNICA

O ano 2025 caracterizouse por un **avance xeral da actividade do sector cárnico español**. Segundo un informe da Asociación de Fabricantes e Distribuidores (AECOC), o **80 % das empresas incrementaron a súa facturación** e o **66 % aumentaron o volume comercializado**, nun contexto de **mellora progresiva das marxes** e cunhas **expectativas prudentes pero favorables para 2026**, condicionadas por factores regulatorios e comerciais. O estudo sinala que a maioría das empresas acadaron os obxectivos previstos, con **incrementos superiores ao 5 % en valor para case a metade delas**, mentres que **unha de cada catro tamén superou este limiar en volume**.

O **contexto internacional** continúa sendo un dos principais factores de incerteza. En particular, o acordo entre a **UE e MERCOSUR** podería ter un impacto negativo debido ao risco de **competencia en condicións desiguais** e ás diferenzas en materia de **seguridade alimentaria e estándares de calidade**.

En 2024, as exportacións de carne e produtos cárnicos acadaron **niveis históricos**, destacando:

A maior preocupación do ano centrouse na **DNC**. O **23 de xuño de 2025** notificáronse os primeiros focos na UE, concretamente en Italia (Sardeña e Lombardía). A enfermidade xa estaba presente no **norte de África (Libia, Arxelia desde 2023 e Tunes en 2024)**, o que, unido á abundancia de vectores, aos movementos incontrolados de animais e á **falta de vacinas e recursos**, incrementa significativamente o **risco de propagación**.

A DNC é unha enfermidade de **tipo A na UE, de erradicación obrigatoria**, sendo clave a **detección precoz**. No bovino presenta un curso progresivo con síntomas como **febre, abatemento, anorexia, secrecións, perda de peso e lesións cutáneas nodulares** que poden necrosarse e permanecer infectivas durante meses. A morbilidade sitúase entre o **5 % e o 45 %**, cunha mortalidade inferior ao **10 %**. A transmisión prodúcese principalmente por **vectores (moscas, tabáns etc.)** e trátase dunha enfermidade non **zoonótica**.

Tras a súa aparición en Italia, a enfermidade expandiuse a **Francia (rexión de Savoia e outras zonas)** e posteriormente a **Cataluña**, onde se confirmou a súa presenza a principios de outubro de 2025. Ante esta situación, desde AGACA solicitouse á Consellería do Medio Rural a adopción de **medidas urxentes de protección do rabaño galego**, así como unha maior información sobre o seguimento da crise sanitaria. Ademais, propúxose valorar a **implantación inmediata da vacinación fronte á DNC**, ante o elevado risco económico e produtivo que suporía a súa entrada en Galicia e a dificultade demostrada por outros países para conter a súa propagación.



CARNE DE PORCO

2 326 258 TONELADAS EXPORTADAS

cun valor de **6518,5** millóns de euros.



CARNE DE VACÚN

251 209 TONELADAS EXPORTADAS

cun valor de **1345** millóns de euros.



CARNE DE OVINO

47 041 TONELADAS EXPORTADAS

cun valor de **348,1** millóns de euros.



ELABORADOS CÁRNICOS

199 685 TONELADAS EXPORTADAS

cun valor de **1623,5** millóns de euros.

Na actualidade, España exporta a **máis de 120 países**, cunha forte presenza en mercados como **China, Xapón, Corea do Sur, México e Marrocos**. Neste escenario, o sector afronta un contexto no que a **resiliencia e a capacidade de adaptación resultan determinantes** para:

- manter o **liderado exportador** en mercados estratéxicos,
- **superar as barreiras sanitarias**, especialmente as derivadas da PPA,
- **diversificar destinos comerciais**, reducindo a dependencia,
- e **aproveitar as oportunidades** derivadas das tensións comerciais internacionais, especialmente entre EE. UU. e China.

Cara ao futuro, espérase que a Unión Europea avance cara a unha **maior protección do sector**, adoptando medidas que reforcen a **produción, transformación e comercialización**, nun contexto no que resulta fundamental **mellorar a reputación da cadea de valor cárnica**.

No caso específico do vacún, o **descenso do número de vacas reprodutoras** comeza a ter impacto directo sobre a industria. Ademais, o sector transformador enfróntase a custos enerxéticos elevados e á incidencia de medidas como o **imposto ao plástico**, que incrementan os custos operativos. A isto súmase o efecto do **incremento dos prezos**, que contribúe a unha **contracción do consumo e a unha redución das vendas**.

PROVACUNO

A Extensión de Norma de PROVACUNO constitúe a principal ferramenta de acción organizada do sector de vacún de carne, ao permitir o desenvolvemento de actividades de comunicación e promoción nos mercados interior e exterior, así como a execución de proxectos de investigación, desenvolvemento, innovación tecnolóxica e estudos sectoriais.

No marco do Consello Sectorial, o representante de AGACA insistiu na necesidade de garantir que o **importe descontado aos gandeiros sexa efectivamente transferido a PROVACUNO**, así como de establecer os **mecanismos de control correspondentes**. Neste sentido, considerouse fundamental a **colaboración da Administración a través do sistema SIMOGAN** (Rexistro de identificación individual de animais e Rexistro de movemento de gando), co obxectivo de asegurar un **seguimento exhaustivo das matanzas e previr posibles fraudes**.

Por outra banda, AGACA participou activamente, desde finais de 2024 e ao longo de todo o ano 2025, no proxecto **GO SECUESVAC**, liderado por PROVACUNO, centrado na **avaliación do secuestro de carbono nos pastos onde pacen as vacas de carne en España**. No marco deste proxecto, realizouse a **toma de mostras en diferentes pastos galegos pertencentes a explotacións sociais de cooperativas do sector**, contribuíndo así ao avance do coñecemento sobre a sustentabilidade da produción.



OVINO E CABRÚN



➤ Ao longo de 2025, os mercados de ovino e cabrún **mantiveron un bo nivel de prezos**, o que permitiu compensar parcialmente o forte incremento dos custos de produción.

Os **pequenos ruminantes** configúranse como un **complemento estratéxico para moitas explotacións de vacún de leite**, ao tempo que avanza no recoñecemento do seu **papel económico, social e ambiental** como elemento clave para o futuro do medio rural galego. Neste contexto, iniciativas como **OVICA**, a cooperativa **Vélaro**, a marca **Pastores de Galicia** e outras entidades vinculadas constitúen unha **rede de interese estratéxico**, contribuíndo á **loita contra o despoboamento rural** e á **xestión da biomasa**, fundamental na prevención dos incendios forestais durante os períodos de seca.

Desde AGACA préstase **apoio e acompañamento ás iniciativas impulsadas polos propios actores do sector**, así como labores de información sobre a **extensión de norma da Organización Interprofesional de Ovino e Cabrún de Carne**. Neste ámbito, a marca **Pastores de Galicia** representa un **avance significativo en termos de visibilidade e posicionamento**, tanto desde a perspectiva produtiva como comercial, contribuíndo tamén a un maior **recoñecemento por parte das persoas consumidoras**.

ACONTECEMENTOS

Ao longo de 2025, desde a Unión de Cooperativas AGACA desenvolveuse unha **participación activa nos principais debates e cuestións estratéxicas do sector de vacún de carne** (modificación de varios reais decretos de Bovino: Veterinario de Explotación (finalmente eliminado como obrigatorio); Plan Sanitario Integral (eliminado como obrigatorio); modificación na trazabilidade e marcado dos animais, destacando as seguintes actuacións:

- **Marco normativo de bovino:** participación nos debates de modificación de diversos reais decretos, especialmente en relación co veterinario de explotación e o plan sanitario integral (finalmente eliminados como obrigatorios), así como cambios en trazabilidade e marcado de animais
- **Aplicación da PAC (PEPAC):** seguimento das axudas asociadas e ecorrécimes con impacto directo no sector
- **Custos de produción:** análise da problemática da falta de palla, agravada polo elevado consumo en Galicia debido á humidade e polo seu alto custo
- **Planificación sectorial:** participación na elaboración do Plan Estratéxico do sector de Vacún de Carne de Cooperativas Agro-alimentarias de España
- **Sanidade animal:** seguimento da situación derivada de enfermidades como EHE, DNC, FA, lingua azul e tuberculose
- **Regulación europea:** análise do estado dos regulamentos de Deforestación, Benestar Animal e Emisións Industriais
- **Lei da Cadea Alimentaria:** avaliación das súas implicacións para o sector de vacún de carne
- **Relacións comerciais:** estudo e difusión de modelos de contratos en vacún de carne, abordando problemáticas como calidades, indicadores de prezo e sistemas de prezos variables ou mixtos
- **Sostibilidade:** impulso de medidas orientadas á redución da pegada de carbono
- **Innovación e proxectos:** participación na posta en marcha de proxectos supraautonómicos como **GO SECUESVAC** (secuestro de carbono) e **Blood4Goods** (valorización de subprodutos, especialmente sangue de porco e vacún)



SECTOR DE HORTALIZAS, FLORES, APICULTURA E OUTROS



Alberto Amil Chaves

Representante da Xunta Sectorial de Froitas e Hortalizas

HORTA

En Galicia existe unha horta de carácter familiar, caracterizada por un elevado nivel de autoconsumo e pola comercialización dos excedentes nas épocas de maior produción. En moitas ocasións, este modelo produtivo está condicionado polo carácter complementario dos ingresos nas familias, cos inconvenientes que isto supón. Porén, cada vez é maior a presenza de auténticos empresarios e empresarias hortícolas profesionais que subministran aos grandes grupos de distribución.

- Esta tendencia, en constante crecemento nos últimos anos, tradúcese en **menos persoas produtoras, pero explotacións de maior dimensión e profesionalización.**

Precisamente, a transparencia e a profesionalidade das cooperativas hortícolas favorecen que arredor delas se agrupen estes empresarios e empresarias agrarias, moi espallados no ámbito gandeiro e cunha menor implantación tradicional no ámbito agrícola en Galicia.

A comercialización está altamente influída polas condicións climatolóxicas, que determinan a estacionalidade da produción. **No eido cooperativo concéntranse os produtores e produtoras máis profesionais da agricultura**, con maior vinculación económica e dependencia dos ingresos procedentes da produción hortícola.

Nos últimos anos, a combinación de pequenas subidas de prezos e o incremento dos custos das materias primas e doutros insumos permitiu que o sector mantivese a súa rendibilidade económica e puidese aumentar a produción co obxectivo de incrementar as rendas. En consecuencia, **os esforzos céntranse en producir máis, mantendo controlados os custos de produción.**

COMERCIALIZACIÓN, COOPERACIÓN E MERCADO

En 2011 púxose en marcha un proxecto de intercooperación para a **comercialización conxunta con VEGALSA**, coordinado por AGACA. O proxecto Vegalsa-Eroski atópase actualmente en fase de crecemento e pode constituír o xerme dunha maior colaboración entre as cooperativas hortícolas galegas, permanecendo aberto á participación doutras entidades.



As cooperativas participantes consideran que a colaboración é imprescindible para gañar visibilidade e consolidar unha empresa hortícola forte. Por este motivo, as entidades que desexen incorporarse deben asumir un importante compromiso de servizo, contar con socios e socias disciplinados, organizados e planificados de maneira coordinada e, finalmente, dispoñer de capacidade para xestionar os desvíos respecto das previsións. O crecemento do 17 % na facturación con Vegalsa, ata alcanzar os 3 210 683 euros netos, evidencia por si mesmo o carácter positivo desta relación comercial.

➤ O ano 2025 foi irregular, como adoita: unha primavera húmida e fría, xunto cun verán de moita calor que rematou bruscamente a comezos de setembro. Malia isto, **a campaña produtiva foi globalmente positiva**, aínda que con matices segundo os cultivos.

A **producción de feixón foi frouxa**, xa que un verán excesivamente caloroso reduce os rendemen-

tos. Pola contra, rexistrouse unha **boa campaña de Padrón normal e un incremento da produción de Padrón doce**, o que indica unha evolución do mercado cara a esta variedade. **O pemento branco** segue tendo **boa aceptación** no mercado galego.

Tamén se observa un incremento da demanda de **tomate de calidade**, o que está a favorecer unha maior produción e mellores prezos. Así mesmo, o **mercado galego continúa demandando leituga de procedencia galega**, mesmo en IV gama. A **demanda de repolo de orixe galega mantense igualmente forte** en distintas variedades. **O porro galego tamén tende a medrar no mercado** ano tras ano, a pesar das dificultades para produci-lo só durante medio ano en Galicia, aínda que neste caso os prezos se reduciron. Pola contra, **descende en xeral a produción de cebola en Galicia**, xa que a retirada de determinadas materias activas fitosanitarias está a dificultar notablemente a loita contra o pulgón.

No capítulo de **produtos BIO**, o balance dos mercados continúa a ser moi pobre. O que nun momento foi un *boom* de presenza destes produtos nos lineais dos supermercados tende case a desaparecer, polo que a súa comercialización deberá orientarse, definitivamente, cara a outras canles.

Entre as cuestións de futuro, a principal **incógnita** continúa a ser, un ano máis, a normativa **sobre envases**. Como aínda non existe claridade suficiente, as cooperativas seguen comercializando con plástico á espera de que se concrete.

CONTEXTO SECTORIAL, NORMATIVO E TENDENCIAS

Segundo datos do Ministerio, **a produción de hortalizas en España na campaña 2024-2025 retrocedeu un 1,1 % en superficie** respecto de 2023-2024. Destaca o incremento do cogombro, que volveu medrar por cuarto ano consecutivo, acadando unha superficie un 10 % superior á media. Pola súa parte, o pemento e a berenxena experimentaron retrocesos, especialmente esta última, cunha caída da superficie próxima ao 8 % respecto dos valores medios. O volume produtivo de hortalizas de invernadoiro incrementouse lixeiramente. En consonancia coa superficie, tanto o tomate como o cogombro presentaron aumentos de volume, mentres que a cabaciña, a berenxena e, previsiblemente, o pemento, rexistraron descensos, sendo o da berenxena o máis acusado.

Considerando a produción en invernadoiro e ao aire libre, así como a de froitas, o ano 2025 pechou

cun **notable avance do valor da produción**, que medrou un **14,9 %** ata acadar os **28 150 millóns de euros**. Este incremento estivo impulsado pola **subida dos prezos**, especialmente no segmento das froitas, segundo o Observatorio Sectorial DBK.

As froitas rexistraron un **maior dinamismo**, cun crecemento do **24,1 %** ata os **15 016 millóns de euros**, mentres que a produción de hortalizas acadou os **13 134 millóns de euros**, cun aumento máis moderado do **5,9 %** e unha **lixeira caída do 1,2 % en volume**.

As exportacións de froitas e hortalizas mantiveron unha **tendencia expansiva**, acadando os **18 569 millóns de euros (+6 %** respecto de 2024). As froitas medraron un **8,8 %** (ata **10 548 millóns de euros**) e as hortalizas un **2,5 %** (ata **8 021 millóns de euros**). A **Unión Europea** continúa a ser o principal destino, especialmente **Alemaña, Francia** e o **Reino Unido**. Pola contra, **Marrocos consolídase como principal orixe das importacións**, cun **42 % das hortalizas** e un **19 % das froitas**.

En relación coa PAC, solicitouse que as Organizacións de Produtores de Froitas e Hortalizas (**OPFH**) **continúen en Galicia** nas condicións actuais. As modificacións previstas nos Programas Operativos e outras iniciativas legislativas, xunto coa normativa sobre envases, o “Diálogo Estratéxico sobre o Futuro da Agricultura” e a Lei de Desperdicio Alimentario, centraron a atención do sector.

Entre as cuestións de futuro, destaca a incerteza sobre a normativa de envases, que continúa sen definirse con claridade.



ESTRUTURA, RETOS E ACTUACIÓN DE AGACA

En 2023, as cooperativas e AGACA participaron na elaboración do **Plan Estratéxico da Horta de Galicia 2023-2030**. Segundo este documento (da Consellería do Medio Rural), a pataca é o principal cultivo, con **5168 ha (57 % da superficie)**, seguida de **nabos, nabizas e grelos (1569 ha; 17 %)**. O conxunto de cultivos hortícolas —incluíndo chícharos, feixóns, fabas, cebolas, verzas, repolos, cabazas, leitugas, coles, pementos, porros e tomates— representa o **29 % restante**.

➤ Galicia conta con diversos selos de calidade recoñecidos en Europa (IXP), como a **Faba de Lourenzá, a Pataca de Galicia, os Grelos de Galicia e os pementos da Arnoia, do Couto, de Herbón, de Mougán e de Oímbra**, que contribúen a valorizar e diferenciar a produción.

A pesar da súa potencialidade, o sector presenta debilidades estruturais: **pequeno tamaño das explotacións, falta de remuda xeracional, dificultades de acceso á terra, escaseza de man de obra e baixo nivel de tecnificación e dixitalización**. Ademais, enfróntase a retos coma os **cambios nos hábitos de consumo, o endurecemento normativo, o cambio climático e a competencia crecente doutros territorios (nacionais e internacionais)**.

En 2025, AGACA trasladou á Consellería do Medio Rural os **problemas do sector hortícola**, especialmente de HORSAL, relacionados co cumprimento do referencial **GLOBALG.A.P.**, imprescindible para a **comercialización na gran distribución** (Lidl, Mercadona, Vegalsa...). A principal dificultade radica na **implantación de contadores de auga dixitais** e na xestión do uso compartido da auga, aspectos que deben resolverse para **manter a certificación e os clientes**.

Finalmente, informouse ás cooperativas sobre:

Normativa de envases

Uso sostible de fitosanitarios

As normas de comercialización

Os programas operativos

A evolución dos mercados.



FLOR E PLANTA ORNAMENTAL

O valor da produción de flor cortada e planta ornamental na UE-27 situouse en **8220,1 millóns de euros** en 2020, un **3 % inferior** á media 2015-2019. En España acadou os **691,7 millóns de euros**, o **8 % do total europeo**. O comercio comunitario mantivo unha tendencia expansiva, con maior crecemento das exportacións, o que levou o saldo comercial a un máximo de **3159 millóns de euros (+35 %)**.

En 2021, España era o **cuarto exportador da UE-27** e o **sétimo a nivel mundial**, por detrás de Países Baixos, Colombia, Italia, Alemaña, Ecuador e Kenia. O **90 % das exportacións** destínanse á UE, principalmente a **Francia (36 %)**, **Países Baixos (19 %)** e **Alemaña (14 %)**. O modelo produtivo baséase no **regadío e na produción protexida**. En 2020, a Covid-19 provocou **fortes caídas** na produción. Galicia concentrou o **20 % das flores** e o **2 % das plantas** producidas en España. As rosas e **caraveis** representan arredor do **50 % da produción nacional**.

➤ En Galicia, **Agroflor é a principal referencia do sector**.

En 2022, segundo datos do Ministerio, o valor da produción na UE-27 acadou os **9342 millóns de euros (+11 % sobre a media 2017-2021)**. España alcanzou os **1 021,2 millóns de euros**, o **11 % do total europeo**.

En Galicia, Agroflor (socia de AGACA) é a principal referencia do sector. A **atomización da produción** limita a profesionalización e a capacidade exportadora. O valor da produción sitúase en **80 millóns de euros (9 % de España)**, dos que só o **20 % se**

Xornada formativa sobre oportunidades de negocio

CULTIVO DE FLOR EN GALICIA

15/07/2025
09:30 - 14:30h.
ONLINE

Inscríbete gratis en www.agaca.coop

XUNTA DE GALICIA | GOBIERNO DE ESPAÑA | MINISTERIO DE AGRICULTURA, PESCA Y ALIMENTACIÓN | **agaca**

destina a mercados exteriores. Existen arredor de **160 operadores comerciais**, concentrados nas provincias da **Coruña e Pontevedra**, segundo a Estratexia para a Dinamización da Planta Ornamental e Flor Cortada (2025).

En 2025, AGACA e Agroflor organizaron unha **xornada técnica de flor cortada** para impulsar o sector, abordando aspectos produtivos, estratéxicos e de innovación, como novas variedades e control biolóxico. Participaron Fran Picos, responsable técnico de Agroflor, para informar das producións de Flor en Galicia: factores produtivos, vantaxes e inconvenientes; José Manuel Andrade, director da Fundación Juana de Vega, para explicar a estratexia da Planta Ornamental e a Flor Cortada en Galicia; María José Manivesa, presidenta de Agroflor, para resaltar a importancia da organización da explotación e do traballo do floricultor: adaptación de posibilidades e medios; Ferrán Sabater, da cooperativa Corma, para informar de novas plantas e variedades de verdes de floristería; e Ignacio Sánchez, técnico de Fauna Útil, para abordar aspectos relacionados con aliados naturais para un cultivo sostible: control biolóxico en flor cortada.

O sector presenta **problemas estruturais de remuda xeracional e insuficiencia de produción**, o que obriga a importar boa parte da flor comercializada. O **Día de Defuntos** concentra máis do **40 % da facturación**, baseada en gran medida en produto importado.

A flor e a planta ornamental, segundo a Xunta de Galicia, representan o **8,41 % da produción agraria galega** (2024). A superficie media é de **7 ha por viveiro**, cun total de arredor de **700 ha** entre cultivo en terra, colector, invernadoiro e sombreo.

A cooperativa Agrofior, fundada en 1985 na Capela, conta actualmente con **18 socios** e viveiros en **Paderne, Cedeira, Narón e Barreiros**, sendo a **única empresa de flor cortada en Galicia**. Nacendo con nove socios chegou a ata os 90 cando a reconversión naval da zona. A produción céntrase no **crisantemo**, aínda que medra o interese polos **verdes e a rosa**. A **falta de produtores** continúa a ser unha limitación clave.

O sector afronta como principais retos a **diversificación cara a produtos de maior valor engadido** e a **competencia de importacións con menores custos**, que reducen a cota de mercado. Trátase dunha actividade con **alta intensidade de man de obra** e importante impacto en zonas con dificultades de emprego, pero con **custos elevados** e esixencias de adaptación tecnolóxica.

En 2025 intensificouse a demanda de que a PAC inclúa **apoios específicos para flor e planta viva**, mediante a creación de **organizacións de produtores e programas operativos**, co obxectivo de incorporalos ao Plan Estratéxico da PAC a medio prazo.

Como vén sendo habitual, informouse ás cooperativas sobre **novidades normativas, mercados e evolución do sector en España e na Unión Europea**.

APICULTURA

Un verán galego con temperaturas suaves favorece a produción de mel. Porén, en 2025 o **exceso de calor** e os **lumes no interior de Galicia** prexudicaron a colleita, que resultou **irregular e reducida**, en liña co acontecido en 2023. No interior, a floración de castiñeiro e silva foi favorable, permitindo acadar arredor do **75 % dunha colleita normal**.

➤ **A menor produción e a presión das importacións agravan a situación do sector.** España importa cantidades crecentes de mel de baixo custo e dubidosa calidade, principalmente de China, así como de Argentina, Portugal e Ucraína.

Os **baixos prezos en orixe** sitúan o sector nunha situación crítica. O mel pagouse entre **3,40 e 4,80 €/kg**, mentres que o custo de produción supera os **3,40 €/kg**, segundo a cooperativa Erica Mel. En moitos casos, as grandes comercializadoras non alcanzan ese prezo de referencia. Pola contra, a venda directa pode chegar aos **9-10 €/kg**. O incremento do custo da alimentación das abellas e do trampeo elevan os gastos de produción.

A presenza da **Vespa velutina** limita a actividade das abellas, que non saen a buscar alimento nin auga, para elas ou para as crías, e reduce a produtividade das colmeas, que pasan de arredor de **20 kg a pouco máis de 10 kg por cada unha**. O cambio climático agrava esta situación, facendo necesario o aporte de alimentación suplementa-





ria. Isto, xunto cos custos, fai que a actividade sexa viable principalmente para explotacións de **300–400 colmeas**. A profesionalización e a formación —especialmente no control da **varroa, que segue afectando os apiarios**— resultan determinantes.

A comercialización vese distorsionada pola mestura de mel importado con pequenas porcentaxes de mel europeo, etiquetado como produto da UE. Isto **induce a erro ás persoas consumidoras**. Resulta necesario un **etiquetado claro**, que inclúa a porcentaxe de orixe, así como medidas adicionais: prohibición da ultrafiltración, do secado forzado e identificación dos meles queentados. O único que garante ao 100 % que o mel sexa galego é o selo da IXP Mel de Galicia.

AGACA comparte a preocupación do sector tras os datos da Oficina Europea de Loita contra o Fraude e do Centro Común de Investigación da UE, que indican que o **46 % do mel importado non é auténtico**. Detectáronse prácticas como a adición de azucres, uso de aditivos e manipulación da orixe. As importacións seguen aumentando; tras o acordo con Ucraína, importáronse **58 millóns de kg a 1,75 €/kg**, evidenciando a desvantaxe competitiva do mel europeo. Resulta, por tanto, prioritario **reforzar os sistemas de control e detección de fraude**.

A cooperativa **Erica Mel S. Coop. Galega**, con preto de **100 persoas socias activas**, é a principal canle de comercialización do mel profesional en Galicia. Co apoio de AGACA, acadou a certificación **IFS**, que facilita a apertura de novos mercados.

En febreiro de 2025 aprobouse a modificación da norma de calidade do mel, que obriga a indicar no etiquetado os **países de procedencia e a súa porcentaxe**, reforzando a transparencia e a protección da orixe.

Segundo datos do Ministerio, Galicia produciu o **9,7 % do mel de España en 2023**, cun **8 % das colmeas (223 000)**. É a comunidade onde máis medrou o número de colmeas entre 2008 e 2023 e concentra o **13 % das persoas apicultoras (4 912)**. En España existen máis de **2,8 millóns de colmeas**, con **36 893 explotacións**, das que o **17 % son profesionais** (máis de 150 colmeas) e xeran o **80 % da produción**. A produción total en 2023 foi de **27 423 toneladas**. A apicultura desempeña unha **función clave ambiental e social**, especialmente pola polinización.

A demanda de produtos apícolas continúa a medrar, mais persisten **irregularidades na comercialización**, polo que se considera necesario reforzar o control da AICA. A Lei da Cadea Alimentaria establece que non se pode vender por debaixo dos custos de produción, situación que non sempre se cumpre. As importacións a baixo prezo —principalmente de China, Turquía e Arxentina— seguen a **lastrar o mercado interior**.

Facilitouse información sectorial procedente dos grupos de traballo de Cooperativas Agro-alimentarias de España e da Unión Europea, ademais de formación e asesoramento técnico ás cooperativas.

A MESA DA CASTAÑA

AGACA participa na **Mesa da Castaña** promovida pola Consellería do Medio Rural, na que un directivo de Aira representa ás cooperativas. Este órgano, integrado por expertos do sector, ten como obxectivo **impulsar e promover a produción de castaña**.

Detectouse unha **escaseza de planta**, condicionada polas circunstancias climáticas e pola dificultade de empregar patrón **sativa** en determinadas zonas afectadas pola enfermidade da tinta. Produtores e industria reclaman **priorizar a variedade sativa**, xa que os híbridos presentan peores resultados. As variedades de interese son **longal, xudía, parede, amarelante e famosa**, orientadas á transformación industrial e á calidade, tomando como referencia modelos produtivos como o de Portugal.

Resulta prioritario **incrementar a dispoñibilidade de planta con patrón sativa, identificar castiñeiros resistentes á tinta e ao cancro** e avanzar na **replificación destas variedades mediante investigación**.

Tamén se require **formación especializada en enxerto e sanidade vexetal**, así como reforzar a capacitación dos viveiros para garantir subministración suficiente de planta. É necesario, ademais, avanzar na **autorización de tratamentos fitosanitarios**



tarios específicos, actualmente inexistentes para algunhas solucións empregadas noutros países.

En 2025 organizouse unha **xornada técnica sobre a castaña**, na que se abordaron aspectos clave: **manexo de pragas e enfermidades, tratamento postcolleita e transformación, técnicas de enxerto e poda, selección de material vexetal e portaenxertos, produción e comercialización**, experiencias prácticas en Galicia (variedade amarelante) e **valorización en ecolóxico**.

➤ **Na Mesa abórdanse cuestións como as axudas ao sector, o plan de formación en castiñeiro e castaña, a investigación técnica e a capacidade de produción de planta de castiñeiro.**

OUTRAS PRODUCIÓNS EN COOPERATIVA



A cooperativa **Terras da Mariña** leva máis dunha década impulsando a comercialización da **Faba de Lourenzá**. AGACA colaborou ata 2023 nun proxecto de innovación para obter **semente libre de virus** e optimizar as plantacións. En 2025, o **verán cálido reduciu a produción**, con fabas máis pequenas pero de **excelente calidade**. A ausencia de pragas e a **suba dos prezos** permitiron un **bo resultado económico**, favorecendo as expectativas de remuda xeracional.



A cooperativa **Cultivos Ribeira do Umia** iniciou en 2023 unha plantación de **10 ha de aguacate**, cultivo con **demanda crecente**. En 2025 organizouse unha **xornada técnica** sobre este cultivo, con grande asistencia de público, na que se trataron aspectos clave: **implantación en Galicia, manexo agronómico, pragas e enfermidades, material vexetal e bioloxía reprodutiva, colleita e poscolleita, e comercialización**.



A cooperativa **Ullama** comercializa **mazá de sidra** desde hai máis dunha década. En 2025 obtivo unha **boa produción**, malia as condicións adversas de finais de verán e comezo do outono, que provocaron perdas por podrencia. Conta con arredor de **50 persoas socias**, que comercializan conxuntamente a produción cos lagares. Ese ano organizouse unha **xornada técnica** centrada en: **produción e manexo, mecanización, cadea alimentaria e custos, sostibilidade, selección varietal e experiencias de comercialización en Galicia**.



En 2023 constituíuse **Proligal** para impulsar o sector da **oliveira en Galicia**. AGACA colaborou no proxecto innovador **Oligalicia**, orientado a mellorar os **procesos produtivos (variedades, fertilización, poda, tratamentos e rega)**.

En 2025 desenvolveuse unha **xornada técnica** sobre o sector, na que se abordaron cuestións como a **situación actual das oliveiras, requisitos técnicos e boas prácticas no cultivo de oliveiras en Galicia, modelos cooperativos, axudas, experiencias produtivas desenvolvidas por Oligalicia e potencial de desenvolvemento en Galicia**.





SECTOR DE ABASTECIMENTOS E SERVIZOS



José M. López Tellado (ata xullo) e **Ana María Freire Fernández** (desde xullo)



Representantes da Xunta Sectorial de Abastecementos e Servizos

Segundo datos do sector agrario, arredor do **70 % dos produtos fitosanitarios, zosanitarios e fertilizantes** comercializados na Unión Europea, así como o **50 % das sementes**, están controlados por **catro grandes grupos económicos**. Esta concentración require **políticas públicas que reforcen a organización do sector**, así como a actuación dos servizos de competencia para evitar abusos. Tamén esixe unha maior implicación do sector produtor nas **estruturas cooperativas de abastecementos e servizos**.

- **As cooperativas contribúen a reducir a presión sobre as explotacións agrarias mediante economías de escala**, que permiten mellorar prezos nas subministracións e incrementar a eficiencia produtiva a través do asesoramento e dos servizos técnicos.

Este modelo favoreceu o crecemento de **grandes grupos cooperativos**, que gañan posición nos mercados fronte a fabricantes e competidores, e impulsou a **expansión das cooperativas a novos territorios**.

A maioría das cooperativas con facturación superior a **1 millón de euros** desenvolven actividades de subministracións e servizos. Moitas delas intégranse en **cooperativas de segundo grao**, como **Coren** e **Delagro**, que permiten **concentrar a demanda, negociar directamente cos fabricantes e acadar unha maior especialización** nas subministracións agrarias e gandeiras.

FEITOS DESTACADOS

O sector de abastecementos e servizos está condicionado por un **proceso de cambio normativo comunitario**, con impacto directo nas explotacións agrarias. A continuación recóllense os principais aspectos.

A Comisión Europea propuxo **aranceis ás importacións de fertilizantes de Rusia e Bielorrusia**, cunha implantación progresiva de **3 anos desde o 1 de xullo de 2025**. A medida combina aranceis sobre fertilizantes nitroxenados e produtos compostos cunha **cota decrecente**. A Comisión prevé **supervisar os prezos durante 4 anos** e, se superan os niveis de 2024, poderá suspender temporalmente os aranceis para produtos doutros países.

O sector recoñece a necesidade de **reducir dependencias estratéxicas**, pero solicita medidas para **mitigar o impacto no mercado, diversificar as importacións** —eliminando dereitos a fertilizantes doutros países— e **priorizar o uso de fertilizantes orgánicos**.

Outro feito relevante foi a **sentenza xudicial firme sobre os cursos para obtención de carnés de fitosanitarios en Castela e León**, que deixou sen validez certificacións obtidas por máis de **7000 profesionais galegos**. Tras a súa aplicación en maio de 2025, estas acreditacións foron retiradas do Rexistro oficial de produtores e operadores de medios de defensa fitosanitaria (ROPO), impedindo ás persoas afectadas a compra de produtos fitosanitarios de uso profesional.

ALIMENTACIÓN ANIMAL. PENSOS

Galicia depende en gran medida de **materias primas importadas**, principalmente a través dos portos de **Marín e A Coruña**. O seguimento da normativa europea, especialmente en relación cos **pensos medicamentosos e a seguridade alimentaria**, resulta clave.

España mantivo en 2025 o liderado como **primeiro produtor europeo de pensos compostos**, cunha produción de **29 084 000 toneladas**, fronte ás **28 955 000 de 2024** e ás **28 605 761 de 2023** (datos presentados pola Confederación Española de Fabricantes de Alimentos Compostos para Animais na súa última Asemblea Xeral). Mentres noutros países da UE a produción descende, en España medra. **Cataluña e Aragón** encabezan a produción, situándose Galicia en **quinta posición**, con 3 210 029 toneladas (arredor do **8,5 %** do total).

A distribución por especies indica que o **48 %** se destina ao porcino, o **20 %** ao bovino e o **19 %** á avicultura. Nos últimos anos rexistrouse unha **lixreira caída da produción** nestes sectores.

Galicia lidera a produción de pensos para bovino, cunha distribución aproximada do **44 % para vacún, 25 % porcino e 25 % avícola**, e unha facturación superior aos **1500 millóns de euros**. O sector xera arredor de **1500 empregos directos e 1500 indirectos**. A produción de pensos para bovino alcanzou os **1,466 millóns de toneladas**.

Para facer fronte a esta situación, propúxose:

Regularizar con urxencia as persoas en activo, mediante formación homologada gratuita impulsada por AGACA e a Consellería.

Atender posteriormente ás **persoas inactivas que desexen obter o carné**.

A resolución produciuse en plena campaña, nun momento de **alta demanda de fitosanitarios**, agravando o impacto no sector.



➤ **As cooperativas agrarias galegas fabrican e subministran máis do 50 % dos pensos, polo que esta actividade resulta estratéxica.**

En 2025, os **prezos dos pensos continuaron á baixa**, situándose por debaixo dos niveis de 2024. As reducións foron xeralmente inferiores ao **10 %**, con maior estabilidade nos pensos para vacún, ovino e cabrún de leite. Tamén descendieron os prezos das principais materias primas —cereais e fariña de soia—, mentres que só aumentaron a **alfalfa e a palla procesada**.

O **aumento da dimensión das explotacións** incrementa o consumo de concentrados. O sistema **Galis** reforza o control e a seguridade alimentaria, contribuíndo ao prestixio da cabana gandeira galega. Finalmente, as cooperativas fabricantes de penso quedaron **excluídas do ámbito de aplicación da Lei da Cadea Alimentaria**.

REGULAMENTO EU DE DEFORESTACIÓN

O Regulamento europeo sobre produtos libres de deforestación (**EUDR**) xera preocupación no sector ao poder **encarecer as materias primas para alimentación animal** e dificultar o aprovisionamento das fábricas de penso, especialmente en países que non cumpran cos requisitos de preservación forestal. Existía, ademais, incerteza pola falta de ferramentas para aplicar a **diligencia debida**, prevista inicialmente para o **1 de xaneiro de 2025**.

Desde **Cooperativas Agro-alimentarias de España e AGACA** solicitouse ao Goberno o **aprazamento da entrada en vigor**, ao considerarse inviable cumprir coa normativa sen os instrumentos necesarios. O conxunto do sector agrario apoiou esta petición, mantendo ao mesmo tempo o respaldo aos **obxectivos ambientais da regulación**, orientados a combater a deforestación, o cambio climático e a perda de biodiversidade.

O regulamento presenta **dificultades de aplicación**, especialmente pola carga administrativa que implica para sectores como o vacún. Demandouse unha **simplificación dos trámites**, maior claridade normativa e unha **aplicación homoxénea na UE** que evite distorsións de mercado. A dependencia de materias primas como a soia agrava o impacto potencial na **rendibilidade das explotacións**.

Apoiamos os obxectivos establecidos na regulamentación sobre a importación procedente de

superficies que orixinan deforestación e degradación forestal. Tamén recoñecemos a importancia de conservar os bosques para combater o cambio climático e preservar a biodiversidade, e asumimos as obrigas que corresponden ás cadeas de subministración europea. Solicitamos unha aplicación homoxénea en toda a UE que evite distorsións de mercado. Importamos moita soia e a adaptación vai supoñer unha caída da rendibilidade das nosas explotacións.

Finalmente, a Comisión Europea e os Estados membros acordaron **adiar a entrada en vigor ao 1 de xaneiro de 2026**. Posteriormente, en decembro de 2025, alcanzouse un novo acordo para **revisar e simplificar o regulamento, que inclúe:**

Prórroga da aplicación ata o 30 de decembro de 2026

Seis meses adicionais para micro e pequenas empresas

Aplicación centrada nos operadores que introducen o produto no mercado

Compromiso de **simplificación a medio prazo**

O acordo deberá ser aprobado formalmente polas institucións europeas antes da súa entrada en vigor.

ALERTAS SANITARIAS

As **alertas sanitarias** requiren unha atención constante. Segundo datos do sector, na fabricación de pensos representan arredor do 10 % das notificacións, destacando:

Dioxinas en pre mesturas pigmentadas

Aflatoxina B1 en millo

PCB (bifenilos policlorados) non semellantes ás dioxinas

Mesmo en concentracións inferiores aos límites legais, as aflatoxinas poden xerar problemas, es-

pecialmente na **producción láctea**, polo que resulta esencial un **etiquetado axeitado**.

As fábricas deben reforzar os **sistemas de autocontrol (APPCC)**, incluíndo rexistros de instalacións e equipos, control de calidade e trazabilidade, e comunicar os resultados ás autoridades competentes.

➤ **Recoméndase manter unha vixilancia continua da normativa en materia de fabricación de pensos, dada a súa evolución constante.**



SECCIÓNS DE MAQUINARIA E CUMA

Ao longo do ano desenvolvéronse as seguintes accións:



ASESORAMENTO

na constitución e xestión económica de **CUMA** (Cooperativas de Utilización de Maquinaria Agrícola).



INFORMACIÓN SECTORIAL,

especialmente sobre publicación das axudas.



APOIO A NOVAS INICIATIVAS

orientadas ao desenvolvemento de parques de maquinaria e dos servizos ás explotacións.



XESTIÓN DE EXPEDIENTES DE SUBVENCIÓN

para a adquisición de maquinaria, tanto en cooperativas como en CUMA.

En 2025, a Consellería do Medio Rural publicou a convocatoria anual de axudas á maquinaria, que permitiu realizar **investimentos relevantes**. Resulta prioritario que as seccións de maquinaria e as CUMA continúen reforzando os seus parques, especialmente en equipamentos vinculados ao **Real Decreto de Nutrición Sostible dos Solos**.

AGACA considera estas axudas **clave para reducir os custos de produción**, polo que defende a súa continuidade e o **incremento da dotación orzamentaria**. O uso compartido da maquinaria contribúe a **mellorar a eficiencia, reducir custos e diminuír a pegada de carbono**, aspectos fundamentais nun contexto de **maior competencia e volatilidade dos mercados**.

➤ **Cómpre garantir unha aplicación adecuada das axudas**, evitando distorsións e reforzando a transparencia no investimento. Reitérase a necesidade de que todas as CUMA e parques de maquinaria de cooperativas poidan acceder a estas liñas de apoio.

ZOOSANITARIOS

As cooperativas desenvolven unha actividade relevante en **zoosanitarios**, tanto no **asesoramento técnico ás persoas asociadas** como na subministración.

Valórase positivamente a **redución do uso de antibióticos** en animais destinados ao consumo humano (porcino, avicultura, cunicultura e vacún), resultado da **mellora do manexo e da sanidade animal**.

➤ **Destaca o forte incremento de prezos rexistrado nos últimos anos**, que se suma ao aumento xeral dos custos de produción no sector agrario.

FITOSANITARIOS

A **Alianza para unha Agricultura Sustentable (ALAS)**, integrada por cooperativas agroalimentarias e organizacións agrarias, defende unha agricultura baseada en **criterios científicos e non ideolóxicos**. A Unión Europea conta cun dos **maiores estándares de seguridade alimentaria**, sustentado nun marco normativo esixente.

➤ **Reitérase a necesidade de maior implicación das administracións, a recuperación das ATRIAS ou sistemas coordinados de aviso, e a disponibilidad de materias activas**



Mythimna unipuncta

A **retirada de materias activas** está a xerar dificultades, especialmente no control do pulgón en cultivos como a **leituga e a cebola**, ao non existir alternativas eficaces. Solicítase ás administracións garantir **materias activas alternativas**.

Entre as novas ameazas destacan:

- **Flavescencia dourada da vide**, con alto impacto económico
- **Verme soldado (*Mythimna unipuncta*)**, con episodios recorrentes e danos relevantes

Reitérase a necesidade de **maior implicación das administracións, a recuperación das ATRIAS** ou sistemas coordinados de aviso, e a dispoñibilidade de materias activas que leven a solucións eficaces na erradicación das enfermidades.

Continúa a **redución de produtos fitosanitarios autorizados**, no marco das estratexias europeas Da Granxa á Mesa e Biodiversidade. Segundo informes da UE:

Obxectivo de **redución do 50 % do uso e risco** para 2030 (**España xa acadou o 40 % en 2024**)

Redución do **50 % dos produtos máis perigosos** para 2030 (**tamén cun 40 % en 2024**)

Os fitosanitarios só deben empregarse cando son imprescindibles e hai que aplicar sistemáticamente a Xestión Integrada de Pragas. Porén, a redución no seu uso non pode afectar á viabilidade produtiva, así que cando se elimine unha materia activa perigosa, cómpre dispor de materias activas substitutivas e menos perigosas para a saúde.

Desde 2001, o número de substancias activas pasou de **900 a menos de 470**, con **85 retiradas** desde 2019, sen alternativas equivalentes. O sistema de autorización, vixente desde 2009, volveuse máis restritivo, acelerando esta tendencia.

Segundo a Autoridade Europea de Sanidade Alimentaria (**EFSA**) no seu **Informe 2021 sobre residuos publicado en marzo**, das 13 845 mostras analizadas (19,6 % de terceiros países e 76,1 % UE) para 190 substancias activas:



LIBRES DE RESIDUOS

58,1 %



CUMPRÍAN OS LÍMITES LEGAIS

39,8 %



SUPERABAN OS LÍMITES MÁXIMOS **2,1 %**

principalmente en produtos importados, como pomelos de Turquía

As cooperativas recibiron información sobre a ferramenta **RETO**, de rexistro electrónico obrigatorio.

➤ Os prezos dos fitosanitarios aumentaron máis dun **20 %**, agravando os custos das explotacións.

A aplicación do **RD 1050/2022** introducirá un **indicador individualizado de uso de fitosanitarios**, baseado no Caderno Dixital, tomando como referencia os anos **2025-2027** e aplicable desde o **1 de xaneiro de 2028**. En 2025 aprobouse un regulamento que permite atrasar un ano a obrigación de rexistro electrónico dos tratamentos (**ata o 1 de xaneiro de 2027**).



ENVASES E RESIDUOS DE ENVASES

O **1 de xaneiro de 2025** entrou en vigor o **RD 1055/2022 de envases e residuos de envases**, que establece a obrigatoriedade de **marcar os envases domésticos** indicando o contedor no que deben depositarse.

AGACA, en colaboración co persoal técnico de **Cooperativas Agro-alimentarias de España**, prestou **asesoramento ás cooperativas**, facilitando o contacto cos **SCRAP** para a correcta adaptación á normativa.

En maio de 2025, o **Ministerio para a Transición Ecolóxica** comunicou a elaboración dun **novo real decreto**, co obxectivo de adaptar a normativa estatal ao **Regulamento europeo (UE) 2015/40**.

Ante este proceso, solicítase que a normativa española sexa **plenamente harmonizada coa europea**, evitando:

Calendarios de aplicación distintos

Prohibicións de envases non coincidentes

Diferenzas nos produtos exceptuados

O sector considera esencial garantir un **marco regulatorio común na UE**, que evite distorsións competitivas.

SANIDADE ANIMAL

AGACA, en representación das cooperativas socias, defendeu os seus intereses na **aplicación da normativa de sanidade animal** e impulsou o labor das **Agrupacións de Defensa Sanitaria Gandeira (ADSG)** en colaboración coas cooperativas.

Tamén prestou apoio á **Asociación Galega de ADSG (AGADES)** e ás propias agrupacións, especialmente ante a **redución das axudas**, promovendo unha maior **organización e coordinación do sector** para mellorar o desenvolvemento das súas funcións.

O **Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación** desenvolveu unha nova ferramenta dentro do sistema **PRESVET**, destinada a facilitar o **auto-control do uso de antibióticos** e avanzar na loita contra as resistencias antimicrobianas.

Esta ferramenta permite ás persoas titulares de explotacións inscritas no **REGA** acceder a **informes trimestrais sobre o consumo de antibióticos**, reforzando o seguimento e a xestión sanitaria das explotacións.



AFORRO ENERXÉTICO

Coa colaboración do **Fondo Social Europeo (FSE)** e da **Confederación Empresarial Española da Economía Social (CEPES)**, AGACA presentou en 2024 o proxecto **Mellora da competitividade das explotacións de vacún de leite mediante asesoramento para a redución da pegada de carbono e hídrica**.

O proxecto, a desenvolver entre **2025 e 2027**, ten como obxectivo **reducir os impactos ambientais e as emisións de gases de efecto invernadoiro (GEI)** nas explotacións, mediante a mellora dos consumos de auga e enerxía e a aplicación de **boas prácticas produtivas**. Espérase que xere un **impacto positivo no sector lácteo galego**.

Pola súa banda, a axuda de **aconsellamento da Consellería do Medio Rural (2024-2025)** permitiu a AGACA asesorar a **529 explotacións de vacún de leite**, distribuídas do seguinte xeito:



BENESTAR ANIMAL

(cumprimento normativo e protocolo Welfare Quality)

280 EXPLOTACIÓNS



PEGADA DE CARBONO

(formación, recollida de datos, cálculo e resultados)

171 EXPLOTACIÓNS



BOAS PRÁCTICAS DE HIXENE

25 EXPLOTACIÓNS



SISTEMA INTEGRAL DE XESTIÓN DE EXPLOTACIÓN (SIXE)

32 EXPLOTACIÓNS



CONTA LÁCTEA

1 EXPLOTACIÓN

O persoal técnico de AGACA reforzou o **asesoramento ás cooperativas** para a posta en marcha de servizos ás explotacións: **asesoramento técnico, tramitación da PAC, maquinaria en común, servizos de substitución e xestión de explotacións**.





CARBURANTES

Realizouse un **seguimento específico da subministración de carburantes** nas cooperativas, en coordinación con **Cooperativas Agro-alimentarias de España**, que presta apoio técnico continuo. Informouse ás cooperativas que distribúen **gasóleo bonificado** sobre as principais novidades normativas e de mercado.

Baixo esta coordinación, impulsouse unha estratexia para **eliminar barreiras ao desenvolvemento de estacións de servizo desatendidas (ESD)**. Estas instalacións permiten **manter puntos de subministración en zonas de baixa demanda**, ampliar horarios e ofrecer **prezos máis competitivos no medio rural**.

Na Unión Europea, as ESD representan máis do **8 % das estacións de servizo** e máis do **5 % das vendas**, superando o **50 % en países como Dinamarca, Finlandia, Suecia e Suíza**. En España, segundo a **Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia**, existen máis de **1900 estacións automatizadas** (1799 a 31 de decembro de 2024), o que supón que case unha **de cada cinco** xa está automatizada. A pesar deste avance, España continúa afastada dos países máis desenvolvidos neste modelo, onde superan o **60 %**.

En Galicia, o desenvolvemento das ESD sitúase nun nivel intermedio, condicionado por **limitacións normativas autonómicas e municipais**. Encabezan Cataluña, Valencia e Madrid, e no grupo de cola figuran Illas Canarias e País Vasco.

AGACA, xunto con Cooperativas Agro-alimentarias de España, defende os intereses das cooperativas con ESD e presta **asesoramento técnico especializado**.

- A pesar deste papel, **o cooperativismo continúa sendo pouco coñecido polas persoas consumidoras** e, en ocasións, recibe un tratamento desigual na comunicación social por parte das empresas competidoras.

SECCIÓNS DE CRÉDITO

Na comarca de Ferrolterra sitúase un grupo de tres cooperativas con sección de crédito que xestionan máis de **165 000 000 €** en depósitos. O seu coordinador, **Xosé Ameneiros** (cooperativa de Vilaboa), participa nas reunións de **Cooperativas Agro-alimentarias de España**.

En outubro de 2025 celebrouse unha xornada da Cátedra de Cooperativas Agro-alimentarias na que se presentou a **“Guía práctica de seccións de crédito en cooperativas agroalimentarias”**, que destaca o papel destas seccións:

- Como **instrumento clave de financiamento no medio rural**
- Como elemento de **fortalecemento do cooperativismo agroalimentario**

Segundo datos recollidos na guía, existen arredor de **250 cooperativas en España** (catro en Galicia) con sección de crédito, que xestionan máis de **2700 millóns de euros en depósitos**. En Galicia, estas seccións suman case **200 millóns de euros**, o que evidencia o seu potencial.

A guía ofrece unha visión práctica do seu funcionamento e pretende **fomentar a súa implantación**, destacando o seu papel no financiamento en condicións vantaxosas e na dinamización económica do territorio. Resultan especialmente relevantes ante a **desaparición de oficinas bancarias**: segundo o **Banco de España**, dos **8132 municipios**, uns **4700 carecen de sucursal**, maioritariamente en zonas rurais. As cooperativas con sección de crédito, por tanto, son axentes vertebradores do territorio.



➤ En 2025, **AGACA mantivo os compromisos coas cooperativas con sección de crédito** mediante un sistema de servizos financeiros compartidos, incluíndo o acceso á plataforma notarial ANCERT, clave para a tramitación de crédito inmobiliario.

O acordo con ANCERT ofrece servizos fundamentais cara á concesión de créditos inmobiliarios por parte das seccións de crédito; asinado en 2021, continúa vixente. É a primeira organización de cooperativas de España cun acordo deste tipo.

AGACA traballa na elaboración de propostas de modificación da **Lei de Cooperativas de Galicia**, co obxectivo de **facilitar a gobernanza das seccións de crédito**. Ademais, deféndese que a **Lei de Contratos de Crédito Inmobiliario (Lei 5/2019)** permita ás seccións seguir operando con normalidade, adaptando a normativa á súa realidade. Así, será necesario que as persoas responsables de Fazienda e de Cooperativas da Xunta de Galicia entendan e asuman a necesidade de adaptárense á realidade das seccións.

As seccións de crédito operan baixo un **marco estrito de control e prudencia**, con equipos profesionalizados e orientados á xestión de riscos. O sector avanza cara a procesos de **concentración e integración** para gañar dimensión e eficiencia.

Entre as principais preocupacións destacan:

A aplicación da **normativa de prevención do branqueo de capitais**

O desenvolvemento de **plans de prevención de riscos penais**

A adaptación á **Lei de crédito inmobiliario**

➤ **Resulta necesario reforzar os sistemas de control** mediante procedementos internos e códigos de bo goberno.

As seccións de crédito baséanse nun modelo de **baixo risco para o aforro**, con produtos seguros e liquidez garantida. O financiamento á propia cooperativa debe manterse limitado, cun máximo recomendado do **20 % dos fondos**, garantindo así a estabilidade do sistema.

MEDIO AMBIENTE E CONTROL DA FAUNA

Continuouse reclamando ás administracións **medidas de control da fauna salvaxe** e liñas de axuda polos danos causados, especialmente por **xabaril, corvos e lobo**. Insistiuse na necesidade de **controlar as poboacións** destas especies polos efectos sobre os cultivos e as explotacións.

O **XABARIL** segue a representar un risco relevante, tanto polos danos agrarios como polo incremento de **accidentes de tráfico**. Ademais, a presenza da peste **porcina africana** en Cataluña incrementa o risco sanitario para a cabana de porcino galega.

En setembro de 2024, AGACA solicitou á **Dirección Xeral de Patrimonio Natural da Xunta de Galicia** a adopción de **medidas urxentes** e a revisión do **sistema de indemnizacións**, co fin de adaptalo ás perdas reais derivadas dos ataques de fauna salvaxe.

En xuño de 2025, o Consello da UE aprobou a modificación da **Directiva Hábitats**, que rebaixa o nivel de protección do lobo de “estritamente protexido” a “protexido”, en liña co **Convenio de Berna**. Esta modificación ofrece maior capacidade de xestión aos Estados membros, mantendo a obriga de garantir o seu estado de conservación.

Ante este novo marco, reclámase á administración autonómica que **asuma a xestión efectiva das poboacións de LOBO**, establecendo medidas que permitan a convivencia coa actividade gandeira.

A elevada presenza de lobos en determinadas comarcas provoca **danos directos (ataques ao gando) e indirectos (perda de produción e deterioro do benestar animal)**. Detectáronse ataques





incluso en explotacións con peches, con especial incidencia en animais enfermos, preñados e crías, paseando preto das persoas. Hai testemuños na prensa de comarcas onde os lobos chegan a comer nos contedores do lixo das aldeas, con estimacións de mandas de máis de 20 exemplares.

O aumento das mandas e a súa proximidade ás zonas habitadas evidencian unha **expansión da especie**, que require un modelo de xestión que compatibilice a conservación coa actividade agraria.

O impacto sobre as explotacións é significativo:



Redución da produción de leite
tras ataques



Problemas reprodutivos
en vacún



Menor crecemento
dos xatos



Estrés e diminución do consumo
de alimento

➤ **Estas perdas non están cubertas nin pola Administración** nin polos sistemas de aseguramento agrario.

DANOS EXTRAORDINARIOS POLOS LUMES EN GALICIA

En agosto de 2025 produciuse unha **grave catástrofe ambiental na provincia de Ourense**. Desde AGACA trasladouse a súa solidariedade coas persoas afectadas —agricultoras, gandeiras, apicultoras e silvicultoras— polos lumes que arrasaron **montes, viñedos, apiarios e pastos**.

Os incendios non deben derivar nun **maior abandono da actividade agraria**, xa que isto incrementaría a acumulación de biomasa e o risco de novos lumes.

➤ A gandería extensiva e os sistemas produtivos diversificados actúan como **ferramentas clave de prevención**, ao transformar a biomasa e contribuír á xestión do territorio.

Resulta necesario promover un **modelo de paisaxe en mosaico**, que combine usos agrarios e forestais (froiteiras, castiñeiros, oliveiras, hortas e pastos), co fin de **frear a propagación dos incendios e favorecer a biodiversidade**. Neste contexto, reclámase á administración unha maior axilidade no **acceso á terra abandonada** por parte de explotacións e cooperativas, así como a concesión de **axudas urxentes ás persoas afectadas**.

A ausencia dunha estratexia eficaz e sostida no tempo limita a capacidade de resposta fronte aos incendios. Galicia conta con amplas superficies de **terras abandonadas sen xestión**, especialmente en zonas de montaña, onde coinciden o **declive da poboación rural** e o abandono das actividades agrarias.

Cómpre revisar determinadas percepcións erróneas que dificultan unha análise rigorosa do problema:

- A atribución xeneralizada dos lumes á actividade gandeira
- A infravaloración do papel da agricultura e da gandería na prevención
- A oposición ao aproveitamento produtivo das zonas queimadas
- A prohibición indiscriminada de especies forestais consideradas pirófitas
- O rexeitamento das **queimas controladas** como ferramenta de xestión

- A confusión entre incendios intencionados e accidentes en labores agrarias
- A falta de análise das causas do abandono da gandería extensiva
- A escasa valoración do labor da poboación rural na prevención
- A consideración limitada da **Rede Natura 2000** como oportunidade de desenvolvemento

➤ **A prevención dos lumes require unha xestión activa do territorio,** baseada na actividade agraria, a ordenación dos usos do solo e a implicación das administracións e da sociedade.



ADOBOS E FERTILIZANTES

A distribución de fertilizantes, con forte implantación en Galicia, atravesou un proceso de **reestruturación sectorial**, marcado pola caída da demanda e a volatilidade dos prezos. Nos últimos anos, o consumo reduciuse arredor dun **30 %**, con perdas asociadas á depreciación de stocks e dificultades de financiamento. O sector adaptouse reforzando a proximidade ao cliente e os **servizos asociados** (loxística, envasado, asesoramento e produtos específicos).

Tras a forte escalada de prezos derivada da guerra de Ucraína, **2024 rexistrou unha caída significativa das cotizacións internacionais (baixadas superiores ao 50 % fronte ao outono de 2022)**. O amoníaco situouse arredor dos **350 \$/t** (fronte a máis de **1000 \$/t en setembro de 2022**) e a urea baixou ata preto de **400 \$/t** (desde valores próximos aos **900 \$/t**). Estes niveis aproximáronse aos de 2019, aínda que a **traslación das baixadas aos prezos en explotación foi lenta** e mantívose certa volatilidade.

En 2025, a situación volveu tensionarse por factores xeopolíticos. O conflito entre **Israel, Estados Unidos e Irán** afectou á produción mundial de fertilizantes: Irán paralizou as súas plantas de amoníaco-urea e Exipto reduciu a produción pola interrupción da subministración de gas, o que impacta nunha parte relevante da oferta global (o 40 % da urea mundial). Ademais, a UE aplicou desde o **1 de xullo de 2025 aranceis do 6,5 % (40 €/t, con previsión de incremento ata 450 €/t en 2028)** aos fertilizantes procedentes de Rusia e Bielorrusia, encarecendo os custos de fertilización.

Os fertilizantes representan arredor do **30 % dos custos variables** das explotacións agrarias. A UE non dispón de capacidade suficiente para cubrir a demanda, polo que depende de importacións de países como **Marrocos ou Rusia**, facendo necesario **diversificar as fontes de subministración** para garantir prezos competitivos.

Neste contexto, recoméndase **optimizar o uso de fertilizantes**, axustando as doses mediante análise de solo e cultivo, e priorizando o **emprego de fertilización orgánica** cando sexa viable.

Segundo o informe **“Perspectivas alimentarias” da FAO**, o prezo medio dunha cesta de fertilizantes (N, P e K) en maio de 2025 situouse en **437 \$/t FOB, 118 \$/t máis** que en maio de 2024, tras acadar un máximo de **815 \$/t en abril de 2022**.

O sector alerta de que a **harmonización dos límites de cadmio** podería incrementar os custos e limitar o acceso á rocha fosfatada, debido á escaseza de recursos con baixo contido neste elemento.

Entre as principais liñas de actuación destacan:

Substitución parcial de fertilizantes minerais por orgánicos (xurro, esterco de aves, ou porcos, por exemplo)

Fertilización de precisión: análise de solos, planificación e dixitalización

Optimización do uso de insumos ante a volatilidade dos mercados

Recoméndase tamén o **encalado das parcelas** para mellorar o pH dos solos ácidos de Galicia e favorecer a **dispoñibilidade de nutrientes**.



➤ **Pasouse de usar 49 000 toneladas a 43 000 toneladas no ano 2020.**



ARANCEIS DE EEUU A PRODUTOS ALIMENTARIOS GALEGOS

AGACA realizou un **seguimento da implantación de aranceis por parte dos Estados Unidos** sobre produtos alimentarios procedentes da Unión Europea, así como das posibles **medidas recíprocas da UE**, especialmente **en materias primas para alimentación animal** como a **soia e o millo**.

Galicia non exporta grandes volumes a este mercado, pero si produtos de **alto valor engadido**, especialmente **viño**, sendo Estados Unidos o **principal destino das exportacións galegas deste produto**. En menor medida, tamén se ven afectados os **derivados cárnicos**, como o xamón.

A aplicación de aranceis afectou tanto ás empresas xa presentes no mercado, pola **posible redución da demanda**, como ás que estaban en proceso de internacionalización. Como resposta, o sector vitivinícola reforzou a súa estratexia baseada na **calidade, diferenciación e posicionamento en segmentos premium**.

En abril de 2025, o presidente dos Estados Unidos, **Donald Trump**, anunciou a imposición dun **arancel do 20 % ás importacións procedentes da UE**, no marco dunha estratexia de reforzo da industria estadounidense. Nas súas declaracións públicas, cualificou á Unión Europea como un socio comercial "duro" e xustificou a medida na necesidade de **equilibrar as relacións comerciais**, intensificando así a tensión entre ambos mercados: «Nunca lle cobramos nada a ninguén, pero agora imos cobrarlle á UE. Son negociadores moi, moi duros. Un pensa que a UE é moi amigable. Estáfanos. É moi triste dicilo. É moi patético».

➤ **AGACA continua realizando un seguimento da evolución destas medidas comerciais** e do seu impacto sobre os produtos agroalimentarios galegos.

SERVIZOS

E ACTIVIDADES

TRANSVERSAIS



05 ↙



SERVIZOS E ACTIVIDADES TRANSVERSAIS



PROMOCIÓN DA ECONOMÍA SOCIAL

➤ A prestación de múltiples servizos ás cooperativas agroalimentarias — AGACA **AGRUPA 97 cooperativas galegas** con máis de **28 000 socios e socias**— implica manter un contacto directo e continuo con miles de cooperativistas.

Isto converte a entidade nun instrumento privilexiado para coñecer de primeira man a realidade do cooperativismo e as necesidades das persoas asociadas.

Atendendo á situación dos mercados agrarios, AGACA mantén unha comunicación constante cos equipos dirixentes das cooperativas, co obxectivo de reforzar a competitividade das súas empresas. Neste sentido, promóvense accións como a integración empresarial, a intercooperación, a transformación dos produtos, a apertura a novos mercados, a diversificación e a innovación, entre outras liñas estratéxicas.

CONSTITUCIÓN DE NOVAS COOPERATIVAS

O reducido tamaño empresarial de moitas cooperativas agrarias galegas dificulta a súa **capacidade competitiva**, especialmente nun contexto de mercados cada vez máis esixentes.

En sectores ou actividades onde o volume non resulta suficiente, AGACA colabora na **creación de novas cooperativas** como fórmula para mellorar a dimensión empresarial e a eficiencia.

Os traballos que se desenvolven —sempre a solicitude das persoas socias— inclúen o **apoio nos trámites de constitución**, a **solicitude de axudas públicas** e a **elaboración de estudos de viabilidade económico-financeira**, co obxectivo de garantir proxectos sólidos desde o inicio.

AGRUPACIÓNS DE DEFENSA SANITARIA (ADSG)

As cooperativas levan anos desempeñando un papel clave na **vertebración da gandería galega**, o que lles proporciona unha posición sólida e estable para desenvolver novas actividades no ámbito sanitario.

Unha parte importante das cooperativas gandeiras, aínda sen estar formalmente recoñecidas como ADSG, xa realiza funcións semellantes. A través dos seus servizos veterinarios, priorizan actuacións de carácter **preventivo e sanitario**, como a reprodución, a calidade do leite, o control de enfermidades infecciosas ou a desparasitación.

Neste contexto, resulta necesario que as cooperativas galegas contén cun **maior recoñecemento do labor que desenvolven**. Isto permitiría poñer en valor os investimentos realizados en persoal técnico e asesoramento, moitos deles apoiados polas administracións públicas, e reforzar así a eficacia dos servizos que prestan.

ASOCIACIÓN GALEGA DE TÉCNICOS DE EQUIPOS DE MUXIDO (AGATEM)

AGATEM ten como obxectivo principal **fortalecer a coordinación e representación dos técnicos de control de equipos de muxido en Galicia**, contribuíndo á mellora do sector gandeiro.

Entre as súas liñas de actuación destacan:

- **Promover e coordinar a actividade profesional** dos técnicos no ámbito territorial galego
- **Colaborar coa Administración** na mellora dos sistemas de manexo e control, favorecendo prácticas adecuadas na produción láctea e o desenvolvemento do sector
- **Impulsar o progreso sanitario e económico** da gandería
- **Representar e defender os intereses profesionais e económicos** das persoas asociadas ante a sociedade e as administracións autonómicas
- **Fomentar a formación continua**, tanto no ámbito empresarial como profesional

ASESORÍA XERAL

AGACA conta con 37 anos de experiencia na prestación de servizos de asesoramento a cooperativas, sociedades agrarias de transformación, sociedades civís e de capital, así como a explotacións gandeiras individuais. Este labor desenvólvese desde as oficinas de Lugo, Santiago e Ourense, achegando un elevado valor engadido á súa clientela.

ÁREA I: FISCAL

Dentro Dentro da área fiscal, AGACA desenvolve tarefas como:

- **Elaboración e presentación de impostos mensuais**, correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2025, para grandes empresas e cooperativas inscritas no Rexistro de Devolución Mensual do IVE
- **Presentación dos impostos do cuarto trimestre de 2025** (modelos 303, 111, 123 e 115), así como dos correspondentes modelos informativos anuais (390, 190, 193 e 180)
- **Presentación do modelo 349**, tanto mensual como trimestral, relativo ás operacións intracomunitarias
- **Presentación do modelo 232**, de declaración informativa de operacións vinculadas e con territorios cualificados como paraísos fiscais
- **Xestión dos pagamentos fraccionados do Imposto sobre Sociedades** (modelo 202) das entidades obrigadas
- **Elaboración de declaracións complementarias** e modificación de rexistros de declaracións informativas
- **Atención a embargos de créditos** e outros requirimentos administrativos
- **Tramitación do modelo 600** do Imposto de Transmisións Patrimoniais, especialmente en procesos de devolución de capital social por disolución de cooperativas
- **Preparación e resposta a requirimentos tributarios**, tanto de IVE (especialmente en réxime de devolución mensual), como de IRPF e Imposto sobre Sociedades
- **Xestión do certificado dixital** das cooperativas clientes
- **Xestión e seguimento da Dirección Electrónica Habilitada Única (DEHÚ)** para a recepción de notificacións obrigatorias
- **Asesoramento e envío dos libros de IVE a través do SII**
- **Altas de epígrafes no IAE** na AEAT e en operacións intracomunitarias
- **Tramitación de requirimentos específicos**, como o da Deputación de Pontevedra para a actualización do IAE da cooperativa Campodeza

ÁREA II. LABORAL

No ámbito da asesoría laboral, AGACA desenvolve as seguintes actividades:

- Elaboración de **nóminas, seguros sociais, finiquitos e liquidacións**, correspondentes aos meses de novembro e decembro de 2025, para as empresas asesoradas
- **Cálculo e control de retencións**, así como xestión do rexistro de xornada e do rexistro salarial
- **Elaboración e envío dos calendarios laborais** para cada empresa
- **Xestión de cotizacións a través de Siltr@**, incluíndo o envío de RNT (Relación Nominal de Traballadores) e RLC (Recibo de Liquidación de Cotizacións)
- **Actualización de nóminas e recálculo do IRPF**, segundo a aplicación da AEAT, así como envío dos modelos 145 ás empresas
- **Regularización de nóminas conforme ao salario mínimo interprofesional de 2026**, con efectos retroactivos desde o 1 de xaneiro
- **Xestión de altas e baixas de traballadores**, formalización de contratos e rexistro no SEPE (contratacións, transformacións e certificados de empresa)
- **Xestión de traballadores fixos descontinuos**, incluíndo chamamentos, pasas a inactividade e tramitación de prestacións en situación de incapacidade temporal
- **Control da finalización de contratos** e seguimento de incidencias laborais
- **Comunicación e xestión de incapacidades temporais (IT)** ante a Seguridade Social e as mutuas
- **Comunicación de accidentes de traballo a través do sistema Delt@**
- **Emisión de certificados de empresa**, incluídos os de maternidade e pago directo das mutuas (réxime agrario)
- **Xestión administrativa na Seguridade Social**, incluíndo actualización de contas de cotización (CCC), asignación ao Sistema RED, solicitude de NAF e reactivación de contas
- **Tramitación de ficheiros FIE** e descarga e resposta de notificacións electrónicas da Seguridade Social (incluíndo dilixencias de embargo)
- **Tramitación de baixas de alumnado en prácticas**
- **Xestión de contratación de persoas estranxeiras**, incluíndo a elaboración de precontratos para a solicitude de permisos de traballo e a súa posterior alta na Seguridade Social
- **Estudo das opcións máis favorables de contratación**, atendendo á situación da empresa e da persoa traballadora
- **Análise da estrutura de persoal e dos custos laborais** nas cooperativas clientes
- **Seguimento e actualización de convenios colectivos** e normativa laboral aplicable
- **Xestión de procedementos disciplinarios e despedimentos**, incluíndo a elaboración de cartas e documentación previa
- **Cálculo e regularización de vacacións devindicadas non desfrutadas**, especialmente en situacións de incapacidade temporal
- **Atención e resolución de consultas laborais** das empresas asesoradas



ÁREA III: CONTABILIDADE

No ámbito da asesoría contable, AGACA desenvolve as seguintes actividades:

- **Atención de consultas contables** do persoal administrativo das cooperativas, incluíndo contabilización de tesourería, impostos e outros asentos, tanto a través do programa Glasof como mediante conexión remota nas empresas con sistemas propios
- **Realización de asentos contables complexos**, como amortizacións, subvencións, instrumentos financeiros ou adquisición de inmovilizado
- **Elaboración de balances e contas de perdas e ganancias de 2025**, para información das entidades clientes
- **Elaboración e legalización de libros contables** de cooperativas pendentes a final de exercicio
- **Preparación de memorias para as asembleas das cooperativas**
- **Legalización de libros e depósito de contas anuais** no Rexistro de Cooperativas da Xunta de Galicia
- **Depósito de contas consolidadas**, como no caso de Aira, así como das contas de AGACA no Rexistro Mercantil
- **Tramitación e rexistro de facturación electrónica** a través do sistema F.A.C.E. da Administración pública
- **Revisión e regularización de contabilidades** procedentes doutras asesorías, en casos de xestión previa deficiente
- **Inicio dos procesos de peche contable** das empresas atendidas polo departamento de asesoría

ÁREA IV: ADMINISTRATIVA

No ámbito administrativo, AGACA desenvolve un conxunto de tarefas orientadas a dar **soporte documental, xestión operativa e relación coa administración**, facilitando o funcionamento diario das entidades asesoradas.

As principais actuacións foron as seguintes:

- **Elaboración de escritos administrativos**, como renovación de cargos sociais, altas e baixas de persoas socias, entre outros
 - **Preparación de memorias e informes** para a solicitude de subvencións da Xunta de Galicia
 - **Solicitude de certificados oficiais** de débedas na AEAT, TGSS e ATRIGA
 - **Xestión de certificados na AEAT** necesarios para procesos de subcontratación
 - **Solicitude de certificados e informes** no Rexistro de Cooperativas
 - **Emisión de certificados de retencións** das entidades clientes da asesoría
 - **Inscripción de maquinaria no ROMA** (Rexistro Oficial de Maquinaria Agrícola)
 - **Tramitación de procesos de liquidación de cooperativas**, incluíndo a elaboración de balances de extinción e a xestión da súa publicación en medios oficiais
 - **Xestión de citas previas coa administración** (AEAT, Seguridade Social e Xunta de Galicia) para atención a clientes
 - **Atención a requirimentos documentais** doutros organismos (concellos, deputacións, etc.)
 - **Elaboración de “pool” bancario** e recompilación de documentación para a renovación de pólizas de crédito
 - **Xestión de facturación**, incluíndo emisión de facturas e albarás para clientes da asesoría
- Ademais, AGACA prestou outros servizos específicos a demanda, como o acompañamento á **AEAT na xestión dun novo C.A.E.** no rexistro territorial dos impostos especiais.

ASESORAMENTO E TRAMITACIÓN DE AXUDAS

AGACA desenvolveu unha intensa actividade de información, asesoramento e xestión de axudas públicas dirixidas ás cooperativas socias.

Durante o ano, elaboráronse e difundíronse un total de **87 resumos de convocatorias de axudas** procedentes das distintas administracións, seleccionadas pola súa posible aplicación aos diferentes ámbitos de actividade das cooperativas. Así mesmo, ofreceuse **atención personalizada** para resolver dúbidas e interpretar os requisitos e condicións de acceso a estas liñas de apoio.

Ademais do labor informativo, AGACA participou activamente na **tramitación directa de solicitudes**, xestionando un total de **15 expedientes de axudas** para as entidades asociadas, correspondentes a distintos programas, entre os que destacan:

- Programa de fomento do emprendemento en economía social (**APROL Economía Social**)
- Programa de creación ou transformación en cooperativa (**ES-Transforma**)
- Axudas á consolidación empresarial (**Bono Consolida**)
- Axudas para o fomento do uso en común de maquinaria
- Programas de internacionalización (**Galicia Exporta Empresas**)
- Liñas vinculadas ao **Fondo de Transición Xusta**
- Convocatorias de **Premios á cooperación**

➤ Este conxunto de actuacións **permitiu facilitar o acceso das cooperativas a recursos públicos**, contribuíndo á súa mellora competitiva, consolidación e desenvolvemento empresarial.

CALIDADE E SEGURIDADE ALIMENTARIA

En 2025 traballouse nas seguintes áreas:

- Certificación baseada na Guía de Prácticas Correctas de Hixiene - InLac)
- Sistemas de xestión e estándares de calidade: GLOBALG.A.P. en Aira S. Coop. Galega, Cusoviam S. Coop. Galega, Xallas S. Coop. Galega, Perpetuo Socorro, Vanesa de la Fuente
- Aconsellamento en benestar animal, pegada de carbono, SIGE e Conta Láctea en 570 granxas de leite
- Certificación Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® para explotacións que entregan leite a Aira, Lactalis, Leite Celta, S.L.U., Agrocantabria
- Implantación da certificación Leite de Pastoreo e Welfare Quality e AWIN® para explotacións que entregan leite a: Leche Celta S.L.U., Lactalis, Agrocantabria



CERTIFICACIÓN LEITE DE PASTOREO E BENESTAR ANIMAL DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS BASEADO NO REFERENCIAL WELFARE QUALITY E AWIN®

AGROCANTABRIA

Colaborouse coa cooperativa Agrocantabria asesorando ao seu persoal técnico na certificación de Leite de pastoreo. Realizáronse dúas auditorías internas ao sistema de xestión implantado, así como á queixería onde elaboran o queixo con Leite de pastoreo. Acompañouse ao Organismo de Certificación (explotacións e industria) durante a auditoría externa.

Tamén se realizaron os traballos de asesoramento do esquema de certificación de Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® nas explotacións socias da cooperativa, mantendo o volume certificado de anos anteriores.



LACTALIS

Desenvolvéronse traballos de asesoramento para a certificación dos esquemas de Leite de Pastoreo e Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® para Lactalis nas explotacións ás que lles recolle o leite, así como nas súas industrias en Nadela, Mollerussa e Castela e León.

Neste ano mantiveron o volume e o número de produtores certificados no esquema de Leite de Pastoreo e Benestar Animal (dobre certificación).

LACTIBER E ENTREPINARES

Para Lactiber e Entrepinares desenvolvéronse traballos de asesoramento para a certificación dos esquemas de Leite de Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® en explotacións da súa recollida.

En Lactiber, neste último ano, e debido a un retraso por parte desta industria, fixéronse dúas auditorías en diferentes épocas do ano.

Nas dúas entidades as auditorías documentais asúmeas o cliente, pero AGACA participou no acompañamento ás auditorías externas do organismo de certificación nas explotacións.

Os resultados ata o de agora foron satisfactorios para todas as partes, polo que de momento Lactiber e Entrepinares confirmaron a súa continuidade neste proxecto. Ademais, no caso de Entrepinares, incrementárase a presenza de AGACA ao total das súas explotacións en Galicia.

MARCA LECHE CELTA S.L.U.

Desenvolvéronse traballos de asesoramento para a certificación dos esquemas de Leite de Pastoreo e Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® en explotacións da súa recollida e nas fábricas de Leite Celta, S.L.U. en Pontedeume, Meruelo e Ávila.

Neste último ano baixou o volume de traballo realizado con anterioridade, debido a que foi asumido polo propio persoal desta industria.

Realizáronse os autocontrois de produtores de leite de pastoreo, así como os de Benestar Animal. Tamén, unha auditoría de rastrexabilidade en cada industria láctea, así como acompañamento nas auditorías externas do Organismo de Certificación (ganderías e industrias).

OUTRAS ENTIDADES

Tamén se asesorou a produtores de benestar animal en Galicia, Andalucía, Cataluña, e Castela e León. Gran parte destas explotacións asesoradas son socias de cooperativas galegas.

Realizáronse todas as auditorías internas nas ganderías do esquema de Leite de Pastoreo, así como nas do esquema de Benestar Animal, e unha auditoría de rastrexabilidade en cada industria láctea. Tamén se realizou acompañamento nas auditorías externas do Organismo de Certificación (ganderías e industrias).



CERTIFICACIÓN DE BENESTAR ANIMAL DE EXPLOTACIÓNS GANDEIRAS BASEADO NO REFERENCIAL WELFARE QUALITY E AWIN®

NATURLEITE

Durante o ano 2025, incrementouse a colaboración con Naturleite, realizando traballos de asesoramento a ganderías no esquema de certificación de Benestar Animal de Naturleite, baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN®.

AIRA

Realizáronse traballos de asesoramento para a certificación no esquema Benestar Animal de Explotacións gandeiras baseado no Referencial Welfare Quality e AWIN® mantendo o volume de produtores socios de Aira asesorados.

Así, realizouse unha auditoría a cada explotación gandeira e auditoría interna ao sistema de xestión implantado por Aira, así como acompañar durante auditorías externas do Organismo de Certificación.

OUTRAS ENTIDADES

Tamén se colaborou con Entrepinares e Lactiber de Castela e León no asesoramento de explotacións gandeiras no Referencial Welfare Quality e AWIN®.



AVALIACIÓN DE LIMPEZA E DESINFECCIÓN E DE RASTREXABILIDADE NAS RUTAS DE RECOLLIDA DE LECHE CRU E CENTROS DE RECOLLIDA:

O proceso de recollida, a toma de mostras, o transporte de leite e a limpeza e desinfección dos camións da empresa contratada pola cooperativa primeiro compradora para o transporte do leite de Aira.

O proceso de limpeza e de desinfección das instalacións do centro de recollida de leite que Aira ten en Chantada.

O proceso de recollida, a toma de mostras, o transporte de leite e a limpeza e desinfección dos camións das empresas contratadas para Lactalis.



SISTEMAS DE XESTIÓN E ESTÁNDARES DE CALIDADE: GLOBALG.A.P.



Durante todo o ano asesorouse ás cooperativas Aira e Cusoviam e para a certificación en GLOBALG.A.P. das súas fábricas de penso e realizouse unha auditoría interna da cooperativa Xallas para cumprir cun requisito cara a defender a súa posterior auditoría externa.

Conseguíuse manter a certificación en todos os esquemas que se defenderon en 2025.

Esta certificación establece un marco para o desenvolvemento de Boas Prácticas de Manufatura (GMP) que trata de ofrecer alimentos fiables e seguros para a produción animal, axudando a garantir a inocuidade alimentaria da produción animal e, posteriormente, ao longo de toda a cadea de subministración.

O alcance desta norma cobre todas as etapas de produción, desde a compra, a manipulación e almacenamento ata o procesado e distribución dos pensos compostos.



CERTIFICACIÓN BASEADA NA GUÍA DE PRÁCTICAS CORRECTAS DE HIXIENE

En 2014 comezou a incorporación da certificación “Leite certificado de AGACA”, baseada na “Guía de Prácticas Correctas de Hixiene”, en 150 explotacións leiteiras das cooperativas Icos, Agroganadera de Sarria, O Xeixo, O Pereiro, Central de Frades, Campodeza, O Rodo e Codegui, e en explotacións subministradoras de Celega e Celta.

En 2025 acadaron o certificado explotacións socias das cooperativas Aira, Leiteira Pico Sacro e Cooperativa Agraria Comarcal de Ordes S. Coop. Galega, así coma explotacións subministradoras de Naturleite e Celega.

Isto demostra a capacidade de gandeiros e gandeiras —primeiro elo da cadea de produción— para ofertar produtos sans e seguros, obtidos mediante boas prácticas (rastrexabilidade, alimentación, manexo do gando, rutinas de muxido, mantemento de equipos, emprego de medicamentos, benestar animal, medio ambiente etc.) e de dispoñer de estruturas empresariais resilientes, capaces de adaptárense aos novos desafíos que lles son impostos.

Realizáronse máis de 100 controis internos, visitas rutinieras e máis de 60 controis de potabilidade de augas e controis de temperatura.


COMUNICACIÓN E DIVULGACIÓN COOPERATIVA

As accións de comunicación desenvolvidas por AGACA durante 2025 orientáronse a garantir un fluxo constante de información coas cooperativas socias, reforzar a difusión da actividade institucional e técnica da entidade e dar visibilidade ao cooperativismo agroalimentario galego.

COMUNICACIÓN INTERNA

A comunicación interna constitúe unha ferramenta esencial para que as cooperativas socias dispoñan de información actualizada, contrastada e útil para a toma de decisións. Nun contexto marcado por un elevado volume de novidades normativas, económicas, técnicas e sectoriais, AGACA mantivo un labor continuado de selección, análise e distribución de contidos de interese para o cooperativismo agroalimentario galego.

Desde 2007, AGACA ofrece ás cooperativas socias un servizo de resumos informativos diarios coa selección das novas máis relevantes publicadas en xornais impresos e medios dixitais vinculadas aos sectores agroalimentarios. Este servizo complementábase coa elaboración e difusión de informes sectoriais específicos, documentación técnica e información procedente de organismos públicos, centros de investigación e entidades vinculadas ao sector.



A actividade comunicativa estruturouse arredor de dúas liñas complementarias: a comunicación interna, centrada no servizo informativo ás cooperativas e na circulación de información sectorial de interese; e a comunicación externa, dirixida á proxección pública de AGACA, das súas actividades, proxectos e posicionamentos.

ACCIÓNS

- **Resumo de prensa diario** coas novas máis destacadas
- **Elaboración e difusión de informes sectoriais** cos principais contidos de actualidade
- **Distribución de información** procedente de gabinetes gobernamentais, centros de investigación, administracións públicas e outras fontes relacionadas co sector
- **Acceso e distribución de informes**, datos, publicacións, axendas e documentación de utilidade para cooperativas e persoal técnico
- **Recepción e redistribución de revistas e publicacións** elaboradas polas federacións e unións integradas en Cooperativas Agro-alimentarias de España
- **Intercambio de información** cos gabinetes de comunicación do resto de FUT de Cooperativas Agro-alimentarias de España e doutras entidades
- **Comunicacións internas** sobre eventos, reunións, convocatorias, axudas, actividades formativas e cuestións sectoriais de interese
- **Elaboración** de memorias, discursos e documentación institucional de apoio á actividade da entidade

COMUNICACIÓN EXTERNA

Ao longo de 2025, AGACA desenvolveu unha intensa actividade no ámbito da comunicación externa, orientada a dar visibilidade ao cooperativismo agroalimentario galego, difundir as accións impulsadas pola entidade e reforzar a súa presenza pública nos medios, nas redes sociais e nos espazos institucionais e sectoriais.

Durante o exercicio, emitíronse **10 comunicados e notas de prensa**, aos que se suman entrevistas, reportaxes, cobertura de eventos, elaboración de grafismos, traducións, revisións de contidos e servizo de clipping. Este conxunto de accións confirma un **reforzo na estratexia de comunicación**, centrada na difusión da práctica totalidade das actividades técnicas, proxectos e posicionamentos de AGACA.


Este labor tivo reflexo na relación cos medios de comunicación, rexistrándose arredor de **70 consultas procedentes de medios**, que deron lugar a **68 mencións en prensa escrita**, máis dunha vintena en prensa dixital e presenza en canles autonómicas e locais de radio e televisión, ademais dunha campaña específica coa Televisión de Galicia.

A páxina web corporativa (**www.agaca.coop**), xunto coas redes sociais, continúa a ser un eixo fundamental para a **divulgación e posicionamento da entidade**. A través da web difundíronse **170 publicacións** relacionadas con actividades, axudas, formación e contidos sectoriais, estando dispoñible en galego e castelán.

No ámbito das redes sociais, realizáronse arredor de **1100 publicacións**, consolidando unha tendencia ascendente en seguidores:



Así mesmo, continúan medrando as canles de difusión directa:



O departamento de comunicación tamén colaborou na **organización e difusión de iniciativas sectoriais**, como “El Sentido de la Carne”, impulsada polas interprofesionais do sector cárnico español, ou a Marca Produto Cooperativo, promovida por Cooperativas Agro-alimentarias de España, ademais doutras accións desenvolvidas por entidades da economía social.

ACCIÓNS

- **Atención a medios de comunicación** e xestión de entrevistas, consultas e solicitudes informativas
- **Clipping** e seguimento informativo das novas publicadas sobre AGACA, as súas actividades e os proxectos desenvolvidos
- Actualización da **páxina web corporativa**, con información sobre actividades, axudas, formación e contidos sectoriais
- Xestión e dinamización das **redes sociais**: Facebook, X, LinkedIn, Instagram e YouTube
- Difusión directa de contidos a través de **WhatsApp e Telegram**
- **Comunicación externa** de eventos, xornadas, reunións e actos sectoriais
- **Cobertura fotográfica** e tratamento de imaxes dos eventos organizados
- **Deseño de creatividade gráficas** para proxectos, campañas e eventos
- Edición e produción de **vídeos**
- **Elaboración de grafismos**, revisións, traducións e materiais de apoio á difusión
- **Apoio comunicativo** á actividade institucional da entidade
- **Planificación**, asistencia e cobertura de xornadas, congresos, foros e actos.
- Xestión de **espazos comerciais** na revista Cooperación Galega

A revista *Cooperación Galega* constitúe unha das principais ferramentas de divulgación técnica, institucional e cooperativa de AGACA.

➤ En 2025 publicáronse **cinco números da revista corporativa** (do 172 ao 176, ambos incluídos), cunha tiraxe de **7000 exemplares por edición**.

Ao longo do ano elaboráronse máis de 100 artigos, nos que se abordaron temas clave de interese estratéxico para o cooperativismo agroalimentario galego, combinando análise sectorial, actualidade e reflexión.

A revista estrutúrase en seccións fixas recollidas no seu sumario:

- **Editorial** (espazo de apertura da revista no que se aborda un tema de interese, fixando a posición de AGACA ao respecto);
- **A fondo** (reportaxes en profundidade);
- **Tendencias** (información vinculada ao sector agroalimentario e rural);
- **Mundo Cooperativo** (contidos relacionados coas nosas cooperativas);
- **CoopTIC** (sección dedicada á tecnoloxía e ao entorno dixital, que ofrece contidos prácticos sobre uso seguro de internet, boas prácticas nas redes e ferramentas tecnolóxicas, incluíndo aplicacións de intelixencia artificial);
- **CooperOcio** (sección de carácter lúdico que inclúe pasatempos como adiviñas, sopas de letras, sudokus e labirintos, dirixida ao entretemento das persoas lectoras) e
- **Novas**, con contidos breves de actualidade das empresas cooperativas ou vinculadas ao sector. Complétase con entrevistas e apartados específicos dedicados á difusión de proxectos de cooperación e experiencias no terreo,
- **Caderno Central**, un espazo de 16 páxinas no que se abordan temas de carácter máis técnico cun enfoque divulgativo, acompañado de infografías que facilitan a lectura e a comprensión dos contidos.



Entre os **temas principais tratados máis en profundidade (A Fondo)** destacan:

- “Poden controlarse os nitratos?”
- “O ano 2025 declarado pola ONU como Ano Internacional das Cooperativas”
- “Premios con nome propio ás cooperativas galegas”
- “Como nos afectará a nova PAC”
- “Man de obra migrante e de protección internacional: unha oportunidade para o agro galego”

Os **Cadernos técnicos** centraron a súa atención en cuestións máis especializadas:

- “Estratexia de descarbonización do vacún de leite en España. Informe BACA. Danone”
- “Nutrición sostible de solos”
- “O porco celta”
- “O Consello Reitor, eixo da boa gobernanza cooperativa”
- “Sostibilidade no sector lácteo galego: o modelo de asesoramento de AGACA”

➤ **A revista consolídase como unha ferramenta clave** de divulgación técnica, transferencia de coñecemento e posta en valor do cooperativismo galego.

CORRETORÍA DE SEGUROS

SERVIZO DE SEGUROS UCOGA




Facilitamos aos socios e socias das cooperativas o acceso a información e a un mellor servizo, entendemos as necesidades de cada profesional do sector primario e atopamos solucións a medida. Actividades realizadas no ano 2025:

- **Xestión de pólizas de seguros**, produtos exclusivos en diversos ramos nos que somos especialistas, como a industria agroalimentaria ou os transportes. Estudamos calquera risco susceptible de ser asegurado para darlle a solución óptima, traballamos coas maiores compañías aseguradoras do mercado. Trato personalizado.
- Asistencia ás reunións do **Grupo de Trabajo de Seguros de Cooperativas Agro-alimentarias de España**. Representantes do **Grupo de Normativa de la Comisión General de ENESA sobre seguros de ganadería**.
- **Formación:** cursos de especialización no marco do Convenio Enesa 2025.
 - *Seminario técnico: el seguro agrario como sistema de protección y la prima del seguro (17 de xuño 2025 en Madrid).*
 - *Curso de especialización técnica líneas de seguros de explotaciones ganaderas (2-3 de outubro 2025, en Las Hurdes – Cáceres).*
- **Promoción do seguro agrario** campaña de publicidade e plan de medios, radio, prensa.
- **1 artigo na revista Cooperación Galega** centrado nos seguros obrigatorios.



PROXECTOS

E PROGRAMAS



06 ↙



PROXECTOS E PROGRAMAS

06



FORMATIVOS

EN COLABORACIÓN COA CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

A finais de 2024 iniciáronse tres accións formativas dirixidas prioritariamente a persoas en situación de desemprego, que se desenvolveron ao longo de 2025:

AULA DE MELIDE:

Certificado de profesionalidade
Actividades de xestión administrativa

898 HORAS

Inicio en 2024 con 11 participantes. Finalización en setembro de 2025 con 6 alumnos que superaron o certificado.

Certificado Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos

458 HORAS

Desenvolvido entre decembro de 2024 e maio de 2025. Finalización con 5 participantes.

AULA DE LUGO:

Certificado de Actividades de xestión administrativa

898 HORAS

Inicio a finais de 2024 e finalización en setembro de 2025 con 6 alumnos titulados.

Esta formación permite a obtención dos correspondentes Certificados de Profesionalidade. Ten un enfoque eminentemente práctico e inclúe, en todos os casos, un módulo de prácticas profesionais non laborais en empresas, co obxectivo de facilitar a inserción laboral do alumnado.

Non se puideron iniciar outras accións previstas por falta de alumnado suficiente:

- **Melide:** Dinamización comunitaria. 628 horas
- **Lugo:** Operacións de gravación e tratamento de datos e documentos. 458 horas
- **Lugo:** Confección e publicación de páxinas web.

EN COLABORACIÓN CON COOPERATIVAS AGRO-ALIMENTARIAS DE ESPAÑA

Curso presencial nas instalacións da cooperativa **Vitivinícola Arousana**, dirixido a membros de consellos reitores (Convenio entre Cooperativas Agro-alimentarias de España e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación)

Cunha duración de 24 horas lectivas e unha participación de 10 persoas.

CONTIDOS

Habilidades directivas

Réxime económico do cooperativismo

Conceptos básicos de xestión económica e financeira

Interpretación e análise de balances

Formación orientada á **mellora da xestión e profesionalización dos órganos de goberno das cooperativas.**



FORMACIÓN EN DIXITALIZACIÓN

No marco da estratexia de dixitalización impulsada por Cooperativas Agro-alimentarias de España, coa participación de AGACA, desenvolvéronse as seguintes accións formativas:

ITINERARIO FORMATIVO DE ASESORÍA (XUÑO).

Duración: 12 horas lectivas. Dirixido a equipos técnicos das cooperativas para facilitar a implantación do caderno de explotación dixital C3 e a súa integración en sistemas públicos (como SIEX), mellorando a xestión de insumos e a eficiencia dos procesos. Impartido por técnicos de HISPATEC e AGACA.

ITINERARIO FORMATIVO EN SIGCEX (XULLO).

Duración: 12 horas lectivas. Dirixido aos servizos de asesoramento agronómico das cooperativas. Impartido por técnicos de ESRI e AGACA.

Taller de formación de consejos retores

Cooperativa Vitivinícola
Arousana (Paco & Lola)

Modalidad: Presencial (Lg. Valdamor, 18, XII,
Meaño - Pontevedra)

Días: 1, 2, 22, 23, 29 y 30 de octubre de 2025

TALLER de: formación de consejos retores

Destinado a
Rectores/as actuales y futuros/as, jóvenes y
mujeres socias de cooperativas de Galicia.

Cooperativa Vitivinícola Arousana
(Paco & Lola)

Presencial - Lg. Valdamor, 18, XII,
Meaño (Pontevedra)

1, 2, 22, 23, 29 y 30 de octubre de 2025

Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias

Santiago de Compostela Lugo Ourense
Rúa Tomiño, nº 22, 1º doa Rúa Poeta Noriega Varela, Rúa Beboia, nº 7, 2º - of. 1
981 584 783 988 242 481 988 242 481

www.agaca.coop

agaca@agaca.coop @CoopsAgaca
@Agacacooperativas @CooperativasAGACA
@agaca-asociación-galega-de-cooperativas-agroalimentarias

Patrocina:



Organiza:



Colabora:



FONDO DE FORMACIÓN

Durante 2025, AGACA xestionou unha acción formativa dirixida a membros do consello reitor dunha cooperativa, asumindo a preparación e xustificación da documentación acreditativa da súa realización e da participación das persoas asistentes.

FORMACIÓN NON SUBVENCIONADA

En 2025, unha sentenza da Audiencia Provincial de León declarou fraudulentos determinados cursos de formación realizados en El Bierzo (León), anulando os títulos de aplicador/manipulador de produtos fitosanitarios obtidos nese contexto.

Como consecuencia, rexistrouse unha elevada demanda de formación neste ámbito, especialmente no segundo semestre do ano. AGACA impartiu **16 cursos de Aplicador/Manipulador de Produtos Fitosanitarios (nivel básico)**, cun total de **319 participantes**.

PLATAFORMA DE TELEFORMACIÓN

O campus virtual de AGACA consolidouse como unha ferramenta clave para a formación, destacando pola súa flexibilidade e adaptación ás necesidades do alumnado.

Durante 2025 ampliouse a oferta formativa con cursos homologados pola Consellería do Medio Rural, entre os que destacan:

- Aplicador/Manipulador de produtos fitosanitarios (nivel básico)
- Benestar animal para transportistas.
- Benestar animal en explotacións
- Incorporación á empresa agraria (orientación vacún de leite)

Estes contidos súmanse á formación dirixida ao persoal vinculado ao sector do gando bovino.

Máis información en:
<https://campusvirtual.agaca.coop/>



REDE EUSUMO

A Rede Eusumo, impulsada no ano 2010 pola Concellería de Traballo e Benestar, constitúe unha infraestrutura de apoio ao cooperativismo e á economía social en Galicia, centrada no asesoramento, formación e acompañamento de iniciativas empresariais, así como no fomento da cooperación, o intercambio comercial e a internacionalización.

A rede apoia a súa actividade nas instalacións e recursos das entidades colaboradoras, entre elas AGACA.

No marco da Orde do 27 de decembro de 2023 (DOG núm. 17, do 24.01.2024), desenvolvéronse as seguintes actuacións:

XORNADAS “O MODELO COOPERATIVO COMO FERRAMENTA PARA FIXAR RIQUEZA NO MEDIO RURAL”

O medio rural galego conta cunha presenza relevante de cooperativas agroalimentarias, ligadas ás principais actividades produtivas e cunha importante función económica e social. Con todo, este entorno está en constante transformación, condicionado por novas esixencias produtivas, normativas e de mercado.

Entre os principais factores de cambio destacan as políticas vinculadas ao **Pacto Verde Europeo**, as novas obrigas en materia de sostibilidade, a descarbonización da actividade agraria, o impulso do benestar animal, a restauración ambiental ou a redución do desperdicio alimentario.

Neste contexto, a economía social e o cooperativismo configúranse como **modelos empresariais capaces de dar resposta a estes retos**, tanto a través da adaptación das cooperativas existentes como mediante a creación de novos proxectos innovadores orientados ás necesidades do sector.

Co obxectivo de abordar estas cuestións, organizáronse **DÚAS XORNADAS** nas cooperativas:

- O Rodo S. Coop. Galega
- AIRA S. Coop. Galega

AS XORNADAS CONTARON CUNHA PARTICIPACIÓN TOTAL DE 35 PERSOAS

ENCONTROS DE MULLERES SOCIAIS E DIRECTIVAS DAS COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS



Xornada en Aira. 12 de febreiro de 2025.

Estas accións estiveron orientadas a **visibilizar o papel da muller no medio rural e fomentar a súa participación en postos de responsabilidade nas cooperativas**, tendo en conta que arredor do **45 % das persoas sociais son mulleres**.

Os encontros tiveron como **OBXECTIVOS**:

.....
Dar visibilidade á muller empresaria, directiva, profesional e traballadora rural

.....
Fomentar o emprendemento feminino no medio rural

.....
Incrementar a presenza de mulleres en postos de responsabilidade e decisión

.....
Impulsar a participación nos órganos de goberno das cooperativas e organizacións

.....
Identificar barreiras socioculturais e promover estratexias para superalas

Durante 2025 realizáronse **TRES ENCONTROS** nas seguintes entidades:

.....
AIRA S. Coop. Galega

.....
Jesús Nazareno S. Coop. Galega

.....
Nós, As Mulleres

OBRADOIROS “SISTEMA INTEGRADO, XESTIÓN DE EXPLOTACIÓNS AGROALIMENTARIAS”

As transformacións da economía agraria, da economía social e as esixencias derivadas do cambio climático fan necesario reforzar a capacitación no ámbito da xestión das explotacións agroalimentarias.

Neste contexto, **OS OBRADOIROS CENTRÁRONSE** en:

Dar a coñecer o modelo cooperativo e as características das empresas da economía social

Abordar, desde unha perspectiva práctica, a xestión das explotacións agroalimentarias e os seus requisitos



Durante 2025 realizáronse

en modalidade de teleformación

7 EDICIÓNS

TOTAL

148 PARTICIPANTES

OS CONTIDOS formativos estruturáronse en tres unidades principais.

A primeira unidade centrouse no **cooperativismo no sector primario**, abordando tanto os conceptos básicos das cooperativas como o seu marco legal e funcionamento dentro da economía social

A segunda unidade estivo dedicada ao **benestar animal nas explotacións**, incluíndo aspectos xerais da normativa e boas prácticas, así como o papel e responsabilidades do persoal nas explotacións gandeiras

Finalmente, a terceira unidade abordou a figura do **operador de granxa**, tratando cuestións clave como as características da produción bovina, a sanidade animal, a hixiene e bioseguridade, o manexo dos animais, a xestión das explotacións en relación co cambio climático, o rexistro de información e a normativa vixente

OBRADOIRO “EMPREENDEMENTO COOPERATIVO NO MEDIO RURAL: OPORTUNIDADES DE NEGOCIO”

O obradoiro tivo como finalidade **fomentar o autoemprego cooperativo** e facilitar a posta en marcha de iniciativas empresariais no medio rural, achegando **o modelo cooperativo** a persoas con formación en xestión empresarial e mostrando, desde unha perspectiva práctica, as condicións necesarias para a súa xestión.

OBRADOIRO ONLINE **30** PARTICIPANTES

OS CONTIDOS estruturáronse arredor de varios bloques clave.

Abordouse **a cooperativa como empresa**, analizando os seus principios, funcionamento e boas prácticas desde unha perspectiva empresarial

Tratáronse os **aspectos básicos de comercialización e márketing**, facendo fincapé na situación competitiva dos produtos e servizos, no uso do márketing dixital e no proceso de internacionalización e apertura de mercados

Outro dos bloques centrouse na **regulación das cooperativas conforme á Lei 5/1998**, incluíndo a normativa aplicable, as distintas clases de cooperativas, a estrutura dos estatutos sociais, o réxime económico e o funcionamento dos órganos sociais

Abordáronse **conceptos empresariais básicos** nos ámbitos fiscal, contable e laboral, necesarios para a xestión das entidades

Desenvolvéronse contidos vinculados ás **habilidades directivas**, como a toma de decisións, a xestión eficaz de reunións e a resolución de conflitos

OBRADOIROS “A ECONOMÍA SOCIAL E A MODERNIZACIÓN DO SECTOR AGROALIMENTARIO: CERTIFICACIÓN DE CALIDADE E MEDIOAMBIENTAIS”

Os obradoiros tiveron como finalidade **afondar na modernización do sector primario**, incorporando a visión do cooperativismo e o papel das **certificacións de calidade e medioambientais** como ferramentas de competitividade.

Entre os seus obxectivos destacaron a difusión do **modelo cooperativo e da economía social**, así como a análise práctica dos requisitos necesarios para a implantación e xestión de certificacións.

CATRO EDICIÓNS EN MODALIDADE DE TELEFORMACIÓN **80 PARTICIPANTES**

OS CONTIDOS estruturáronse en tres bloques principais.

En primeiro lugar, abordouse o **cooperativismo no sector primario**, analizando as características das cooperativas e o seu marco legal

A continuación, desenvolvéronse os bloques de **certificacións de calidade e medioambientais**, onde se trataron referenciais como ISO, certificacións específicas en vacun de leite, GLOBALG.A.P., BRC/IFS e outras vinculados a seguridade alimentaria e a mellora dos procesos produtivos; tamén, análise de ciclo de vida, pegada de carbono e pegada hídrica

III Edición

Curso Gratuito

A ECONOMÍA SOCIAL E A MODERNIZACIÓN DO SECTOR AGROALIMENTARIO: **certificacións de calidade e medioambientais**


TELEFORMACIÓN
28/04/2025 a 08/06/2025

INSCRÍBETE
www.agaca.coop

XUNTA DE GALICIA

AGACA

XÉNERO CO QUE SE IDENTIFICA TOTAL 2025



Durante estas edicións rexistrouse unha **participación maioritaria de mulleres**, con **52 inscritas** fronte a **28 homes**.

XÉNERO CO QUE SE IDENTIFICA TOTAL APROBADOS 2025



En relación cos resultados, tamén destacou o peso do colectivo feminino: das **41 persoas que superaron a avaliación**, **25 foron mulleres**, o que representa o **61 % do total de aprobadas**.

XORNADAS FORMATIVAS DE MOCIDADE DAS COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS GALEGAS

Desenvolvéronse **dúas xornadas formativas** dirixidas á **mocidade socia e/ou descendente de persoas socias** de cooperativas agroalimentarias de Galicia, celebradas nos centros **EFA Fonteboa** e **IES Francisco Asorey**.

DÚAS XORNADAS **63** MOZOS E MOZAS

OS CONTIDOS centráronse en aspectos clave para a incorporación e formación da mocidade no sector:

Normativa agraria, como o Real Decreto de Nutrición Sostible de Solos e o Caderno de Explotación Dixital

Axudas á incorporación da mocidade ao medio rural

Ordenación das explotacións de vacún e ferramentas de xestión como o SIGE

Benestar animal e pegada de carbono, como elementos clave da sostibilidade



Xornada Financiamento e Apoios Cooperativos. 7 de febreiro de 2025.

XORNADAS ESTRATÉXICAS DOS DIRECTIVOS DAS COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS GALEGAS: CAMBIO CLIMÁTICO E SUSTENTABILIDADE

As cooperativas agroalimentarias enfróntanse a un contexto de **cambios económicos, sociais e normativos constantes**, o que require unha actualización continua dos seus *consellos reitores* e *equipos técnicos*.

Estas xornadas teñen un enfoque **transversal e sectorial**, abordando tanto cuestións comúns ao conxunto do sector como problemáticas específicas. Entre os temas tratados destacan a mellora da xestión, a intercooperación, os intercambios comerciais e o acceso a financiamento.

OITO XORNADAS ESTRATÉXICAS **313** PERSOAS

OS CONTIDOS que se trataron son das seguintes temáticas:

Innovación na nutrición de solos

Fitosanitarios e cooperativas

SIGE cooperativo

Mellores técnicas dispoñibles e pegada de carbono

Dixitalización e caderno de explotación

Servizos veterinarios

Medio ambiente e cooperativas

Apoio ao emprendemento cooperativo

XORNADAS FORMATIVAS SOBRE OPORTUNIDADES DE NEGOCIO

Estas xornadas estiveron dirixidas a persoas en activo no medio agrario e rural, especialmente aquelas con **limitacións de rendemento nas producións actuais** ou con terras infrautilizadas, interesadas en explorar novas alternativas produtivas.

O seu obxectivo foi **facilitar e incentivar o emprendemento no medio rural galego**, mediante a difusión de pequenas pílulas formativas orientadas a identificar **novas producións agrarias e gandeiras** e oportunidades de negocio asociadas. Así mesmo, déronse a coñecer **modelos de apoio ao emprendemento**, como cooperativas e outras fórmulas organizativas.

As sesións desenvolvéronse en formato virtual (Zoom), facilitando a participación de persoas de distintos puntos de Galicia.

No marco destas xornadas presentáronse **12 oportunidades de negocio para o emprendemento cooperativo**:



Xornada Produción e comercialización das fabas de calidade. 4 de abril de 2025.

Lúpulo	Castaña	Oliveiras
Aguacate	Té galego	Resina
Cánabo	Porco celta	Mazá de sidra
Cultivo de flor en Galicia	Faba de calidade	Cultivos estratéxicos

PARTICIPACIÓN POR XÉNERO – XORNADAS SOBRE OPORTUNIDADES DE NEGOCIO 2025

Nº	XORNADA	HOME	MULLERES	TOTAL
1	PRODUCCIÓN DO LÚPULO	24	19	43
2	CASTAÑA	52	26	78
3	FABAS DE LOURENZÁ	20	17	37
4	AGUACATE	30	28	58
5	TÉ GALEGO	11	22	33
6	RESINA	24	15	39
7	CÁNABO	28	34	62
8	PORCO CELTA	23	14	37
9	FLOR CORTADA	18	35	53
10	MAZÁ DE SIDRA	63	26	89
11	OLIVEIRAS	43	31	74
12	CULTIVOS ESTRATÉXICOS	37	35	72
TOTAL		373	302	675
T porcentaxe		55,26 %	44,74 %	100,00 %



As 12 Xornadas Formativas sobre Oportunidades de Negocio organizadas por AGACA no exercicio 2025 rexistraron a participación de **675 persoas**, o que evidencia o elevado interese do rural galego por explorar novas alternativas produtivas e fórmulas de diversificación agraria e cooperativa.

Do total de asistentes, **302 foron mulleres (44,74 %) e 373 homes (55,26 %)**, o que amosa unha presenza feminina moi relevante nas iniciativas vinculadas ao emprendemento rural e á posta en marcha de novos proxectos.

➤ Este nivel de participación feminina confirma unha tendencia positiva de **fortalecemento do emprendemento das mulleres no medio rural**, contribuíndo á fixación de poboación, á xeración de actividade económica e á dinamización social das comarcas agrarias.

Estas cifras están aliñadas cos obxectivos estratéxicos de AGACA en materia de **igualdade de oportunidades e promoción da participación feminina no sector agroalimentario**, reforzando o papel do cooperativismo como ferramenta clave para un rural máis dinámico, sostible e equilibrado.

En conxunto, as Xornadas de Oportunidades de Negocio 2025 consolidáronse como un **espazo de transferencia de coñecemento e impulso ao talento**, contribuíndo ao desenvolvemento dun tecido socioeconómico rural máis resiliente e diverso.

CONVENIO ENTRE AGACA E AEIGA PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES RELACIONADAS CO DESPERDICIO ALIMENTARIO

En calidade de entidades colaboradoras da Rede Eusumo, AGACA e AEIGA (Asociación de Empresas de Inserción de Galicia) asinaron un convenio de colaboración co obxectivo de impulsar actuacións conxuntas orientadas á mitigación do desperdicio alimentario. Este acordo céntrase no desenvolvemento de sectores emerxentes que favorezan a consolidación, o crecemento e a creación de entidades de economía social vinculadas á industria agroalimentaria, con especial atención ás cooperativas e ás empresas de inserción.

Esta liña de traballo responde á necesidade de aliñarse co proxecto de **Lei de prevención das perdas e o desperdicio alimentario**, así como cos **Obxectivos de Desenvolvemento Sostible da Axenda 2030**, a **Directiva Marco da Unión Europea sobre residuos**, o **Plan de Acción para a Economía Circular** e a estratexia europea **Da Granxa á Mesa**.

No marco deste convenio desenvolvéronse tres iniciativas principais:

ESTUDO DE IMPACTO E POTENCIALIDADES DA PREVENCIÓN DE PERDAS E DESPERDICIO ALIMENTARIO NO SECTOR HORTOFRUTÍCOLA DA ECONOMÍA SOCIAL DE GALICIA

Este estudo aborda de maneira exhaustiva a problemática da perda e o desperdicio alimentario no sector hortofrutícola, un reto de grande relevancia económica, social e ambiental. A través da análise de fontes oficiais e da realización de entrevistas a

entidades galegas de economía social —as cooperativas Horsal S. Coop. Galega e Porta do Río Miño S. Coop. Galega, así como a empresa de inserción Primicias Raíña—, o informe ofrece unha visión actualizada sobre as causas, o impacto e as posibles solucións a esta problemática desde unha perspectiva cooperativa.

Ademais, o estudo pon especial atención na nova **Lei 1/2025 de prevención da perda e o desperdicio alimentario**, chamada a marcar un punto de inflexión no sector agroalimentario galego, promovendo prácticas máis sostibles e eficientes ao longo de toda a cadea de valor.

Pode consultarse en <https://agaca.coop/wp-content/uploads/2025/11/Estudo-e-anexos-desperdicio-alimentario.pdf>

XORNADA REAPROVEITAMENTO ALIMENTARIO: OPORTUNIDADES DE NEGOCIO PARA A ECONOMÍA SOCIAL

Organizada por AEIGA. Tivo lugar o 3 de outubro e contou co seguinte programa:

- Marco normativo na prevención do desperdicio e reaproveitamento alimentario
- Boas prácticas na prevención do desperdicio alimentario
- Iniciativas de éxito da Economía Social
- Modelos de negocio de reaproveitamento alimentario

XORNADA CULTURA DE PREVENCIÓN DE PERDAS E DESPERDICIOS ALIMENTARIOS

Organizada por AGACA, esta xornada celebrouse o 17 de outubro co obxectivo de promover unha cultura de prevención no ámbito das perdas e do desperdicio alimentario dentro do sector hortofrutícola da economía social.

A actividade estruturouse arredor de **cinco obxectivos principais: sensibilizar** ás cooperativas agroalimentarias e ás empresas de inserción sobre a relevancia da prevención das perdas e desperdicios alimentarios; proporcionar **ferramentas e estratexias** prácticas para a súa implementación; fomentar a adopción de **prácticas sostibles** e de economía circular no sector hortofrutícola; contribuir á consolidación e ao crecemento das enti-

dades participantes mediante **a optimización de procesos e a redución de custos** asociados ao desperdicio; e dar a coñecer oportunidades de **negocio** e de colaboración aliñadas cos obxectivos da Axenda 2030 e cos principios de sustentabilidade.

O programa incluíu os seguintes contidos:

- Plan de prevención da perda e do desperdicio alimentario
- Ferramentas e recursos: Grupo Operativo PDApp
- Exemplos de aproveitamento alimentario en Galicia
- Experiencia de Mel Leira Orgánica: o desperdicio alimentario como oportunidade e plans de valorización
- Proxecto Galilyo: desperdicio cero e transformación de descartes alimentarios
- Mesa redonda: impacto e potencialidades da prevención de perdas e desperdicio alimentario no sector hortícola da economía social de Galicia
- A economía circular na xestión das perdas e do desperdicio alimentario
- Proxecto thERBN

XORNADA: CULTURA DE PREVENCIÓN DE PERDAS E DESPERDICIOS ALIMENTARIOS

📅 27/10/2025
🕒 09:40 a 14:30

📍 ON LINE

Inscríbete de balde

XUNTA DE GALICIA SEPE Gacero agaca aeiga

FINANCIADO POR:
XUNTA DE GALICIA



PROXECTOS PILOTO DE NOVOS PRODUTOS, PRÁCTICAS, PROCESOS E TECNOLOXÍAS

A Unión de Cooperativas AGACA colabora de maneira habitual con outras entidades —especialmente pequenas cooperativas agroalimentarias e centros tecnolóxicos— no desenvolvemento de proxectos innovadores apoiados polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader).

Estas iniciativas concréntanse na implantación de **proxectos piloto** e no desenvolvemento de **novos produtos, prácticas, procesos e tecnoloxías** nos sectores agrícola, alimentario e forestal. Este desenvolvemento inclúe tanto a incorporación de solucións innovadoras como a aplicación doutras xa existentes en contornas onde non foran utilizadas previamente.

Ao longo do ano 2025 desenvolveuse o seguinte proxecto:

GRUPO OPERATIVO DO OLIVAR EN GALICIA – OLIGALICIA (FEADER 2023/050B).

ENTIDADES PARTICIPANTES:

AGACA, Fundación Centro Tecnolóxico da Carne e Proligal S. Coop. Galega.

DATA DE INICIO: **11/08/2023**

DATA DE FINALIZACIÓN: **30/09/2026**

ACONSELLAMENTO

O servizo de asesoramento foi ofertado por AGACA entre xaneiro e setembro de 2025 a **529 granxas produtoras de leite**, estruturándose en tres tipoloxías principais:

TIPOLOXÍA I. BENESTAR ANIMAL

Este asesoramento baséase na formación das persoas profesionais da gandería en materia legislativa e na avaliación do benestar animal segundo o esquema **Welfare Quality®**, para o cal AGACA conta con persoal técnico especializado. Este protocolo, desenvolvido no marco dun proxecto europeo, permite avaliar e controlar o nivel de benestar animal en granxas e matadoiros.

O proceso inclúe tres visitas á explotación: formación in situ, avaliación do benestar animal e entrega de resultados xunto con propostas de mellora.

TIPOLOXÍA II. PEGADA DE CARBONO

A pegada de carbono constitúe unha referencia clave para medir o impacto ambiental dunha explotación. O seu cálculo permite coñecer as emisións de gases de efecto invernadoiro e establecer medidas para a súa redución.

Este proceso realízase mediante inventarios de emisións conforme a estándares internacionais recoñecidos, como **ISO 14064-1, PAS 2050 ou GHG Protocol**, e exprésase en masa de CO₂ equivalente. Inclúe gases como CO₂, CH₄, N₂O, PFCS, HCFS e SF₆.

O asesoramento estrutúrase tamén en tres visitas: concienciación e formación, toma de datos e entrega de resultados con propostas de mellora.

TIPOLOXÍA III. ASESORAMENTO BÁSICO + CONTA LÁCTEA

De forma complementaria ao benestar animal, pres-touse asesoramento en **xestión técnico-económica das explotacións**, empregando o programa Conta Láctea como ferramenta de análise e apoio á toma de decisións.

CEPES – PLAN DE APOIO AO FORTALECIMENTO E CONSOLIDACIÓN DAS COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS GALEGAS

O **Plan de fortalecemento e consolidación das cooperativas agroalimentarias galegas**, promovido no marco de CEPES, ten como finalidade apoiar o crecemento e a mellora das cooperativas que desexan avanzar na optimización dos seus sistemas de xestión e produción.

A iniciativa parte das necesidades detectadas nas propias cooperativas, co obxectivo de reforzar a súa **competitividade, sustentabilidade e resiliencia**, tendo en conta o seu papel estratéxico no desenvolvemento económico, social e rural de Galicia.

O Plan estrutúrase en tres liñas principais de actuación:

- Elaboración de **plans de negocio individualizados** para cada cooperativa participante, baseados nun diagnóstico previo que define as accións a desenvolver
- Desenvolvemento de **actividades formativas dirixidas ás persoas socias**, orientadas a mellorar a profesionalización, a rendibilidade e a sustentabilidade das explotacións
- Prestación de **asistencia técnica ás cooperativas**, promovendo prácticas produtivas máis eficientes e respectuosas co medio ambiente

Estas actuacións repercuten directamente na mellora da sustentabilidade das cooperativas a través do traballo coas súas persoas socias.

No ano 2025 iniciouse o desenvolvemento do programa, destacando as seguintes accións:

- Elaboración de **seis plans de fortalecemento e consolidación** para cooperativas participantes
- **Formación para operarios de granxa**: curso de 20 horas lectivas para persoal que manexa gando bovino, homologado pola Consellería do Medio Rural
- Formación en **Aplicador/Manipulador de produtos fitosanitarios (nivel básico)**, de 25 horas lectivas, tamén homologada pola Consellería do Medio Rural

No ámbito do asesoramento técnico ás explotacións, previsto para o ano 2026, contéplanse tres actuacións:

- Asesoramento en **descarbonización e redución da pegada hídrica**, dirixido a 150 explotacións
- Aplicación da **Guía de Boas Prácticas baseada en InLac**, en 60 explotacións
- Asesoramento en **benestar animal**, en 50 explotacións

A presentación do proxecto tivo lugar o **26 de novembro en Santiago de Compostela**.



No marco do Programa de Asistencia Técnica 2025, desenvolvido ao abeiro do Convenio Específico de Colaboración entre o MAPA (Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación) e Cooperativas Agro-alimentarias de España, leváronse a cabo diversas actuacións orientadas á asistencia **técnica e ao fomento da integración cooperativa**.

As principais accións desenvolvidas foron as seguintes:

- Elaboración de **plans de fomento da participación das mulleres** no sector agroalimentario galego
- Implantación da certificación **GLOBAL G.A.P.** en cooperativas do sector de fabricación de pensos
- Elaboración de **informes de Estado de Sostibilidade**, orientados á adaptación das cooperativas á Directiva de reporte de sostibilidade corporativa (CSRD)
- Participación no **Observatorio Socioeconómico do Cooperativismo Agrario Español**

PLAN DE FOMENTO DA PARTICIPACIÓN DAS MULLERES NO SECTOR AGROALIMENTARIO DE GALICIA

O Plan de fomento da participación das mulleres no sector cooperativo agroalimentario de Galicia xorde da **baixa presenza feminina nos órganos de decisión** das cooperativas, así como da necesidade de reforzar o seu liderado e capacidade de participación.

Aínda que nas cooperativas agroalimentarias galegas existe unha distribución equilibrada entre persoas socias —**45 % mulleres e 55 % homes**—, esta proporción non se reflicte nos órganos directivos, onde a presenza feminina descende ata o **27 %**, fronte ao 73 % de homes. Esta realidade evidencia a necesidade de impulsar actuacións que garantan a **igualdade de oportunidades, o equilibrio de xénero e a remuda xeracional**.

Neste contexto, o Plan orientouse a **incentivar, potenciar e promover a presenza das mulleres en postos de responsabilidade**, así como a súa participación activa na vida cooperativa.

Para acadar estes obxectivos desenvolvéronse distintas actuacións dirixidas á sensibilización e dinamización do colectivo feminino:

- **Catro reunións con consellos reitores** nas cooperativas Porta do Río Miño, Campodeza, Verín Biocoop e Perpetuo Socorro, co obxectivo de fomentar o intercambio de experiencias, identificar necesidades formativas e recoller inquietudes das participantes.
- Publicación de **catro artigos na revista corporativa “Cooperación Galega”** (números 172, 173, 174 e 175), centrados na actividade de mulleres de distintas cooperativas, co fin de dar visibilidade ao seu labor.





INFORMES DE ESTADO DE SOSTIBILIDADE EN COOPERATIVAS- ADAPTACIÓN DE COOPERATIVAS Á DIRECTIVA DE REPORTE DE SOSTIBILIDADE CORPORATIVA (CSRD)

A Directiva de Información Corporativa sobre Sostibilidade (CSRD) introduce un novo marco obrigatorio de reporte na UE, ampliando o alcance e o nivel de esixencia da información en sostibilidade respecto da normativa anterior.

Co apoio de AGACA, as cooperativas iniciaron a súa adaptación progresiva aos Estándares Europeos de Información sobre Sostibilidade (ESRS), incorporando o principio **da dobre materialidade (impacto das actividades da cooperativa sobre o medio e do contorno sobre a organización), a análise de riscos ESG, a aliñación estratéxica en sostibilidade e o reforzo da gobernanza.**

As cooperativas implicadas neste proceso foron as seguintes:

- CLUN, S. Coop. Galega
- Delagro, S. Coop. Galega
- Lemos, S. Coop. Galega
- Tres Fuciños, S. Coop. Galega

IMPLANTACIÓN DA CERTIFICACIÓN GLOBALG.A.P. EN COOPERATIVAS DO SECTOR DE FABRICACIÓN DE PENSOS

En 2025, AGACA implantou a certificación GLOBALG.A.P. (CMF) na cooperativa Perpetuo Socorro, S. Coop. Galega, reforzando os estándares de calidade na fabricación de alimentación animal.

OBSERVATORIO SOCIOECONÓMICO DO COOPERATIVISMO AGROALIMENTARIO ESPAÑOL (OSCAE)

O OSCAE analiza a realidade das cooperativas agroalimentarias en España, facilitando información comparada por territorios e sectores e apoiando a planificación estratéxica.

En 2025 desenvóléronse as seguintes actuacións:

- Actualización do Directorio estatal con 64 cooperativas de primeiro grao e 5 de segundo grao
- Recollida de datos estruturais, económicos e sociais (socios, emprego, facturación, participación de mulleres e mozos, servizos e iniciativas agrarias)
- Incorporación de información específica das cooperativas de segundo grao
- Inicio da dixitalización integral do Observatorio mediante unha nova plataforma

AGACA participou activamente na recompilación, carga e validación da información das cooperativas galegas, garantindo a súa calidade, coherencia e rigor estatístico.

Este traballo reforza a transparencia e a visibilidade do cooperativismo galego no conxunto estatal, consolidando o OSCAE como ferramenta de análise e planificación.

El cooperativismo agroalimentario
Macromagnitudes del Cooperativismo
Agroalimentario Español

INCORPORACIÓN DE XÓVENES EMPREENDEDORES Á ECONOMÍA SOCIAL E CONSOLIDACIÓN DAS COOPERATIVAS AGROALIMENTARIAS DE GALICIA

O proxecto articulouse arredor do **Itinerario do Emprendedor**, unha folia de ruta de atención personalizada desenvolvida por AGACA para acompañar ás persoas mozas emprendedoras en todas as fases do proxecto, garantindo un uso eficiente dos recursos e un asesoramento axeitado en cada etapa.

Os seus obxectivos principais son a **titorización na creación da cooperativa e nos primeiros anos de actividade** e o **acompañamento adaptado a perfís concretos de emprendedores**.

En 2025 asesoráronse dous grupos emprendedores, que culminaron coa constitución de cooperativas:



Gaia Gourmet, S. Coop. Galega, integrada por catro emprendedoras, orientada á comercialización de produtos gourmet artesanais galegos



Orixes Galegas, S. Coop. Galega, formada por dous emprendedores, centrada nunha carnicería artesanal especializada en Porco Celta

En ambos os casos aplicouse o Itinerario do Emprendedor, que inclúe a **validación do modelo de negocio**, o asesoramento en obrigas fiscais, laborais e administrativas, a análise das formas xurídicas e a definición da opción cooperativa como modelo máis axeitado.

Tamén se abordaron aspectos clave das cooperativas —réxime económico, organización, toma de decisións e obrigas legais— e elaboráronse os **estatutos sociais**, consensuados cos grupos promotores.

Durante 2025 desenvolvéronse, entre outras, as seguintes actuacións:

- Estudo de viabilidade dos proxectos
- Solicitud de certificación de denominación
- Redacción da acta de constitución e estatutos
- Tramitación rexistral e cualificación previa
- Solicitud de CIF provisional e definitivo e alta censal.

Ademais, atendéronse numerosas consultas de persoas emprendedoras sobre a creación de cooperativas, axudas dispoñibles e requisitos administrativos.



GRUPOS OPERATIVOS SUPRAAUTONÓMICOS

Os grupos operativos supraautonómicos nos que participa AGACA en 2025 —**BLOOD4GOODS, Climalact, Secuesvac e Laktis**— contan con financiamento da Unión Europea e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación en distintas modalidades que se especifican en cada proxecto.



BLOOD4GOODS



O Grupo Operativo BLOOD4GOODS liderado por AGACA, conta coa participación de entidades como ANICE (Asociación Nacional de Industrias da Carne de España), NOVAFRIGSA, Matadoiros Industriais Adoitar, S.A., Moreno Ruiz Hermanos S.L. e Herogra.

Este proxecto xorde co obxectivo de acelerar a transición cara a un sistema alimentario máis sostible mediante a valorización dos grandes volumes de sangue xerados diariamente nos matadoiros en todo o Estado —estimados en máis de 200 millóns de quilos anuais—, que actualmente se xestionan maioritariamente como residuos SANDACH pola falta de alternativas viables.

A proposta céntrase na aplicación de procesos hidrolíticos de baixo custo ao sangue de orixe bovina e porcina para obter produtos de alto valor engadido, máis alá da valorización enerxética. Por unha banda, prevese a **producción de bioestimulantes a partir de sangue de vacún, con potencial uso como fertilizantes en distintos tipos de cultivos**. Por outra, explórase a **obtención de ingredientes con alto contido proteico destinados tanto á elaboración de suplementos alimentarios funcionais como á súa aplicación na industria cárnica**, promovendo modelos de economía circular. Ademais, inclúese unha análise comparativa a escala de laboratorio co sangue porcino.

BLOOD4GOODS constitúe, así, unha solución sostible e economicamente viable para a xestión do sangue residual na industria cárnica, con potencial de escalabilidade e replicabilidade no conxunto do sector.

O proxecto é beneficiario dunha axuda para a preparación e execución de iniciativas de innovación de interese xeral no marco da Asociación Europea para a Innovación en materia de produtividade e sustentabilidade agrícolas (AEI-Agri),



integrada no Plan Estratéxico da PAC de España (PEPAC), cofinanciada nun 80 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e nun 20 % polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación.

Entre os avances máis salientables presentados nunha xornada en liña celebrada o 16 de outubro, destacan a finalización da fase de obtención e caracterización de hidrolizados proteicos de sangue porcino e bovino, que evidenciaron un elevado contido proteico e unha boa estabilidade da materia prima. Así mesmo, **validouse en condicións preindustriais un prototipo de bioestimulante agrícola a partir de sangue de vacún**. Paralelamente, realizáronse **ensaios a pequena escala para a obtención de ingredientes** proteicos en po a partir de sangue porcino, mediante hidrólise química en dúas etapas e diferentes técnicas de secado, orientados á súa aplicación en alimentos funcionais e produtos cárnicos enriquecidos.

Co obxectivo de difundir o proxecto, AGACA compartiu información en Cimag Gandagro (feira especializada no sector agroalimentario, en febreiro), ademais de expoñelo na xornada “O sector lácteo galego: innovación para un futuro sustentable e competitivo” que organizou Clusaga o 13 de febreiro, e publicou artigos na revista *Cooperación Galega*.



CLIMALACT



O Grupo Operativo CLIMALACT está integrado por:

- AGACA,
- a Universidade de Santiago de Compostela (USC),
- a Fundación Empresa - Universidade Galega FEUGA,
- a Asociación INTEREO,
- CAMPOASTUR Sociedade Cooperativa e
- CAPSA.

O proxecto ten como finalidade o **desenvolvemento da marca CLIMALACT**, orientada á sustentabilidade e á neutralidade climática no sector lácteo. Para iso, baséase na análise da xestión actual do sistema de produción de leite en Galicia e Asturias, considerando de maneira conxunta a granxa e a cadea de valor. Este enfoque **permitirá identificar e seleccionar as mellores prácticas** en función dos distintos modelos produtivos —**intensivo, semi-intensivo, semi-extensivo e extensivo**— e dos diferentes tipos de cadea —**curta, nacional e internacional**—.

O proxecto analiza un total de 120 explotacións (aproximadamente o 50 % galegas e o 50 % asturianas), avaliando a súa sustentabilidade desde unha perspectiva produtiva (análise custo-beneficio), ambiental (pegada de carbono e biodiversidade) e social (emprego, xénero e mocidade), entre outros indicadores.

Como resultado, desenvolveranse, por unha banda, un indicador integrado de sustentabilidade da cadea alimentaria asociado á marca CLIMALACT e, por outra, un protocolo de neutralidade climática que definirá os modelos de granxa e cadea de valor (idiotipos) para cada tipoloxía produtiva. Am-

bos instrumentos estarán vinculados a unha aplicación informática que permitirá a súa estimación e facilitará a adopción de medidas para acadar os obxectivos establecidos pola marca.

Adicionalmente, o proxecto contempla a análise de mecanismos externos que favorezan a incorporación de profesionais gandeiros á marca, incluíndo unha avaliación da Política Agraria Común (PAC) e a formulación de recomendacións para o seu deseño.

CLIMALACT enmárcase no Plan Estratéxico da Política Agraria Común (PEPAC) 2023-2027 e está financiado nun 80 % polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e nun 20 % polo Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, sendo a Dirección Xeral de Desenvolvemento Rural, Innovación e Formación Agroalimentaria a autoridade responsable da xestión destas axudas.

Entre as actuacións desenvolvidas en 2025 destaca a elaboración de material audiovisual divulgativo, dispoñible na canle de YouTube do proxecto (<https://www.youtube.com/@GOCLIMALACT>), así como a organización dun grupo focal celebrado o 14 de marzo en Vegadeo (Asturias), no que participaron profesionais da gandería para identificar e analizar fortalezas, debilidades, ameazas e oportunidades das explotacións segundo a súa tipoloxía, así como aspectos clave da cadea de valor.

En canto a difusión por parte de AGACA, destaca a presentación do proxecto na xornada “O sector lácteo galego: innovación para un futuro sustentável e competitivo” que organizou Clusaga o 13 de febreiro, ademais de noutras citas de relevancia para o sector como a Semana Verde (Silleda, en febreiro).

Destacan tamén outros dos proxectos nos que traballamos en 2025:

LAZTEO

Regreso ao futuro do sector lácteo – innovación no territorio, liderado pola Cooperativa Agraria Provincial de A Coruña SCG (Bico de Xeadó), ten como obxectivo mellorar a sustentabilidade e reducir o impacto ambiental do sector lácteo galego mediante a aplicación de prácticas agrogandeiras sostibles e tecnoloxías avanzadas de smart farming.

Desenvolvido entre 2024 e 2027, o proxecto impulsa a dixitalización e a eficiencia produtiva a través do uso de drones, sensores IoT, intelixencia artificial, agricultura rexenerativa e solucións innovadoras para a redución de emisións.

AGACA participa como entidade colaboradora, achegando apoio técnico e acompañamento no desenvolvemento e transferencia de coñecemento cara ao sector cooperativo agrogandeiro galego.

SMARTZ4MILK

Liderado por Grupo Lence e promovido por Clúster Alimentario de Galicia (Clusaga) no marco do PERTE Agroalimentario, SMARTZ4MILK – Cadea de Valor Láctea Intelixente, Trazable, Sostible e Conectada –, ten como obxectivo impulsar a transformación do sector lácteo galego mediante a dixitalización, a sustentabilidade e a mellora da trazabilidade ao longo de toda a cadea de valor.

O proxecto integra actuacións de I+D+i relacionadas coa automatización, a intelixencia artificial, a eficiencia enerxética e a economía circular, favorecendo un modelo produtivo máis competitivo e respectuoso co medio ambiente.

AGACA participa como entidade colaboradora e membro do comité consultivo, achegando o coñecemento e representación do cooperativismo agroalimentario galego, así como apoio na transferencia de coñecemento e na difusión das iniciativas do proxecto no ámbito rural.



SECUESVAC



O Grupo Operativo SECUESVAC está integrado por:

- AGACA,
- PROVACUNO,
- ASAJA,
- ASOPROVAC Castela e León,
- ASOPROVAC Castela-A Mancha,
- Cooperativas Agro-Alimentarias Principado de Asturias,
- Unión de Cooperativas Gandeiros de Madrid Sociedade Cooperativa Madrileña,
- GANADEMAD,
- Asociación de Criadores de Raza Bovina Parda De Montaña ARAPARDA.

Este proxecto ten como obxectivo **optimizar o secuestro de carbono nos solos empregados na produción de carne de vacún en España**. Para iso, seleccionáronse explotacións representativas de distintas áreas xeográficas e sistemas de manexo, ata acadar un conxunto de 29 granxas —maioritariamente de vacas nodrizas— distribuídas pola cornixa cantábrica, o oeste peninsular, as mesetas, os Pireneos e as serras centrais.

As actuacións desenvolvidas inclúen a **caracterización dos solos utilizados polo gando, tanto en sistemas de pastoreo como en superficies fertilizadas con esterco, así como a análise dos sistemas de manexo das explotacións**. Ademais, estase a elaborar un **manual de boas prácticas** que será transformado nunha **aplicación informática**, destinada a ofrecer recomendacións de manexo e a facilitar o cálculo da pegada de carbono asociada. Tanto o manual como a aplicación serán validados e difundidos mediante xornadas de portas abertas, quedando posteriormente a disposición do conxunto do sector.

No ámbito da difusión, en 2025 o grupo operativo organizou un webinar de lanzamento en febreiro. Pola súa banda, AGACA promoveu a visibilidade do proxecto en eventos de referencia como a Semana Verde de Galicia.

SECUESVAC enmárcase no Plan Estratéxico da PAC (PEPAC) 2023-2027 e está financiado polo Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (FEADER) e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación, cunha axuda total de 548 889,40 euros, cofinanciada nun 80 % por FEADER e nun 20 % polo Ministerio.

LakTis – **Innovación e transferencia de coñecemento en sustentabilidade para o sector agroganadeiro lácteo** é un proxecto de intercambio de coñecemento orientado a impulsar a descarbonización do sector lácteo en Galicia e Asturias desde unha perspectiva colaborativa e territorial, no marco do Plan Estratéxico da PAC 2023–2027, cofinanciado polo FEADER (43 %) e o Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación (57 %), cun orzamento total de 326 777,11 €.

O proxecto, de ámbito supraautonómico e cunha duración que abrangue 2025 e ata mediados de 2026, estrutúrase a través da celebración de **11 eventos que actúan como espazos de formación**, asesoramento e transferencia de coñecemento entre ganderías, industria, persoal experto e administración, co obxectivo de desenvolver ferramentas adaptadas á realidade das explotacións.



OBXECTIVOS

- Fomentar a medición e redución da pegada de carbono no sector lácteo
- Promover o diálogo multi-actor para a definición de estratexias de sustentabilidade
- Analizar ferramentas tecnolóxicas de medición de emisións e avanzar cara á súa estandarización
- Elaborar boas prácticas de descarbonización e explorar solucións innovadoras (bioeconomía circular, créditos de carbono, etc.)
- Impulsar a creación dunha rede estable de intercambio de coñecemento

RESULTADOS ESPERADOS

- Redución de entre o 5 % e o 15 % das emisións nas explotacións piloto
- Sensibilización de máis de 200 persoas do sector
- Desenvolvemento de ferramentas e materiais prácticos para a sustentabilidade das explotacións

ENTIDADES PARTICIPANTES

O consorcio está formado por:

- Medrar Innovation Office
- Cooperativas Lácteas Unidas (CLUN)
- Central Lechera Asturiana (CLAS SAT)
- AGACA
- CAPSA FOOD

Conta coa colaboración de entidades e especialistas en sustentabilidade e innovación, entre os que destacan Innogando, Solid Forest, Pentabiol, Entomo Agroindustrial, ODOS, persoal investigador da USC (BioGroup) e o profesor emérito Gregorio Salcedo.

INTERNACIONAIS



Seminario Axendas e Iniciativas Innovadoras en Economía Verde e Amarela. 26 de novembro de 2025.

ES-FACTORY. REDE E ACELERADORAS DE ECONOMÍA SOCIAL PARA IMPULSAR E CONSOLIDAR EMPRESAS EN NOVAS ACTIVIDADES EMERXENTES DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL



ES-Factory. Rede de Aceleradoras de Economía Social para impulsar e consolidar empresas en novas actividades emerxentes de Galicia e Norte de Portugal é un proxecto europeo cofinanciado polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (FEDER) da Unión Europea no marco do Programa de Cooperación Interreg VI-A España – Portugal (POCTEP) 2021-2027.

Liderado pola Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia, conta coa participación de diversas entidades académicas e do ámbito da economía social de Galicia e Portugal. A súa execución iniciouse en xuño de 2024 e prolongarase ata setembro de 2026.

- Os seus obxectivos céntranse na **detección de novas oportunidades de negocio**, a **retención e atracción de talento**, a **profesionalización do ecosistema emprendedor** e a creación dunha **rede transfronteiriza de aceleradoras**, complementada coa identificación e promoción da economía social a través do Observatorio da Economía Social de Galicia e o Norte de Portugal.

O Consorcio está integrado por :

- Secretaría Xeral de Emprego e Relacións Laborais da Xunta de Galicia
- Universidade de Santiago de Compostela – USC
- Asociación Galega de Cooperativas Agroalimentarias – AGACA
- Unión de Cooperativas Galegas – ESPAZOCOOP
- Agrupación Empresarial de Sociedades Laborais de Galicia – AESGAL
- Universidade de Trás-os-Montes e Alto Douro – UTAD
- Associação Centro Incubação Base Tecnológica do Minho In.Cubo – ACIBTM
- Associação Universidade-Empresa para o Desenvolvemento – TecMinho

Durante o ano 2025 desenvóléronse as seguintes actuacións:

COORDINACIÓN E SEGUIMENTO

AGACA participou nas reunións de coordinación, tanto presenciais como en liña, nas que se definiron actuacións e se reforzou a colaboración entre entidades da Eurorrexión.

COMUNICACIÓN E DIFUSIÓN

Levou a cabo unha intensa actividade de difusión das accións propias e das desenvolvidas polo conxunto do consorcio.

INFORME DE RETOS E OPORTUNIDADES EN ECONOMÍA VERDE

Elabórouse un informe que recompila as ideas de negocio identificadas en Galicia e no Norte de Portugal, a partir do proceso iniciado en 2024.

PROGRAMA FORMO-TALENTO (BOLSAS XERENCIAIS)

Desenvolveuse o proceso completo de xestión das bolsas: convocatoria e difusión, captación de candidaturas, selección de cooperativas e persoas beneficiarias, incorporación ás entidades e seguimento individualizado.

AXENDAS INTERSECTORIAIS EN ECONOMÍA VERDE E AMARELA

Avanzouse na elaboración destas axendas, orientadas á identificación de oportunidades e liñas estratéxicas en ambos ámbitos.

SEMINARIO “AXENDAS E INICIATIVAS INNOVADORAS EN ECONOMÍA VERDE E AMARELA”

Celebrouse o 26 de novembro de 2025 en Santiago de Compostela, no que se presentaron as Axenda Amarela, desenvolvida polo socio portugués In.Cubo, e a Axenda Verde, elaborada por AGACA.

PREPARACIÓN DE ESPAZOS DE INTERCOOPERACIÓN

Iniciouse a organización de encontros entre empresas, investimento e potencial clientela, previstos para 2026.

PARTICIPACIÓN EN EVENTOS DO CONSORCIO

AGACA participou en distintas actividades, entre as que destacan:

- Eventos de co-creación sobre implantación de ODS (organizado por Espazocoop)
- Foros de financiamento e *networking* en economía social (organizado por USC)
- Webinars informativos da aceleradora ES-Factory Xunta-Impulsa (organizado por Xunta de Galicia).
- Mesas de traballo do Observatorio da economía social (organizado por USC)
- Encontros profesionais sobre cooperación transfronteiriça (organizado por Xunta de Galicia). Encontro do Observatorio ES-Factory para a Cooperación Galicia-Portugal: Gobernanza, Igualdade e Territorio en Clave Transfronteiriça.

A información do proxecto pode consultarse nas seguintes ligazóns:

<https://agaca.coop/gl/es-factory/>

<https://es-factory.eu/>

BRIDGE4FUTURE. DIXITALIZACIÓN DAS COOPERATIVAS DE MULLERES: UNHA PONTE CARA A EUROPA

O proxecto europeo **Bridge4Future**, cofinanciado polo programa Erasmus+ (acción KA220-ADU), ten como finalidade **impulsar a dixitalización das cooperativas de mulleres e favorecer a súa proxección internacional**.

Liderado pola Dirección Provincial de Agricultura e Silvicultura de Ankara (Turquía), o proxecto céntrase en reforzar a **sostibilidade económica destas cooperativas** mediante a mellora das súas competencias en dixitalización, márketing dixital, comercio exterior e produción sostible.

O consorcio está integrado por sete entidades de cinco países:

- Dirección Provincial de Agricultura e Silvicultura de Ankara
- Cámara de Comercio de Ankara
- Universidade de Ankara (AKÇAM)
- DEULA-Nienburg GmbH (Alemaña)
- Cooperativa Agrícola KOSMOS (Grecia)
- GAL Meridaunia (Italia)
- AGACA (España)

A execución do proxecto iniciouse a finais de 2025 cunha reunión en liña na que participaron todas as entidades socias.

Máis información:

<https://linktr.ee/Bridge4Future06>



Desde o punto de vista institucional, as cooperativas contan cun **recoñecemento específico no artigo 129.2 da Constitución Española**, que avala o seu papel económico e social:

1

DEFENDEN AS RENDAS AGRARIAS, concentrando oferta e demanda e xerando maior valor engadido.

2

Actúan como **REFERENCIA DE PREZOS**, contribuíndo á regulación dos mercados. Incluso as non socias as toman como referencia para negociar as compras.

3

Impulsan o **DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO DO MEDIO RURAL**, cunha facturación superior a **1500 millóns de euros en Galicia**.

4

Son **EMPRESAS NON DESLOCALIZABLES**, que forman e asesoran á base social.

5

Favorecen a **FIXACIÓN DE POBOACIÓN**, dando servizo a máis de **25 000 profesionais** e xerando arredor de **6000 empregos directos**.

6

Garanten a **CALIDADE E SEGURIDADE ALIMENTARIA** mediante trazabilidade e control técnico.

7

Contribúen á **PROTECCIÓN AMBIENTAL**, promovendo boas prácticas e a xestión de residuos.

8

Funcionan con **MODELO DEMOCRÁTICO E NON DISCRIMINATORIO**.

9

Reparten os beneficios segundo a **ACTIVIDADE COOPERATIVIZADA**, destinando polo menos o **20 % a reservas obrigatorias** e o **5 % á formación**.

10

CONSTITÚEN UN MODELO altamente comprometido co medio rural e socialmente responsable.



Rúa Tomiño, 22, entrechán
15703, Santiago de Compostela (A CORUÑA)
T: 981 584 783.
agaca@agaca.coop

www.agaca.coop

